

# GALICIA E O GALEGO NA PRENSA DE CASTROPOL ANTERIOR A 1936

Suso Fernández Acevedo





Castropol, maio de 2013

## INTRODUCCIÓN

Despois dun protocolario saúdo ó resto da prensa, o 20 de xullo de 1905 inicia a súa andaina o *Castropol* explicando que nace para canalizar o malestar xeral que desde hai anos senten os habitantes do extremo occidental de Asturias cara á súa clase política. O 15 de agosto de 1933, o derradeiro número de *El Aldeano* abre a súa primeira páxina informando sobre as proxeccións de cine que tiveron lugar en varios lugares do concello, tras recibir un aparello cedido polas Misións Pedagóxicas. A portada complétase cun texto de Dámaso Alonso sobre Luís de Góngora e co anuncio dun concurso de gaiteros.

Política directa nun caso e actividade cultural no ouyros: velaquí os dous eixes fundamentais sobre os que xiraron case vinte e cinco anos de xornalismo no concello de Castropol, se descontamos os aproximadamente catro anos de silencio editorial que houbo entre o remate da primeira cabeceira e os inicios da segunda. Castropol era un fervedoiro naquelas primeiras décadas do século pasado e a prensa foi un instrumento decisivo para divulgar as inquedanzas de dúas fornadas de veciños ansiosos de cambios. Partían de condicións biográficas distintas, en tempos tamén distintos e con estratexias diferenciadas, pero coincidían na necesidade de mudanzas sociais e de transparencia democrática.

Os impulsores do *Castropol* foron un grupo de profesionais liberais, economicamente solventes, que se decantaron pola acción política directa para acabar coa corrupción asentada nas esferas do poder e que atoparon firme oposición ós seus propósitos no rexime de Primo de Rivera. *El Aldeano* correu da man duns mozos universitarios que, sen renunciaren á acción política, centraron os seus esforzos no eido cultural, visibilizado principalmente a través da Biblioteca Popular Circulante, iniciativa novidosa da que máis adiante nos ocuparemos.

Naqueles tempos a prensa local tiña moita vitalidade na zona. Ademais dos dous xornais xa mencionados, que serán obxecto do noso traballo, xa en 1866 Don Norberto Cascante fundara en Ribadeo *La Cuenca del Eo*, o segundo xornal en antigüidade de Galicia se exceptuamos os das cidades, só por detrás de *El Vigía* de Vilagarcía, que xurdira uns meses antes. Dous anos despois comezou a saír, tamén en Ribadeo, *El Ciudadano*, que apenas durou unhas semanas. Con eses precedentes, nas seguintes décadas foron aparecendo na comarca outras cabeceiras de vida máis ou menos efémera: *El Eo* (1879-1880), *Las Riberas del Eo* (1881-1971), *El Occidente de Asturias* (1882-1896), *Faro de Tapia* (1898-1899), *El Porvenir Asturiano* (1903-1908), *El Eco de Navia* (1906-1930), *El Agricultor* (1907-1916), *El Ribadense* (1909-?), *Bandera Católica* (1910-1917), *El Avance Asturiano* (1911-12), *Ecos de la Parroquia* (1912-?), *El Río Navia* (1913-1936), *La Semana Naviense* (1913-?), *Brisas del Eo* (1916-1919), *Juventud* (1917), *La Democracia* (1919), *La Argallada* (1917-1924), *La Comarca del Eo* (1919), *Vida Boalense* (1925-?), *El Franco* (1931-?), *Horizontes* (1932), *El Radical del Eo* (1932-?), *Atalaya* (1933-?) e algún outro que seguramente esquecemos ou descoñecemos. Algúns aínda poden consultarse integramente na actualidade; doutros consérvanse boa parte dos exemplares, aínda que non todos; mentres que a maioría das cabeceiras resultan practicamente inaccesibles por térense perdido as coleccións ou por estar custodiadas por particulares, lonxe do acceso ó público en xeral.

O idioma predominante en todos estes xornais era o castelán, pero en moitos deles publicáronse con certa regularidade textos en galego, tanto no occidente de Asturias coma na franxa nororiental de Galicia. Aí reside o obxectivo deste traballo, que ten intención recompilatoria e divulgativa, xa que pretendemos dar conta detallada da presenza do galego no *Castropol* e en *El Aldeano*, os dous xornais que se publicaron en Castropol con máis continuidade naqueles anos, e de paso, aínda que secundariamente, tamén da presenza de Galicia nos contidos dos mesmos.

As dúas cabeceiras supoñen, sen dúbida, unha boa fonte para analizar a historia local, e non só, do período de preguerra para quen queira facelo, pero nós non temos ningunha caste de vontade historicista, por moito que en ocasións sexa imposible non aludir a aspectos históricos a propósito dalgúns dos textos que atopamos. Interésannos as referencias concretas ó galego, os momentos de máis presenza, os autores que o utilizaron, os criterios dos que se valeron de xeito consciente ou inconsciente, o tipo de contidos que trataron e, en menor medida, a atención que se lle prestou a

Galicia nos dous xornais desta vila asturiana que contemplamos cada día desde a nosa terraza, gozando co pracer que nos produce a harmonía da silueta de casiñas brancas que ocupan a ribada, vixiadas desde o alto polo edificio da actual Casa da Cultura e polo campanario da igrexa, símbolos de dous xeitos ben distintos de entender a vida.

**CASTROPOL**  
**1905-1925**

## O XORNAL: DATOS XERAIS


*Castropol* é o nome dun xornal que se publicou no concello asturiano homónimo entre 1905 e 1925. Tiña periodicidade decenaria, aínda que houbo momentos nos que non saíu con esa regularidade.

Inicialmente a tirada realizábase en Lluarca, na imprenta de Ramiro P. del Río. A partir de decembro de 1906 imprímese xa en Castropol na imprenta de Etelvino Méndez, onde se elaboraron a maior parte dos números. Entre o 20 de abril de 1921 e o 20 de decembro de 1923 a tirada faise na imprenta de La Comarca, en Ribadeo, e a partir de aí volve a Castropol.

Á marxe das coleccións que poidan conservarse en papel, o xornal está accesible na *Biblioteca Virtual del Principado de Asturias*, onde se poden consultar exemplares dixitalizados que van desde o 20 de xullo de 1905 ata o 10 de xullo de 1924, data á que corresponde o número 689. Na ficha da publicación dáse como remate da mesma o 1925, polo cal debemos entender que hai algúns outros exemplares que non se conservan.

A andaina do xornal iníciase o 20 de xullo de 1905, data á que corresponde o número 1, que inclúe un saúdo ó resto da prensa e ofrece unha exposición dos motivos polos que nace. A colección dixitalizada, pola contra, comeza cun número datado uns meses antes, en concreto o 10 de xaneiro de 1905, pero trátase dun erro na impresión do número 18, que en realidade corresponde a ese día do 1906. O erro repítese no número 19, correspondente ó 20 de xaneiro de 1906, no que tamén figura o ano anterior.

Os exemplares dixitalizados na *Biblioteca Virtual do Principado* pertencían a Pedro Penzol, segundo se pode ver no enderezo das cabeceiras. Na *Hemeroteca de Xixón* tamén se pode acceder a bastantes exemplares, pero a colección, que era da familia Álvarez Cascos, só chega ata o 1915.



Enderezo de Pedro Penzol nun exemplar do xornal

Ata o seu falecemento, o director foi **Claudio Fernández Luanco** (1838—1916),

que exercera como médico en Avilés e que despois se retirou ó seu Castropol natal ata o seu falecemento, ós 78 anos. O *Castropol* informa da súa morte o 10 outubro 1916 e, inmediatamente, o seu nome sae da cabeceira. No resto dos anos da publicación non se fai constar quen é o director, aínda que se sabe que ese labor o exercía **Etelvino Méndez**, músico e xornalista nacido en Lluarca en 1875, que desde o 10 de novembro de 1907 ata o falecemento de Claudio Luanco figuraba na cabeceira do xornal como administrador, substituindo a D. Perfecto Álvarez. Na fundación do xornal participaron dez persoas, segundo se informa no número 2:

A excepción de uno de ellos, que en otro tiempo tomó parte activa en contiendas electorales, pero que en absoluto vive apartado de las mismas desde hace bastantes años, los demás fundadores de CASTROPOL jamás se han mezclado en luchas de los partidos; retraimiento del que no hubieran salido si a ello no les impulsase, como deber de conciencia, el desamparo en que este pueblo y su concejo se hallan y las injerencias extrañas que todos vemos con pena.

Para que diez hijos de este pueblo, o vecinos de él, propietarios y con significación en el mismo se hubiesen aunado y creído en el caso de tomar la iniciativa...

No número 180, de maio de 1910, vólvese sobre as orixes do xornal e explícanse as intencións que provocaran a súa aparición:

Hace unos años emprendimos unos hombres, de buena voluntad, la tarea ardua y costosa de arrancar esta comarca de las garras del caciquismo feroz y sin entrañas.

Fundamos un periódico, arriesgamos nuestro dinero, pusimos a contribución nuestra inteligencia y bien pronto el éxito coronó nuestras aspiraciones y nuestras esperanzas.

Lo mejor del país vino con nosotros; abogados, médicos, propietarios y militares; toda la mentalidad del Occidente de Asturias, todos los hombres de corazón, todos los que pensaban con la cabeza, todos los que no discurrían con la tripa como los habitantes soeces de la pocilga inmunda, nos siguieron.

Certamente, a pesar de que inicialmente o xornal se presenta desvinculado de calquera opción política, posicionouse desde os comezos clara e contundentemente do lado do Partido Independente, que se organizara na zona en torno á figura de Vicente Lorient. En 1913 intégrase no Partido Reformista de Melquíades Álvarez, político que por veces no xornal merece tratamento pouco menos que de heroe: os seus discursos son amplamente comentados e aplaudidos, cando non reproducidos integramente, e a súa visita á zona é motivo da publicación dun número extraordinario. Moitas veces referíanse ós reformistas como *partido novo* ou, simplemente *os novos*, fronte ós *vellos*, relacionados coa Restauración. As rivalidades entre *vellos* e *novos* tiveron ampla presenza no xornal durante anos, tanto nos artigos dos seus responsables coma nos textos dos seus colaboradores máis habituais, e foron o tema máis destacado nos poemas que o xornal publicou en galego.

A extensión do xornal foi bastante irregular. A maior parte dos exemplares constan de oito páxinas, pero houbo algún número de dez, de doce, e períodos amplos nos que só tivo catro páxinas, como sucede a partir de maio de 1918 (nº 472). Neste momento o semanario experimenta un cambio de aspecto significativo, xa que esta redución de páxinas coincide cun cambio definitivo da cabeceira, coa redución do tamaño da letra na maior parte dos artigos, coa desaparición de seccións e da maior parte da publicidade, etc. Parece como se o decenario entrase nun período de crise que coincide coa aparición en Uviéu de *Alma Astur*, onde empezan a publicar algúns dos seus colaboradores habituais. *Alma Astur* era unha nova publicación fundada por José Díaz Fernández, un mozo de Castropol que se trasladara á capital para estudar dereito e que xa manifestara na adolescencia a súa vocación xornalística, colaborando en varias publicacións da zona. Todos estes cambios de extensión leváronse a cabo sen aviso nin explicación, salvo o número 638, que inclúe un entusiasta aviso de regreso ás oito páxinas a partir do número seguinte, grazas á colaboración de prestixiosos escritores. En realidade, non se tratou de colaboracións exclusivas, senón que reproducían textos de autores consagrados (Rubén Darío, os irmáns Machado, Góngora, José Martí, Juan Ramón Jiménez, Verlaine, Lope de Vega, Rosalía, Ortega, Unamuno, etc.) ou colaboracións en prensa publicadas previamente noutros medios. En xeral, os últimos anos do xornal son os máis irregulares en canto á súa extensión e, aínda que como norma mantén as oito páxinas, atopamos exemplares intercalados con só catro.

A cabeceira do xornal cambiou ó longo da súa historia e tivo tres formatos distintos. A dos tres primeiros números constaba só de texto, con distintos tamaños e tipos de letra, pero a partir do número 4 o texto intégrase nunha composición que tamén inclúe imaxes. Ademais doutros datos, indícase o nome do Director e do Administrador e tamén figuran os trece concellos asturianos da súa área de influencia. Nos números 270, 271 e 272 úsase unha terceira cabeceira na que se manteñen imaxes con motivos mariños, coma na anterior, pero suprímese a silueta neboenta da vila, as imaxes da ría e os nomes dos concellos da zona. No número 273 indícase que o cambio se debeu a unhas averías e vólvese á anterior, pero no 472 retómase a utilizada neses tres números e mantense ata o remate da publicación.



AÑO VIII.

Castropol, 30 de Septiembre de 1912.

NUM. 270



FRANQUEO  
CONCERTADO

PERIODICO DECENAL

FRANQUEO  
CONCERTADO

DEFENSOR DE LOS INTERESES MORALES Y MATERIALES DEL PARTIDO JUDICIAL

DIRECTOR: D. CLAUDIO LUANCO

\*\*\*

ADMINISTRADOR: D. ETELVINO MENDEZ

Los pagos adelantados.—Redacción y Administración en Castropol.—La correspondencia al Director.

<b>SUSCRIPCIÓN</b>	<b>SE PUBLICA LOS DÍAS</b>	<b>Anuncios á precios convencionales</b>
España un trimestre. . . . . ptas. 1'25	10, 20 y 30	No se devuelven
Extranjero » . . . . . » 2'50	DE CADA MES	originales aun cuando no se publiquen

Terceira cabeceira do *Castropol*

O xornal presentábase como defensor dos intereses do partido xudicial, pero tamén no contido podemos observar unha evolución clara: inicialmente a política local era o cerne da publicación, pero nos seus últimos anos abundan os artigos relacionados coa política nacional e internacional.

Con motivo de acontecementos políticos relevantes para o concello, publicáronse algúns números extraordinarios, sobre todo nos primeiros anos. Tamén se comentou moito un extraordinario de máis de sesenta páxinas que os responsables do xornal editaron co gallo da inauguración do monumento que se lle dedicou á memoria de D. Fernando Villamil y Cueto, militar de Castropol falecido en Santiago de Cuba o 3 de xullo de 1898.

Castropol 13 de Noviembre de 1911

# CASTROPOL

EXTRAORDINARIO

Absoluta derrota del pidalismo  
en Castropol, Tapia y El Franco

Número extraordinario do *Castropol*

Os contidos literarios mantivéronse durante toda a vida do xornal, pero obsérvanse variacións importantes: houbo períodos de abundante poesía pertencente a autores da zona, en galego ou castelán, e outros nos que foi máis frecuente que se reproducisen textos de autores alleos á comarca.

Ademais de distribuírse pola contorna, enviábaselle a algúns emigrantes. O prezo mantívose durante toda a súa existencia: 1,25 pesetas por trimetre e 2,50 se había que enviálo ó estranxeiro.

Como indicabamos máis arriba, o número 689, correspondente ó 10 de xullo de 1924, é o último que se conserva na *Biblioteca Virtual do Principado*, pero parece que 1925 foi o ano no que definitivamente deixou de existir o xornal.

Como motivos, sinálanse causas económicas ou as presións exercidas pola Ditadura de Primo de Rivera. É moi probable que influísen os dous factores. Descoñecemos os detalles económicos da publicación, pero nos números dos últimos tempos obsérvase un descenso importante da publicidade, coa conseguinte merma de ingresos.

A partir de xaneiro de 1923, como se indica no número 639, o xornal xa iniciara conscientemente unha nova etapa. En xeral, a liña editorial cambia e, sen deixar de lado a belixerancia política se fose necesaria, optan por un ton máis cordial e sosegado, dándolle preferencia a contidos de carácter técnico relacionados cos labores agrícolas.

Es cierto que hoy no hay enemigos, o al menos en el momento actual no se dejan ver; por ésto no ha de cultivar *Castropol* la viveza retórica que algún día fué necesaria; no ha de fomentar odios, sino laborar por la concordia, que más fruto dan suaves palabras que razones ásperas; echaremos un velo sobre lo que fué, mientras la conducta de los que tuvimos por adversarios no nos obliguen a poner el arco en tensión y requerir la flecha, y si alguno desde otro campo llega con el ramo de oliva al nuestro, nuestra diestra no andará remisa para estrechar la suya, nuestra frente no se fruncirá al recuerdo de los viejos odios civiles ni en nuestros labios palpitará un reproche; en nuestra comunidad será admitido sin reservas, si peleó como enemigo leal; y si sus actos fueron tan personales, irracionales y violentos que no sea posible admitirlo como camarada, tenga la seguridad que lo acompañaremos hasta el límite de nuestro campo y allí lo despediremos sin ejercitar venganzas.

Brindamos, pues, la paz dispuestos a la guerra. Y mientras la guerra no estalla o la paz se afianza, *Castropol* y el partido de que es y ha de ser vocero cuelga sus armas y requiere los útiles del labriego; mano a la manquera se ocupará de lo que atañe a cuestiones agrícolas, a fomentar y tratar lo que conviene al progreso material y espiritual del país, dedicará especial atención al cultivo de sus campos, al fomento de la ganadería, del arbolado de sus montes y de la pesca de sus rios y sus costas...

Creemos que isto coincide coa evolución que se deu tamén en Galicia nos movementos agraristas, que baixaron moito o ritmo nas súas reivindicacións antiforais e anticaciquís e centraron as súas actividades na mellora da maquinaria agrícola, na adecuación dos abonos, etc. Con todo, como máis adiante indicaremos, non parece que o xornal lle prestase moita atención ós aconteceres políticos de Galicia.

En canto á posible incidencia da Ditadura de Primo de Rivera, está claro que os responsables do xornal coincidían co Directorio Militar nas eivas que tiña o sistema, a vella política, pero non compartían a solución, como se pode entreler no número 664, do 20 de setembro de 1923, que foi o primeiro que se publicou desde o levantamento. A cautela inicial, que aínda se pode apreciar durante os primeiros meses, vai desaparecendo e no número 672, do 20 de decembro, reproducése en portada un artigo de Ortega y Gasset no que se fala dunha situación inquietante. Polo lugar que ocupa e pola nota previa que insire a redacción, ben pode interpretarse como liña editorial do xornal:

Alfa y Omega de la faena que se ha impuesto el Directorio militar es acabar con la vieja política. El propósito es tan excelente, que no cabe ponerle reparos. Hay que acabar con la vieja política.

Sin embargo, yo he de confesar que desde el primer manifiesto lanzado por el general Primo de Rivera mi simpatía y mi íntima adhesión a su obra arrastran una gran inquietud. Cada nuevo decreto, cada nueva nota oficiosa, vienen a engrosar este inicial desasosiego.

[...] Se comprende muy bien que, aprovechando un momento de descuido, un grupo de audaces se aproveche y se haga con el gobierno de la nación y la gobierne a capricho, violentamente, sin congruencia con las ideas y sentimientos de la sociedad. Pero, ni que decir tiene, este fenómeno histórico sólo es posible con carácter muy transitorio. El pueblo sano, sorprendido un instante, se recobra y no acierta a tolerar que se inveteren en el Poder unos gobernantes cuya índole y manera están en desacuerdo con el sentimiento y carácter nacionales.

Non sabemos se publicar isto sería posible tan só un mes despois, cando no exemplar correspondente se indica xa que o número foi visado pola censura militar. Iso foi algo que se mantivo ata a súa desaparición, e non cremos que fose moi bo para a saúde dun xornal afeito a entrar en leas políticas sen moitos miramentos. No número 679, do 29 de febreiro de 1924, atopamos unha boa mostra dos novos condicionamentos políticos ós que se ven sometidos. O comezo dun artigo di:

Respetamos las disposiciones emanadas de la autoridad y sabemos guardar el silencio que imponen o aconsejan las circunstancias. Por lo tanto, nada dijimos ni diremos hoy acerca de la disolución de la Diputación Provincial...

O xornal está xa nunha etapa con menos vivacidade cá que o caracterizou noutros tempos. Se antes na portada se incluían sistematicamente ardentes artigos de política local ou nacional, agora a política, se aparece, ten carácter internacional grazas ós artigos que desde Inglaterra envía **Pedro Penzol**, profesor na Universidade de Leeds, pero tamén son frecuentes contidos case anecdóticos, como a polémica xerada polo desprendemento dunha póla nun parque ou asuntos similares. En ausencia de liberdade, o xornal está tocado de morte e a orde gubernativa que parece ser que houbo decretando o seu peche non foi máis ca o remate oficial a algo que xa esmorecía sen remedio.

## **SOBRE GALICIA E A LINGUA GALEGA: ESTRAÑA CALMA.**

A pesar da proximidade xeográfica, Galicia non ten moita presenza no *Castropol*. É certo que se informa brevemente dalgúns feitos, mesmo de movementos de viaxeiros, nacementos, matrimonios ou defuncións, e que desde o 30 de abril de 1908 (nº 101) **A. Leandro Rodrigo** asume o papel de correspondente:

No hay escapatoria. La atenta invitación que me ha dirigido el ilustrado y entusiasta director del CASTROPOL tiene para mi toda la fuerza obligatoria de imperativo mandato, y no correspondería debidamente a las corteses indicaciones de aquel distinguido amigo, si no escribiese estas humildes crónicas decenales, que inaguro con la presente y que me propongo proseguir en números sucesivos...

Así foi; durante algún tempo oficiou de cronista e cumpriu puntualmente co labor de informar do que en Ribadeo sucedía, pero máis alá diso as referencias a Galicia son moi escasas. Se cadra cómpre salientar, como anticipo á descrición do uso do idioma, que o correspondente de Ribadeo sempre escribía integramente en castelán, mentres que o de Tapia daquela intercalaba pequenos fragmentos en galego en case todos os números, como máis adiante veremos.

O correspondente de Ribadeo careceu de continuidade e axiña deixou de apreecer regularmente no xornal. Tampouco hai que esquecer que Ribadeo contaba con medios propios, en ocasións con máis de un simultaneamente.

A relación do *Castropol* con eses medios non sempre era precisamente cordial. Destacan as polémicas con *Las Riberas del Eo*, ideoloxicamente pouco afin. As diverxencias políticas que están detrás das frecuentes leas ás que hai alusións acaban en ocasións con enfrontamentos persoais non exentos de violencia. Sirva como exemplo este artigo, do 10 de xuño de 1914 (nº 331), que reproducimos íntegro:

La primera, en la frente

A consecuencia de un procaz, estúpido y canallesco escrito que apareció en *Las Riberas del Eo*, el día 30 del pasado mes de Mayo, en el que se pretendía insultar a todos los hombres y a todas las mujeres de Castropol, se personaron en la redacción del citado periódico el lunes, 1º del corriente, a las diez de la mañana, comisionados por el vecindario de este pueblo, los señores D. Ramón Prieto, propietario y Alcalde de Castropol, D. Jaime García, capitán del cuerpo de inválidos y D. José M<sup>a</sup> Pardo, propietario, para averiguar, por los medios que fuesen necesarios, el nombre del autor del citado escrito, llevando también la consigna de no volver a este pueblo sin que el Director de *Las Riberas* declarase lo que se pretendía.

No fueron necesarios grandes esfuerzos para conseguirlo; el Sr. Páez, Director del citado semanario, declaró al primer requerimiento, hecho con voz un tanto enérgica, que el autor que se buscaba era Manuel Díez, empleado en la Hidro Electra del Eo.

Como no se pretendía más por entonces, los tres comisionados trataron de retirarse; pero antes de efectuarlo, como alcanzaron que el Sr. Páez le alcanzaba también su parte de responsabilidad por la admisión del escrito, uno de ellos, a modo de despedida, le cruzó la cara con un látigo, y como el Director de *Las Riberas* pareció quedarse satisfecho con un solo "linternazo", el caballero del látigo se retiró definitivamente, después de ofrecerle para lo sucesivo sus servicios.

En cuanto al autor del escrito, creemos que serán tres o cuatro docenas de vergajazos los que se le dedicarán. Es decir, tantos no, porque de las cuatro docenas hay que descontar el que tuvo el capricho de llevarse Páez y que no hubo medio de negarle.

No protestamos, ni mucho menos, del artículo de *Las Riberas*, porque aunque se empeñen Páez y el de la "Hidro Electra" no consiguen ofender. Si acaso molestarse ellos en rascarse las equinosis de primer grado causadas con el vergajo castropolense.

É unha pena que non puidésemos localizar o número correspondente de *Las Riberas* para poder ler o motivo de tamaña ofensa. Pero, a pesar do que se podería presupoñer da lectura deste artigo, non se documenta inimidade entre a xente dunha e outra beira da ría. Tratábase dun enfrontamento persoal que se magnificaba aproveitando os medios que cada un controlaba.

A relación era mellor con outros medios, como por exemplo con *El Ribadense*. De feito, tan só un mes despois (nº 335) reproducense as bases dun certame literario que previamente se publicaran no xornal ribadense co gallo de “La fiesta del Eo”, certame ó que podía presentarse calquera persoa que habitase en calquera dos “pueblos ribereños del Eo” de maneira permanente ou temporal. O tema dos textos tiña que ser calquera asunto común a Galicia e Asturias. Non se indica nada sobre o idioma que ha de utilizarse, pero debeuse sobreentender que tiña que ser o castelán porque os poemas premiados estaban nese idioma. O vencedor, ademais de recibir un diploma, gañaba o dereito a nomear a raíña das festas do Carme, e foi o ribadense Amando Pérez Martínez co poema “Ecos de amor”, que era un canto á paz da zona astur galaica confrontado cos ventos de guerra que sopraban na Europa da época.

Máis alá de noticias que de vez en cando aparecen relacionadas con Ribadeo ou algunha outra vila cercana, non se ven reflectidos no xornal os grandes feitos relacionados coa cultura galega ós que se soe aludir ó analizar este período. Non atopamos alusións ás Irmandades da Fala, ó incipiente labor da Academia, ó do Seminario de Estudos Galegos, ó Grupo Nós nin ó Partido Galeguista. Certo é que as actividades destes colectivos na comarca foron moi escasas, fronte ó que sucedeu noutros lugares. Hai máis información sobre o que sucede en cidades coma A Habana ou Bos Aires ca sobre o que acontece nas principais cidades galegas.

Conceptos como autonomismo, nacionalismo ou independentismo aparecen moi de vez en cando nalgúns artigos, pero aínda que por veces se alude de pasada a Galicia, sempre se centran no caso catalán e case sempre para críticoalo. Algunhas veces dise que ese sentir tamén se nota en menor medida no País Vasco ou en Galicia, sen afondar máis no tema. A única excepción, na que Galicia é protagonista, é un artigo asinado por **Isaac Pacheco**, un colaborador habitual nos anos vinte, que se publicou o 30 de novembro de 1920 (nº 563) co título “Aspectos del regionalismo gallego”. Os argumentos para descualificar os movementos “rexionalistas” son tópicos adobiados cunha anécdota pouco crible que se refire ó idioma:

No hace muchos días que en Santiago, la ciudad de las campanas y de los manteos, — ciudad que al poseer su célebre Universidad parece que debería cumplir la profecía de Víctor Hugo: “Esto destruirá a aquello” — se presenció en un teatro un caso de típico regionalismo. Actuaba una pareja de baile, bastante mediana. Aquellos pobres artistas merecían todas las noches la burla pública. Pero uno de los bailarines, conociendo sin duda la psicología de la muchedumbre, dijo una frase en gallego. Entonces, una ovación delirante se oyó en la sala.

[...] En cambio, estos regionalistas consienten que no haya escuelas, que no se establezcan comunicaciones terrestres; que esté, en fin, toda la región entregada al caciquismo de sotana y al político. Todo esto se permite a cambio de hablar gallego y odiar el centralismo.

Máis moderado é **Miguel Díaz**, que en decembro de 1918 envía desde A Veiga un artigo no que condena o separatismo e, sen rexeitar o autonomismo, di que previamente hai que educar a xente para iso. O mesmo autor volve sobre o tema no mesmo mes con outro artigo menos cauto, titulado “La autonomía y el idioma nacional”, no que se centra nas repercusións que o autonomismo tería para o castelán, sobre todo no eido educativo, con argumentos inconsistentes que aínda hoxe se oen con frecuencia:

Los autonomistas de las distintas regiones van por mal camino. Ciñéndome a la cuestión docente, todos, después de hacer alarde de españolismo, pretenden desligar aquella del poder central, haciendo que el idioma enseñado en las escuelas sea el regional. Abandonada tiene la docencia el Estado; pero el idioma no puede ser otro que el castellano. Los mismos

que proclaman la universalidad del idioma ¿quieren, por un desmedido amor a la tierra, que dentro de una misma nación sean varios los oficiales?

No podemos olvidar que castellana fué la lengua de Cervantes, que el castellano abrió nuevos cauces a la civilización allende los mares, que en castellano están monumentos literarios de inapreciable valor y, en una palabra, que a todo español es necesario el castellano en todas sus relaciones por ser el más extendido, pues catalán se habla sólo en Cataluña y gallego en Galicia, empleándolo más bien en sus juergas familiares.

No quiero con esto decir que deban aniquilarse los idiomas regionales (dialectos). Conveniente es que todo hombre pueda saborear las exquisiteces del lenguaje de sus antepasados, que pueda conocer sus leyendas y sus mitos; pero siempre como cosa secundaria y complemento de la instrucción. Amo a mi Asturias como el que más; no puedo olvidar que es el solar de mis abuelos. Pero no voy a ser tan ciego que crea que pueda vivir aislada. Digo aislada, porque siendo el idioma uno de los vínculos sociales que más unen a los pueblos facilitando sus relaciones, sería una locura relegar a segundo término el castellano.

La idea de resucitar los idiomas regionales, abandonando el común, implica por sí sola separatismo. Si el castellano se ha de enseñar en las escuelas como idioma extraño, pronto no conoceríamos castellano, disminuirían las relaciones entre las regiones y nos miraríamos unos a otros, no como españoles, sino como extranjeros.

Además, la masa del pueblo que no dispone de medios para aprender otro idioma que el materno y de la escuela, maldecirá mil veces a los iniciadores de tal autonomía, porque, al marchar buscando el pan que en su región no encuentra, se hallará con lo que más atribula a un individuo: no entender ni ser entendido.

[...]

El argumento empleado por los que se dicen enterados en pedagogía para justificar la enseñanza del idioma regional, es que el maestro debe descender al nivel del niño para ser comprendido. Conformes; pero tiempo nos quedará para hablar sobre ello.

Aínda que non é a postura predominante, tamén hai quen condena o centralismo español. Iso é o que fai **Adelina Méndez de la Torre** nun artigo publicado o 20 de outubro de 1907 (nº 82) no que alude a “regiones y naciones” dentro de España e centra boa parte da súa argumentación nos idiomas, sen referirse a ningún en concreto. O artigo vai precedido dunha cita de Melquíades Álvarez: “Las regiones no tienen más que los dialectos que todos amamos”. Velaquí o texto desta mestra bilbaína:

En cuanto confesemos que el dialecto es el espíritu de la región, espíritu que brota de su cielo, de su tierra, de su topografía, de su historia, de toda ella, habemos probado que la frase del perfecto ministerial y dinástico Sr. Álvarez, es la confirmación de la justicia con que todas las regiones añoran lo suyo y del empeño que ponen en recuperarlo.

“Las regiones no tienen más que los dialectos...” ¿Cierto! Las regiones sólo tienen hoy aquello que no les han podido quitar: el signo propio, exclusivo de su espíritu, con lo que demuestran que subsisten, que persisten, que son.

¡Las regiones son! Y con su lengua, como lo fueron antes.

Esa lengua se ha formado con su vida, con su carácter, poco a poco; esa lengua es la región misma, compelta, acabada; esa lengua es una entidad, es un Pueblo; ella esculpe el espíritu individual de los hijos de aquellos que le dieron vida y ella la nutre.

“Que la lengua castellana sea nuestra lengua oficial porque la hablamos todos, porque sólo con ella hablamos claro y completo, porque además del signo para la idea tiene el matiz para el sentimiento y este queda sin exteriorizarse en cualquiera otra que empleemos; porque nuestros poetas la han pulido, nuestras madres la han usado y nuestra historia está en ella...” se oyó un día en el Congreso con entonación de lamento.

No hay razones para destruir las anteriores, y si no las hay la petición se impondrá y tarde o temprano será un hecho.

La lengua castellana, como lengua única, es tan nacional como nuestro sistema representativo en el Parlamento.

La lengua castellana es la lengua de la región que tuvo la desgracia de soportar el centralismo, los mangoneadores de todos los tiempos a quienes no se les ocurrió otra cosa que mandar que todos hablasen lo mismo.

Y si no ha ocurrido, si regiones con vida propia e intensa usaron otra, esculpiendo en ella su vida íntima y social ¿que extraño es que la pidan, que la quieran para todo lo suyo, para amar, para llorar, para rezar, para disponer de su hacienda como para disponer de su alma, para hablar a su amada como para arengar a su pueblo?

España nació cuando bajo ese nombre los Reyes Católicos incorporaron regiones y naciones a la Corona de Castilla.

¡Viva España! gritaron después para dejar a las regiones sin intervención en la vida de la patria que con ellas se acababa de formar, y que sólo con ellas puede vivir; para dictar un Código civil que no es español y abrir Cortes con una claue para cada jefe de Gobierno.

Las regiones, todas juntas, subsistiendo como tales, sin perder nada de lo que las diferencia, son España.

Lo que hace más grande y más típica a esta nación es la existencia de españoles catalanes, de españoles asturianos, de españoles aragoneses, de españoles bascos...

¿No la hemos visto languidecer y perder importancia a medida que el carácter de estos distintos españoles se iba desvaneciendo?

Por obra desdichada, España es hoy el territorio de las regiones; pero en lo espiritual no está formada por ellas. No tienen alma de quienes la integran. Se ha sumado el terreno y se ha prescindido del espíritu.

Y éste es el que se levanta para decir:

“España somos nosotros. El alma española no es solamente el alma castellana, que palpita en la bellísima lengua nacional; el alma española está sin formar, y nosotros que somos España, la verdadera España, vamos a darle vida. ¡Viva España!”.

Esto ahogará los gritos patrioteros. No puede gritar ¡Viva España! quien la desconoce, quien la mata, quien la retiene en el letargo, quien la explota.

El ¡Viva España! fecundo lo entonan con perfecto derecho los solidarios y los diputados bascos en el Congreso, los productores y los maestros en sus últimas asambleas. Ellos son España que quiere vivir. El resto duerme.

Las regiones autónomas, con sus límites naturales, con historia propia, con lengua propia, con legislación propia, con personalidades bien marcada, no matan a España.

¡Ellas le dieron vida! Ellas le darán alma!

Las regiones no tienen más que los dialectos... es decir, lo tienen todo: ¡Vivan las regiones! ¡Viva España!

O tema reaparece en decembro de 1922, en dous artigos asinados por **José Rodríguez Fernández**, cura nacido nas Figueiras, que exerceu en Castropol e na Veiga, e foi activo colaborador durante décadas nos xornais da zona. Nos seus artigos maniféstase en contra do autonomismo botando man unha vez máis de tópicos centralistas de carácter xeral, sen alusións concretas ó idioma. O contido das súas colaboracións céntrase sobre todo en Cataluña, aínda que hai referencias a Galicia e País Vasco, onde tamén detecta un preocupante nacionalismo. Noutras zonas do estado dáse, pola contra, un aceptable regionalismo, segundo a súa percepción. Aínda que anos despois este autor aplaudeu algunhas obras publicadas en galego, non sorprenden as súas palabras, coñecendo a ideoloxía que manifesta o mesmo autor noutros medios da época nos que agora non repararemos para non desviarnos dos nosos propósitos.

Unha liña distinta é a dun interesantísimo artigo de **Eva Canel**, escritora e xornalista de Boal, que se publicou primeiramente na revista *Asturias* da Habana e que reproduce o *Castropol* do 10 de

novembro de 1916 (nº 418). Nel, a autora adscribe ó galego as falas do occidente de Asturias e establece a súa relación coa lusofonía. Faino botando man dunha afirmación previa de Alejandro Pidal y Mon e dunha anécdota propia:

Asturias acaba en el Nalón

Esto dijo un gran hombre que se llamó Alejandro Pidal y Mon, pero los grandes hombres también dicen tonterías; pobres de nosotros si sólo los tontos las dijeren.

Lo que hay es que las tonterías dichas por los grandes hombres, sientan jurisprudencia y para aquéllos que toman la letra de imprenta o las frases felices redondas como si no tuviesen réplica, esas palabras constituyen la suprema verdad equivalente a la Suprema Sabiduría.

Pidal dijo: “Asturias acaba en el Nalón” no porque nos despreciase a los del extremo occidental; lo dijo por el dialecto que a partir del Nalón comienza a agallegarse y en el Navia acentúa la transición a grado tal, que más parece ya gallego timorato que asturiano resuelto.

Entrando un poco más hacía Galicia queda estancado este dialecto: los concejos de Coaña y el Franco mantienen la uniformidad prosódica, Salvo excepciones insignificantes; entonces desde el Navia al Porcia apenas diferencias se perciben hablando.

Desde el Porcia al Eo ya el galleguismo en el lenguaje, y un poco en el carácter del aldeano, hace olvidar completamente el acento y la pronunciación y las características de las regiones más cercanas a la ciudad Vetusta, vulgo “Uvieo”. Para nosotros, los nacidos en las regiones de la transición vale decir en los concejos de Coaña, el Franco y Boal, los de Tapia, Castropol y Vega de Eo hablan gallego ya: para los de Ribadeo que está en la orilla opuesta y es terreno galaico, aquellos que nosotros conceptuamos gallegos por el habla son como quien dijera “vaqueiros” por su hablar asturiano: no pasa de ser esto una aprensión fonética. Los que no están obsesionados por la geografía política, encuentran poca diferencia entre el dialecto de la Vega de Eo y el gallego.

Mi antigua dama de compañía, mi siempre querida Emilia Cancio, es de Piantón, pegadito a la Vega, pues al entrar en el Brasil se “arrancó” desde el primer momento a conversar como si en Piantón estuviese; con todo el mundo se entendía. En el registro de la Aduana ya se enojó, en dialecto nativo, porque revolvían mucho los baúles; y el empleado lleno de cortesía pero impasible en el registro le dijo:

— “A señora xa é velha no Brasil”.

— Eu non son velha en ningúa parte.

— Eu non lhe digo...

— Entendo, entendo: Pois non tiven nunca no Brasil.

— ¿Enton? A señora fala como nos.

— Misterios da encarnación, —replicó muy resuelta, cosa que hizo regocijar a los empleados, agrupándose algunos para oírla.

Claro está que la gracia provenía de una señora todavía joven y muy bonita, dicho sea de paso, “imitase” el portugués hasta hacerse entender perfectamente no siendo portuguesa. Uno me preguntó de donde era aquella señora y le contesté que gallega. Los brasileños suelen llamar gallegos a los portugueses, y el empleado se quedó perplejo, pero Emilia que me oyó, contestó muy resuelta: ¡asturiana, señora!

¡Si la hubiese oído Pidal entendiéndose con los brasileños por hablar un dialecto de Asturias, aportuguesado, se tira de las apostólicas barbas, repitiendo: “Galicia empieza en el Nalón!”

Hay ciertas cosas de explicación muy fácil. Uno de Castropol se pasa a la otra orilla y ya está en Ribadeo. Ribadeo es Galicia: pues todo el mundo lo conoce: uno de Castropol cruza de un punto a otro su provincia, no lo conoce nadie y llega a Llanes, que es Asturias, en Llanes ya no es forastero, es extranjero o poco menos; luego la vecindad es mucho y el habla mucho más.

A este respecto me ocurrió un incidente aquí en la Habana. Siempre me hacían burla con esa tonadilla algunos amigos, entre ellos el inolvidable Casimiro Heres, pero cierto día llegó

“La Ilustración Artística” de Barcelona con un retrato de que habían mandado Otero y Colominas a espaldas mías. Como las notas biográficas que acompañaban al retrato eran no reales, pero sí pintorescas, a vuelta de las frases cariñosas que “La Ilustración Artística” dedicaba a su antigua colaboradora y corresponsal, decía que ésta era gallega como Emilia Pardo, Rosalía Castro y Concepción Arenal.

Yo me quedé tan fresca y muy contenta por la compañía; pero ¡ay, que se incomodan mis amigos con el lapsus y me dicen imperativamente: —¡proteste usted!— ¿Yo? No señor; protesten ustedes: ¿No dicen ustedes que nosotros los del partido de Castropol somos gallegos? Y repito que me quedé tan fresca.

[...]

En contra do que poida parecer lendo estes artigos, non podemos dicir que a cuestión lingüística provoque debate no xornal e ningunha destas colaboracións sobre o proceso autonomista e sobre os idiomas dá lugar a réplica. Nin tan sequera o último, que toca o delicado tema da fronteira lingüística e a identidade territorial. Cada artigo publícase por separado, en momentos distintos, sen alusións ós anteriores.

Tampouco provocan polémica un par de artigos nos que Galicia non sae ben parada nun asunto aparentemente comercial, aínda que é indiscutible que hai que facer unha interpretación distinta, como logo indicarei. No primeiro, do 10 de abril de 1909 (nº 136), o autor alude a unha gran variedade de queixos que un comerciante vai vendendo, menos o galego, que ninguén quere:

He vendido casi todos mis quesos.

Todos menos uno:

El gallego.

El primero que he vendido es de pata de mulo.

Ha tenido una aceptación estupenda.

Lo he vendido como pan bendito.

También el de Burgos ha tenido su aceptación.

Y también el manchego.

Y el Camembert.

Y el Roquefort.

Y el de nata.

Y el de Flandes.

Y el de San Simón, que me lo llevó un adolescente, porque le parecía gustoso y recreativo a la vez.

Al Gruyere le hicieron ascos.

El de Cabañales me lo llevaron en pequeñísimas dosis, y lo siento, porque tenía gana de deshacerme de él.

Pero el gallego, ¡oh, el gallego! ese no lo quieren ni los perros.

[..]

No número seguinte, do 20 de abril, o protagonista declara a súa alegría porque logrou colocarlle a mercancía a un comprador, a pesar de que é indixerible:

¡Que suerte tengo!

El único queso que me quedaba era el gallego.

Y ya me lo han llevado.

Ayer recibí un telegrama de Oviedo, pidiéndome el queso “de autos”.

[..]

No sé lo que querrán hacer con él.

Si intentan partirlo, trabajo les mando.

[..]

Os textos forman parte dunha serie que leva por título “Caciquerías”. Cómpre facer unha lectura en clave política, de xeito que os queixos galegos son unha desafortunada metáfora dun político da zona, de orixe galega, como queda ben claro neste irónico fragmento da mesma serie de artigos, que nos recorda os menús da homenaxe a D. Celidonio en *O porco de pé*, de Risco:

Sabemos por una carta de Tapia que el futuro cacique, como Baltasar, dará el domingo próximo un festín. A el asistirán los personajes de rúbrica, los que nunca faltan a las *enchentes* políticas.

#### MENÚ

Sopa boba

Obispiños a la papillote

Pierna de Cartavio a la parrilla

Escalope de carnero municipal

Cabeza de jabalí de *La Opinión*

Leche al densímetro

¡RE-FRESCOS!

ENTRE-MESES

de abril y mayo serán las elecciones

VINO

de Lugo hace dos años

Independentemente da intención política, a alusión despectiva ó produto galego, ben merecente dalgún tipo de resposta, non tivo réplica no xornal. Unha vez máis, unha referencia a Galicia que podería ser obxecto de debate pasou desapercibida. Pódese concluír que nin o idioma nin a conciencia galeguista son temas que causen polémica de ningún tipo no *Castropol*.

## EN GALEGO

Do mesmo xeito que o galego como tema aparece esporadicamente no xornal pero non dá lugar a debate, tampouco provoca reaccións o seu uso no xornal. A maioría dos colaboradores escribe en castelán, pero hai autores que sistematicamente publican poemas en galego e outros que o intercalan nos seus textos en prosa, sen que iso sexa motivo de comentario, aplauso nin crítica por parte de ninguén. Hai alusións, se cadra, ó contido dalgunhas colaboracións, pero nestes anos o feito de que na prensa do occidente de Asturias haxa colaboracións en galego asúmese con naturalidade, como algo normal. Tampouco hai xustificacións da escolla por parte dos propios autores que o utilizan. A única excepción atopámola nun poema publicado o 20 de febreiro de 1911 (nº 211), enviado desde Taramundi, no que se di:

[..]  
escribo no meu dialecto  
pra que alguén non me diga  
que á Gramática eu atento.

Parece que a voz poética entende que en galego, ó non haber normas establecidas, non quedan ó descuberto as súas carencias, mentres que o castelán é un idioma regrado que se cadra el non domina suficientemente e por iso prefire non usalo, para non quedar en evidencia.

Tampouco soe haber alusións ó nome do idioma. É excepción unha pequena reseña publicada o 30 de marzo de 1921 (nº 575) dunha velada infantil celebrada na Veiga (Navia) na que houbo teatro, música e poesía. A propósito deste último elemento faise constar o seguinte:

También deleitó gratamente al público el graciosísimo poema en gallego recitado por simpática pareja infantil "*O miñado e mais a pomba*", con lo que finalizó tan hermosa velada.

Trátase, supoñemos, da peza teatral en verso de Avelino Rodríguez Elías na que dous personaxes, Bastián e Manuela, representan os tópicos habituais segundo os cales as mulleres buscan marido e os homes aproveitarse da situación. As comedias deste autor representáronse bastante por distintos lugares de Galicia naqueles anos e, polo que se ve, chegaron tamén ó occidente de Asturias.

No reparto lingüístico de moitos artigos podemos, con todo, observar condicionamentos ocultos dos que, se cadra, os autores non son conscientes. Así, vemos que no *Castropol*, en xeral, o galego ten cabida habitual na poesía pero non tanto na prosa. Os artigos en prosa escríbense en castelán, aínda que algúns colaboradores introduzan pequenos fragmentos en galego, destacándoos en cursiva, para reproducir refráns, expresións ou ditos populares ou para transcribir en estilo directo as palabras dalgúns personaxes, mesmo de alcaldes nos plenos, o cal nos deixa ver que o galego tamén tiña cabida como idioma oral na administración.

## Diálogos

Exemplos destes usos podémolos atopar na maioría dos artigos de **Pepe de Mingo**, pseudónimo usado frecuentemente por **Conrado Villar Loza**, e tamén en moitos de **Victoriano García de Paredes**, sobre todo nos pertencentes ós primeiros anos. Como norma, nos seus escritos a narración faise en castelán e os diálogos en galego, aínda que por veces tamén algúns dos personaxes interveñen en castelán, evidenciándose así os comportamentos diglósicos. Velaquí algúns exemplos:

Nº 15. 10 de decembro de 1905:

[..]  
Varios socios entran sacudiéndose los abrigos calados por el chaparrón de fuera. El agua azota furiosamente los cristales. Los árboles del campo bufan sacudidos por la nortada, arroyos cenagosos invaden el paseo corriendo hacia el *escaleirón*, convertido en cascada, y a

los pocos minutos una gota del tamaño de una nuez cae sobre la mesa, destiñendo la nariz de un archiduque ruso retratado en *El Herald*.

— *¡...! Unha goteira* —murmura el señor del alambique levantando la vista— *Pedrón, dá cuartos pra esto. A semana pasada anduvo retellando el Mosco e xa chove aquí como fóra.*

Allá junto a un balcón dos hombres hablan misteriosamente.

— ¿Qué hay de ese asunto de Cabarcos?

—*Había de verse hoy, pero su señoría non pareceu por el juzgado.*

— *...ás tres... foi así... víronlo en Miúdes...*

— *A culpa desto xa che sei eu quen la ten.*

— *¿E aquela compulsión en que parou?*

— *¡En que che parez que pararía? ¡En nada!*

En otro extremo dos estudiantes se duelen de la sosería de los *esfollones* de aquel invierno y pasan revista al servicio doméstico femenino.

[..]

Victoriano García de Paredes

Nº 16. 20 de decembro de 1905:

[..]

Ha terminado la función. Algunos hombres van saliendo y encienden cigarros en el pórtico y al cabo de diez minutos viene la avalancha femenina. Sale primero una legión de chiquillas que la emprenden a la carrera en demanda de la hogaza que espera en la *maseira* maternal; luego las adultas: Doña Petra que saluda sonriente a los hombres del pórtico; las de Virúllez, espirituales y enjutas, arrobadas todavía, cambiando impresiones con las de Bárboles, furiosamente devotas, y con las de Vicedo a quien yo he encontrado siempre gran parecido físico y puede que moral con la condesa Matilde.

— ¡Qué pico de oro! —dice en un corrillo una sabia romántica de pelo tordo y mirada histérica.

— *¡Ai, mía filla, como tar tuvo temible.* —recalca a guisa de elogio otra mujer pequeña y gordísima.

— *Gustoume muito máis que el Padre Juan, aquel que veu el año pasado.*

— *Pois eu... non sei que che diga. Paréceme que entendía mellor daquel.*

— *Ei vai a muller del Forquete; toda a tarde tuvo durmindo. Eu non sei a que van de Iglesia estas condenadas.*

Y siguen las conversaciones calle abajo. Allá en la de Fondonada se adivina un escándalo conyugal.

— *Xa podía eu tar esperando por a señora. As oito da noite e el lume apagado. ¿A que hora vou cenar eu?*

— *A hora que che den.*

— *Ah, perra, si en vez de andar comadreando tuveras na casa todos iríamos mellor.*

— *¡Borracho!*

Golpes de sartén y algún estacazo que otro anuncian que ha llegado la apoteosis.

[..]

Victoriano García de Paredes

A presenza do galego é menor cando nas colaboracións predomina o carácter narrativo, pero cando teñen máis parte dialogada, o seu uso aumenta ata ocupar a maioría do texto, como sucede no seguinte exemplo:

Nº 20. 30 de xaneiro de 1906:

— *Corra, don José Antonio, que lle deu muito mal a Pepa e non sei si a estas horas tará xa con Dios.*

— ¿Qué Pepa?

— *A de Garallas, a muller de Xanón de Pantigas, que vive na Fondonada.*

— Ah si, ya sé, —repuso el médico y apretó los muslos contra la jaca que salió trotando.

La mujer que así habló era una vecina de Pepa que, encargada de buscar un médico, hacía una hora que esperaba en San Roque que apareciese en el alto la silueta de un ginete, para salirle al encuentro.

Dos veces se engañó; uno era Sidrón, que traía del pasto la yegua, otra una mujer que en un burro venía de Lantoiira y apenas llegó dijo a la que esperaba:

— *A nía, ¿a quen espera?*

— *Pois espéroche a don José Antonio pra que vaia ver á Pepa da Garalla que se desmaiou e non hai quen lle faga volver en si.*

— *Pois débeche tar al chegar porque agora mesmo queda da cabalo falando con Luciano del Poleiro, que tía a muller cos dolores dende pola mañá.*

— *Oh Jesús! Delle Dios uha hora pequena.*

En tanto en una casa de la Fondonada, tendida en su cama, insensible, roncaba Pepa con sonido gutural.

[..]

Esta última vieja goza de todas mis simpatías, aunque me profesó un odio africano mientras fui chiquillo. En otro tiempo me entretuve muchas veces en hacerle diabluras mientras esperaba la hora de la escuela, donde había de costarme dos bardascazos el no saber quien era un caballero de Fleury llamado Jerobuan:

— *Este rapacín de Borbolla ta mui mal enseñado,* —decía ella desde la ventana a una vecina.

— *Pois que che fixo?*

— *Que lle meteu uha pedrada al meu gato que por pouco mo escandila.*

Y como la otra afirmaba que yo era un sinvergüenza, volvía ella a decir muy enfadada:

— *Ayer abriume a porta del cortello e levoume os cochos hasta a plaza.*

— *Tu viche, muller? Eu non sei que educación dan agora.*

— *Nin eu tampouco, nía.*

Allá en un *aira* preguntaba Pinolas a una criada que subía de la fuente:

— *Ah Dorotea, vas esta noite al mazaricón?*

— *Pode que si. Xa me dixeron que eras un dos que han levar a caixa.*

— *Si; agora tuvo aquí Lapetas e apalabroume.*

El *mazaricón*. Mezcla de juerga y de velatorio, de alboroto y de duelo, en que lo mismo cabe un tute arrastrado que un rosario, el erupto de un borracho que el lamento de un huérfano, el retozo de una moza que el lamento de una viúda, es la mas detestable costumbre de este país.

— *Bueno; pois resulta que el cura de Barres non pode vir con misa porque ten mañá un cabo de año,* —dijo Lapetas, que acababa de llegar, y continuó:

— *El excusador de Serantes dixo que contasen con él e Don Antonio, el capellán das Campas, tamén prometen vir.*

— *¿E non entrache en cas de Alejandro a ver se acabaron a caixa?* —preguntou el viúdo a la Garalla.

— *Entrei, por cierto, e taban poñéndolle el galón.*

— *Leoncia!* —gritó el viudo —*dádelle algo a Lapetas, que virá sin cenar.*

— *Na cocía ta Laureana, que lle amañe algo,* —repuso la sobrina y bajó Lapetas la escalera.

[..]

El gato de la casa, blando y flexible, duerme en el regazo de una jamona, que mira con entornados ojos, recordando una mocedad lejana, los bustos de los grumetes, bellos como el de Apolo.

— *Laureana, si foras mía muller habíache dar cada paliza que te había deixar temblando,*  
—dice Lorenzo, que acababa de entar completamente borracho.  
— *Darías, darías, sobre todo cuando tuveses tan chen como agora.*  
— *Non, vamos aspacio, que eu non tou borracho; tarei algo privao, pero borracho non, rediós!*  
— *Vamos, pouco barullo, que non é esta ocasión de aguantarte.*  
— *Esta ocasión e todas me teredes que aguantar tú e la grandísima p...erra...*  
— *Home, Lorenzo, por Dios, has ter miramento, que ta Pepa de cuerpo presente* —suplicó uno de los jóvenes de la brisca.  
— *A min non me gorgutes porque non volo consinto nin a ti nin a tu padre!* —y zarandéo al grumete que revolviéndose le asentó tal puñetazo en la boca que salió Lorenzo escupiendo no se sabe si muelas o sangre.  
Y después de bajar Xanón y dejar en calma la cocina surgió a la media hora una nueva disputa.  
— *Por que lle diche el as a este si é contrario meu?*  
— *Eu non lle din nada.*  
— *Si señor, porque el non podía amontarme el tres si tú non lle houberas dao el as.*  
— *Mira, non me seas morral e non berres porque che meto un vaso nel alma.*  
— *Tú que vas meter si nunca fuche capaz de nada.*  
— *Pos toma, a ver si son capaz.* —y asestándole un golpe con una astilla retrocedió el agredido casi sin respiración.  
[..]

Victoriano García de Paredes

Poderíamos engadir varios exemplos máis, porque nos primeiros anos de existencia do xornal Victoriano García de Paredes colaboraba asiduamente e o reparto lingüístico dos seus textos era sempre similar a estes, con parte narrativa en castelán e diálogos en galego. Máis adiante, o galego desapareceu case por completo dos seus artigos.

Outro autor que mesturou galego e castelán nos seus artigos en prosa foi o incisivo e incombustible **Conrado Villar Loza**, probablemente o colaborador máis regular no xornal en toda a súa existencia, que exerceu, na práctica, como correspondente de Tapia. Fronte ó que facía García de Paredes, a presenza do galego nos escritos de **Pepe de Mingo** —así asinaba case todas as súas crónicas— era minoritaria, pero mantívola desde o comezo ata o remate. Vexamos algúns pequenos fragmentos:

Nº 121. 20 de novembro de 1908:

Si alguna vez se atemorizan es al verlo bracear, dando aletazos de arriba abajo y de adelante atrás mientras dobla el cuerpo por la visagra de la cintura. Ya decía un paisano:

— *Un día váiselle escordar un cadril.*

Nº 128. 20 de xaneiro de 1909:

[...] Ahora se nos dice que en la caza de votos recibió muchos nones de sus vecinos, y enfadado por esto exclamó ante varios de aquellos:

— *¡Pois tedes que ir votar por forza!*

[...] Y pasemos a Salave.

Para visitar esta aldea se le otorgó la credencial a favor del cacicuelo *Bouzas*.

Este se presentaba a los vecinos *arrolándose* cual pato carrión y después de dar las buenas tardes o los buenos días, decía:

— *Veño ver si me dades el voto pra volo.*

— *¿Pois quen é tou volo?*

— *El da plaza vella.*

— *Dille, pois, a volo, que non pode ser, porque é bueno cambiar a camisa e a que temos posta ta tan sucia, que xa non hai colada que faga bueno dela.*

Bouzas, al oír esto, giraba sobre *os talois* y emprendía la marcha con su habitual aire flamenco. [...]

Nº 235. 20 de setembro de 1911:

Algunos de los incautos y pobres de espíritu a quienes D. Octavio tuvo engañados con su prosopopeya y su oratoria estilo Matías, se ocuparon estos días en decir a todo el que no era de su podrida cuerda, estas o muy parecidas palabras:

— *É preciso que sepades que agora ta D. José de Secretario del Juzgado.*

Cuando esta noticia fue a nosotros, no pudimos por menos de reírnos porque es tanto como decir:

*¡Neno que te come el papón!*

Y es que los referidos incautos desconocen que el concejo de Tapia pasó de neno y que es hombre mayor de edad e independiente, como así lo tiene probado varias veces. [...]

30 de maio de 1909 (nº 142)

[...] Este, que siempre fué un sempiterno soplón de cacique, se ocupa ahora en amenazar a los que no fueron votar por su amo, diciendo:

— *Xa teredes por lo que vos veña, porque nosoutros temos as leises na mao.*

Nosotros nunca hemos creído que Miguelón entendiese de *leises*. [...]

Tendo en conta o ton dos artigos e o estilo, cremos que tamén é da autoría de Conrado Villar Loza unha sección titulada “Limaduras tapiegas” onde se usa o galego nos diálogos, igual ca nos casos anteriores:

30 de abril de 1909 (nº 138)

[...] En la aldea de Casariego tenemos ahora un nuevo cacicuelo.

Se llama éste Pascual, y como pertenece a la clase de *borregos* nos resulta el *borrego Pascual*.

D. Octavio —dice él— *é unha serra que serra sen filo.*

*Téis razón, Carazo; e por serrar sin filo, serra torcido.*

10 de maio de 1909 (nº 140)

[...] Los que leen en CASTROPOL, dice la jueza, son unos sinvergüenzas.

*Ese papelucho non fai máis que ocuparse del meo home; e cuando del se ocupa é que algo vale.*

*Si, muller, vale pra firmón.*

*E xa é algo.*

*Outros valen para menos.*

10 de setembro de 1909 (nº 152)

Pepe de Mingo insire nun dos seus artigos de sátira política un poemiña que remata cun verso en galego, reproduciendo tamén as palabras dun terceiro:

Mi contertulio insistió de nuevo acerca de mi parecer, y entonces hube de constestarle:

No me extraña, no señor,  
que eso diga el secretario,  
despues de oír la elocuente  
palabra de Don Octavio.  
De ese eximio orador

cuya mágica palabra,  
aquele que a escucha dice:  
*Vale máis que non falaras.*

Aínda que non é habitual, tamén **Ramón García González**, de quen falaremos máis adiante a propósito das súas numerosas colaboracións en verso, asina co pseudónimo de ORMÁN algún artigo redactado en castelán con diálogos en galego, coma este, publicado o 25 de marzo de 1906 (nº 25), no que unha nai aconsella o seu fillo, a punto de emigrar:

[...] al fin se queda contemplándole con ternura infinita y cogiéndole la cabeza y estrechándosela contra el pecho, le besa ardientemente; pasado este acceso de cariño, le habla así mientras pretende enjugar el llanto:

— ¿Non xogas con tous irmaníus?

— Non, señora —le responde el chico, lloroso también.

— Pois ¿non teís ganas?

— Non, madre.

— Ben, meu fillo, ben. Has de ser sempre formal, meu nenín; nunca desobedezas a tous amos e has de separarte das malas compañías: mira que vos fain desgraciados. Lo que ganes, xúntalo, non lo mal gastes, que aquí, xa ves, trabállase muito e non se chega a un can grande. Repara, sinón, en nosoutros, traballando como unhos negros e sempre probes. Si, meu fillo, si; fai por lo que ganes.

Hai aínda outros colaboradores esporádicos —ou os mesmos con outros pseudónimos— que botan man do mesmo reparto lingüístico:

**Pedro García Arias**, que tamén é autor de versos en galego, publicou o 20 de decembro de 1919 (nº 529) un extenso relato titulado “Poema del Eo” no que intercala diálogos en galego:

[...]

Alta noche. Noche invernal. Truena... Ciegan los relámpagos... Se alzan, se aglomeran, corren, voltean en lo alto nubes monstruosas, nubes fantasmas, nubes negras como el corazón del mundo... A intervalos cae nieve como lluvia de balas blancas... Golpea en la puerta, baja por la chimenea como un brujo, silba, aúlla en el espacio el huracán frenético...

— ¡Ai, que medo, naiseña!... Si non tivéramos na cama... ¡Ah!... Outro relámpago!... ¡Santa Bárbara!... ¡Ah!... O castaño do tío Pachín de Melás acaba de fendelo o vento... O vento, esta noite, lévanos en pampaneira... Ou arde unha casa que a encendeo un raio, ou as campás da igrexa tocan solas... co vento... ¡Ai! Hoxe si que lles tembro ás bruxas... ¡¡Chamaron!!! Polo chamar é el... ¿Abrireille, naiseña?...

— Non, non. Vera máis cedo... Nun lle petara andar por aí ás brincadelas... Esta nun é hora de ver a ningunha rapaciña honrada...

— El non ten a culpa; seilo eo. É ese Xan de Ventraces que o consella... Voulle abrir...

.....  
— ¡Arrenegado!... ¿Como te puxeche, como vés así, César?

— No es César, es Homero el que pide hospitalidad... Como soy ciego, la tormenta me sorprendió lejos de la ciudad y me trajo hasta aquí... Mi lira recompensará vuestros favores...

— Gracias... Pase, logo... Tome agarimo... ¡E vén descalzo e nevadiño!... Parece o santo do conto que me contaban mis avós!... ¡Morrería de frío esta noite si non chega a topar abeiro! Escolla, escolla o millor... Eo lle darei a miña roupa... ¡Probetiño!... Tome a roupa da miña cama... ¡Anxelín!...

O 20 de abril de 1921 (nº 577) **J.R.F.**, iniciais que corresponden a **José Rodríguez Fernández**, publica un extenso artigo titulado “La despedida de D. Ramón” no cal intercala frecuentes exemplos similares ós que vimos reproducindo:

[...]

¡Ay!, que Don Ramón, que bueno es. *¡Quen me vai dar agora pitillos! Pra qui si irá. ¿Non taba ben donde tá?*

También *Burela* tenía amargas quejas por este inesperado suceso y proponía a *Legaspe* el viejo medidas radicales:

— *Si fora cando andábamos na falúa. Agora sómoche vellos, Burela. Sentir, séntoche moito a D. Ramón, pero nada che poido facer. Acabóchese a Boca do Pozo, ¡Quen che vai a poder con estos gandulones sin o respecto de D. Ramón!*

Cuando los marineros llegaron al telégrafo pudieron confirmar la triste noticia. Allí estaban ultimando los detalles del traslado *Grandela* y *Francisquín*. D. Ramón, sudoroso, pálido, disputaba con Doña Josefa:

— *Hoy chove muito, Pepa. Xa me cambiarei mañá.*

— *Non, non, hoy mismo. Esperache xa abondo.*

— *¡Pero Pepa!*

— *Ten que ser hoy, Ramón. Si non nunca te vas. Anda, Samoa, carga con eso.*

[...]

— *¿Vaise, D. Ramón?,* le dijo Cecilio.

— *Si, voume... lévanme.*

Quisieron protestar, pero una inquietante mirada de Doña Josefa los contuvo:

— *Te...en a culpa vosté, díjole Manuel a Montañés.*

— *¡E a osté que lle importa!*

[...]

Como despedida, D. Ramón quiso obsequiarlos:

— *Pepa, failles a estos úa boa tortilla e sube pan e viño abondo.*

— *¡Que eh! Non faltaba máis. Xaora. Que coman pasas. ¡Non tas ben enveleño con ellos!*

[...]

O 10 de xuño de 1909 (nº 143) “**Uno del banquete**” envía desde Piantón un artigo no que se inclúe este fragmento:

[...]

A otro elector que tenía compromiso en votar la candidatura liberal, independiente o del bloque, (en tres, elijan), lo importunaba un empleado para que votase con ellos y el pobre hombre todo confuso, decía:


*¡Pero señor, si lle tou mui obrigado a D. Fulano, e eu alegraríame que salise Concejal, pra saber como andan as cuentas del ayuntamiento!*

¡Concej! exclamaba el empleado del municipio ha de salir por... aquí un signo sicalíptico, muy acentuado. [...]

O 10 de setembro do mesmo ano 1909 (nº 152) **M.M.** publica un extenso artigo na sección “Balance de la decena” onde, referíndose a Everardo Villamil, podemos ler:

[...] Los ojos aldeanos se abrieron en deliquio y alguna boca dijo con admiración: ¡Que bien sopla! *¡Daquí á Coruña non hai outro señor que quite máis ben a grasa dunha taza!*

Everardo Villamil y Llanes, falecido o 8 de agosto de 1920, era un avogado da Veiga que chegou a ser alcalde dese concello, a quen no *Castropol* acusan repetidamente de cacique. Na Veiga, pola contra, considerábano un gran valedor dos intereses do locais, especialmente pola súa defensa de que o ferrocarril da costa cruzase a ría por Porto e non directamente desde Ribadeo a Castropol. O tema do ferrocarril e o das feiras da Silvallá foron dous



Everardo Villamil

asuntos obxecto de polémica intensa entre as dúas vilas asturianas, tanto por parte dos seus representantes como dos xornais que nelas se editaron.

O 10 de outubro do mesmo ano (nº 155), M.M volve referirse a D. Everardo, intercalando galego e castelán, noutra das súas crónicas:

- [...] Y una anciana preguntó:  
— ¿Que pasa? ¿Mataron al general Marina?  
— Peor todavía, le respondimos.  
— ¿Proclamaron a República?  
— Una cosa mucho más grave.  
— Entós, ¿que pasa?  
— Que ha dado a luz un concejal.  
— ¿E é casado, meu ninín?  
— Sí, señora; en segundas nupcias con D. Everardo.

Y una de las niñas casaderas, —zapatitos sonoros y falda con volantes,— se llegó a nosotros y dijo entre enojada y risueña.

— *Ande, mi madre, ande; non lle faga caso a ese tolo, que xa sei eu lo que pasa: foi que trouxeron presos a unhos de Tapia porque lle chamaron carneiro al alcalde*<sup>1</sup>.

O 3 de febreiro de 1911 **F. Lombardero** envía desde Santalla de Ozcos unha carta ó Director que se publica o 10 do mesmo mes (nº 210). Na mesma inclúense unha anécdota que reproduce en estilo directo as palabras dun personaxe que, unha vez máis, utiliza o galego:

Tanto llegó a cargar con eso a su interlocutor, que éste, parándose en seco, le dijo con energía: ¿Sabe V. lo que hay, amigo D....? *Ahora tenlos na Veiga, lévelos pra casa e faga por ellos.*

Otro tanto sucede en crónicas locais sen asinar. A que reproducimos a continuación, publicada o 30 de marzo de 1911 (nº 217) demostra que tamén en ámbitos formais se usaba o galego. Trátase dunha singular sesión do Concello:

[...] Otro concejal, admirador ferviente de Campón, propone que se le destituya y se nombre en su lugar a Muruais. El Alcalde entonces suspira y haciendo un esfuerzo supremo dice: —*Campón irase cando eu me vaia. ¿Non acudiron xa ustedes sobre eso á Audiencia? ¿Que más queren?*. —Nuevo regocijo del público.

El Sr. García de Paredes (D. Francisco) presenta una moción al Ayuntamiento para que el Alcalde haga renuncia del cargo en vista de que carece de facultades para desempeñarlo, moción que apoyan todos sus compañeros de cabildo.

El infeliz Pérez se levanta y pregunta al concejal de su derecha: —*¿Usté quer que me vaia, D. Jerónimo?* —¡Hombre, si V. se va, yo le felicito por eso, porque le quiero bien!— le contesta.

Fué preguntando a los demás y todos opinaron de la misma manera: que renunciase, que huyese de aquel local donde ponía en ridículo al pueblo que representaba.

Así lo comprendió el Alcalde, y dirigiéndose a sus compañeros exclamó: —*Xa que queren que me vaia, ireime. Séntese aquí, D. Ramón,* —y tomó la puerta en medio de la chacota del público.

A partir de novembro de 1908 aparece o galego con frecuencia nunha sección sen sinatura titulada unhas veces “Desahogos” e outras “Desahogos y pitorreos”, onde se recollen en estilo directo breves manifestacións de diversas persoas, normalmente con sorna política. Velaquí algúns exemplos:

---

<sup>1</sup> Probablemente se refira a uns feitos protagonizados por Conrado Villar Loza e outros veciños, que explicaremos con máis detalle ó tratar a biografía deste autor.

10 de novembro de 1908 (nº 120):

*Nosoutros non teremos un voto; pero en Oviedo amáñase todo.* —CHEPÓN.

*Si sigues facendo propaganda pra os novos, denúnciote como tratante de pinos.*  
—EL SEÑOR DE LA LOZA.

*Eu non me meto en nada; pero as cousiñas dos vellos aínda han dar que facer.*  
ZABULÓN.

*Xa terás por lo que che veña.* —YÑIGO DE VALE.

*Todo Barres é noso.* —SÁINZ DE CARLOS.

*El que non sirva pra casado, que non engañe a muller.* —JUAN CEBADA.

20 de novembro de 1908 (nº 121):

— Necesito su voto.  
— *Non pode ser, que é pra os novos.*  
— Es que yo libraré de quintas a todos sus hijos.  
— *Non teño máis que nenas.*

EZQUERDO Y UN ELECTOR.

— O me dá usted el voto o le rompo algo.  
— *Si vamos a piñas sale usted peor.*

EL DEL GRAN PODER Y OTRO ELECTOR.

*Si tuvera eu un periódico, en vez de DESHAOGOS había poñer ILUSIONES.*  
SÁINZ DE CARLOS.

*Desta recachamos el rabo.* —BERRUGUETE.

*Si el tou home ten voto, has de facer por que llo dé aos de Lagar, que son unhos señores mui buenos que sempre dan a ganar unha peseta.* —VALERIANA.

— *Lévame este caballo a Salias.*  
— *Lévelo usted.*

ZALAMEA Y OTRO.

— *Vengo por su voto.*  
— *¿Usted ten tabaco?*  
— *Si hombre, toma.*  
— *Pos vaia fumándolo por eí abaxo.*

ZALAMEA Y EL RÍGIDO

30 de setembro de 1908 (nº 122)

*Sempre adoita comer quen ta acostumbrado a encherse.* —BERRUGUETE.


*El outro vendeu as Filipinas, tu vendiche as Figueiras, lacazán.* —EL TOPACIO.

*El demonio me confunda si non vou ser eu el alcalde.* —EL VOLÁTIL.

*¿Donde vai Casiano? ¡Ai, tas aquí ¡Anda pra dentro, animal, que sempre tas abarruando!*  
—KAMPILLO.

*¡Non podo, cego me vexa si podo votar contra él; é meu primo!* —FRANCISQUÍN.

TELEFONEMAS



1ª llamada.— Trrrriinnn..., trin... trin... tin...  
— ¿Quién llama?  
— ¡Solina! ¡Búscame, por Dios, al de Sidro, que nos van asulagar!  
— ¡Bueno, vou mandar el neno!  
— ¡Anda, pola Virgen!

2ª llamada.— Trrrriinnn..., Trinnn... Trinnn...  
— ¡Uoi! ¡Québrenlle os ollos, que prisa trai, condanado!  
— ¿Topáchelo?  
— ¡Einda non veu el neno!  
— ¡Pola alma de túa madre, manda outro deseguida!

3ª llamada.— Trrrinnn...  
— ¡Non lo busques que xa pareceu! ¡Tróuxolo Quintal!  
— ¡Gracias a Nuestro Señor! ¡Que susto levache, meu ninín!

10 de decembro de 1908 (nº 123)

*Si no me das el voto, matricúloche el taller.* — CERRATO.

— Tome V. dos pesetas, que falta le hacen.  
— *Vayan polas ánimas.*  
— Bueno, ahora me dará V. el voto, ¿eh?  
— *Ay, non lle pode ser, que é pra outro que me mantén todo el ano.*  
EL DE LOS QUINTOS Y OTRO.

*Ahora si que vai calar el CASTROPOL; vamos ter periódico.* — KAMPILLO.

— *¿Non me dá unha limosna pola alma dos seus difuntos?*  
— *Vaia que se la dé aquel a quien dio usted el voto; e a V. hai que echarlo del pueblo.*  
PRIM Y EL MAGISTRADO DE MEDAL.

— *Non dá auga a fonte, pero si ganan os nosos, habemos amañala ben.*  
— *A nía, pos ¿non mandades xa? ¿Por que non la amañades?*  
QUITERIA Y TOÑA.

20 de abril de 1909 (nº 137):

— *Veño de tar con papá e dice que inda non ides agora.*  
*Ha de haber quen vote cuatro veces.*  
*Si os vellos sacan cen votos han parecer mil en Oviedo.*  
El Ferreiro de Armeirán.  
— *¿Pero que necesitan os novos da política? Eu non entendo esto.*  
Sáiz de Carlos.

Excepcionalmente, o galego ten presenza na sección “Declaraciones íntimas”, que aparece en varios números do ano 1910. Trátase dunha especie de cuestionario no que un personaxe contesta de maneira breve a unha serie de aspectos. No correspondente ó 15 de maio (nº 182) a persoa escollida é **D. Eloy Maseda**, que contesta en galego e así se reproducen no xonal as súas palabras:

Rasgo principal de mi carácter..... *Ser zamarro.*  
Cualidad que prefiero en el hombre..... *A legalidaz, cando non dañá.*  
Cualidad que prefiero en la mujer..... *Que se teña a o pé do lume.*  
Mi principal defecto ..... *Non é pra dicir.*  
Ocupación que prefiero ..... *Redargüir piticiós e mais exigir responsabilidades civiles.*

Mi sueño dorado ..... *Ter as chaves do caxón dos cartos no meu poder.*  
 Lo que constituiría mi desgracia ..... *Que os Villamiles non me mirasen ben.*  
 Color que prefiero ..... *O do tinte de D. Everardo.*  
 Flor que prefiero ..... *O girasol.*  
 Animal que prefiero ..... *O galápago, porque ten moitas conchas.*  
 Mis prosistas favoritos ..... *O director do Consultorio dos Ayuntamientos e mais o fiyo de D. Everardo.*  
 Mis compositores favoritos ..... *O gaitero de Ventosela, por eso... por Ventosela.*  
 Mis políticos favoritos ..... *Romero Robledo e mais don Zoilo.*  
 Héroes novelescos que más admiro ..... *Bertoldo e Cacaseno.*  
 Héroes que admiro en la vida real ..... *Os xueces reutos.*  
 Manjares y bebidas que prefiero ..... *Callos e viño do Ribeiro.*  
 Lo que más detesto ..... *As leises, cando non conveñen.*  
 Hecho histórico que más admiro ..... *O triúnfo dos bloquistas nas eleucións municipais.*  
 Cómo quisiera morirme ..... *Sin que veña naide amolarme.*  
 Estado actual de mi espíritu ..... *Con moitas preocupaciós.*

Tamén se reproducen en galego uns fragmentos que se intercalan ó longo do número 178, do 24 de abril de 1910, con tipografía de maior tamaño, que reproducen os pensamentos dun personaxe:

¡Leveme o demo, facer eu tanta godallada e que D. Zoilo chupe as mil pesetiñas de Arbitrios, eso non ta ben, D. Abelardo! Abofé é verdá.

----

Coa influencia que me dá a alcaldía, ¡canta devina pitición vou a redargüir de criminal e falsa! ¡Oh, Conde Santo de Vilanova, cantos cartos van chover!

----

Cando non hai choyo pra Campón e Josepín, léveme Dios se a pesar da alcaldía hai nada pra o seu precurador, porque estas xentes da nosa pulítica son unhos lampantís e unhos lambós. E esto dígolo porque tou falando sólo.

----

¡E como me río eu! Cantos coios machacan po los camiños e outeiros D. Zoilo e Campón pra non conseguir nada! ¡Nin asoballando a os eleutores!

----

¿E que fai D. Azmundo que non sale a traballar votos? ¿Pra que quer a burreña que ten na cuadra? ¿Ponse ou non se pon nela? ¡Móvase, miña xoia, que xa lle é tempo!

----

¡Oh que sorte tuvo o médeco, que vai de gaverna camín de Vigo, e eu aquí sufrindo nas sesións do Concello as cabritadas que me diz don Paco!

----

Pensaba o señor aquel que nos votaron que con esbardallar nas boticas amañaba as cousas. E non se queixe, que inda non vai pra mal sitio, e hai moita castaña, cabrito e cachola. E tamén hai pulpo e longaínza.

A presenza tan habitual do galego no estilo directo, que reproduce fielmente os diálogos e os pensamentos da xente, permítenos presupoñer que o galego era o idioma habitual na fala da xente da zona.

Tamén aparece o galego con frecuencia nunha serie de memorias dunha viaxe por Galicia publicadas a partir do 20 de xaneiro de 1924 (nº 675) co título de “Por la tierra ancestral. Crónicas de un viaje, escritas por el licenciado Tristán de Brul”. Non sabemos quen é este viaxeiro que percorreu Galicia e deixou ampla crónica das súas andanzas. Con todo, malia a cantidade de páxinas que ocupa esta sección en distintos números, a nosa lingua só aparece ocasionalmente para reproducir frases pronunciadas por algunha persoa coa que o viaxeiro se atopou na súa andaina.

Nunha tasca compostelá, o viaxeiro coñece a un universitario da Caniza ó que alcuman Bacón porque polas súas habilidades dionisíacas é coma Baco e pola súa corpulencia ben merece o aumentativo. Di del que “cuando filosofa emplea por igual el idioma castellano y el gallego” e reproduce diálogos dunha conversa que el protagoniza, tratando de reflectir os dialectalismos que oe, seguramente con pouco éxito porque atribúe a un mesmo falante trazos de zonas moi distintas: demostrativos en *i*, adverbio de lugar “eiquí”, pronome “il”, terminación –án para “mans”, plural en –ns en “algúns”, ditongo –ui– en “muito”, conservación do –l– intervocálico en “dole” e o alomorfo do pronome átono –lo en “fíxenlo”, etc.

[...]

Gritó el patrón:

— *Veñan axiña tres ovos cocidos e medio queixo que vou celebrar a volta do fillo pródego!* —En sus expansiones abrazaba al médico: —*Bueno, Carliños, ¿E ti non queres un ovo e unha copa de Tostado, e o mesmo iste teu amigo, que tamén é meu?*

Rehusamos agradecidos.

— *Pois si, rapaz; sigo matriculado nesta cova. Ista é a biblioteca donde preparo o programa de Mercantil. Ti non tés idea do que é isa especialidade do Dereito: é unha adormideira. Ás veces quedo dormido co libro entre as mans, e léveme o demo se sei se é polo Priorato ou polas exhalacións narcótecas do contrato de fletamento marítimo. Tamén teño nista cova a miña botica. Cando me dole o fégado, non sano hasta que ise animal me trae unha copa de tostado. Unha vez que non poiden dormir en semana e media cunhas congoxas que me daban, fun á consulta dise teu maestro, que tanto admirades, e díxome que si seguía bebendo morría antes dos trinta anos, que xa tiña o corazón coma un chorizo de manteiga. O teu maestro non sabe o que dis... ¡É unha inmensa besta! ¡Non cree na aución terapéutica do alcohol nas cardiopatías agudas!*

[...]

Una vez expuestas mis impresiones, le agradecería les diese cabida en su digno periódico y en el número que crea oportuno, que aunque nada de notable tienen, tendrán algo de provecho por ser de actualidad. Gracias anticipadas le da su afectísimo é incondicional amigo q. s. m. b.

ARTURO LORA.

Madrid, 13 Abril 1910.

¡Oh que sorte tuv'o médeco, que vay de gaverna camín de Vigo, é eu aquí sufrindo nas sesións do Concello as cabritadas que me diz don Paco!

## DEL PARTIDO

Vega de Ribadeo

El domingo pasadó no pude oír la misa con devoción. De ello tuvo la culpa el cacique con una de

Entre la algazara de los aplausos y las risas llevó al viejo en volandas y lo dejó sobre la acera. Tornó magnífico a ocupar su asiento e hizo, ya sentado, una aspiración profunda, de descanso, como el que acaba de matar un áspid junto a la cuna de un niño. En tono completamente serio, continuó pausado:

— *Tiven que botar deiquí esa alimaña... Fíxenlo por vosoutros, rapaciños, porque algúns sodes muito máis novos que eu. A min pouco me vai en que caia Amalia, que a Condesa se encapriche ou que chegue Obdulia esta noite de Villagarcía... Ben sabedes que eu tou tan apartado diso como un fraile de San Francisco das modas das corbatas. Serei algo borracho, pero é que como tiña que escoller un vicio, escollín iste, convencido de que con il un home solteiro non fai mal a naide máis que a si... ¡Nunca hei de arruinar a miña casa polo xogo, nin han de chorar os padres dunha rapaza por causa miña...! Son eu así.*

Tamén son falantes galegos os que protagonizan un diálogo en verso, supostamente improvisado, remitido desde Candás polo xornalista **Francisco Caramés**. Trátase dunha crónica das festas do Cristo enviada o 15 de setembro de 1919 e publicada o día 30 do mesmo mes (nº 521):

Un grupo de viejecitas gallegas que desde Marín vienen andando, marean al espendedor dirixíndole mil preguntas a la vez:

- E canto tempo no mar dicen que o santiño estivo?
- Diga, ¿Que me ha de levar por este rosario cativo?
- ¡Ande, por a súa ialma despácheme antes ca ós outros!
- Cale, muller tenga calma que estamos antes nosoutros!
- Véndame ese novenario.
- E a min unha conceución.
- ¿Que val ese escapulario que ten dourado o cordón?
- Non chincre a peseta, non, que abofellas é ben boa!
- Porque ten folla non soa.
- ¡Quien lle me dera un millón!

Examinando los exvotos, voy subiendo la escalera que conduce al camarín, mas es tal el número de fieles que se hallan postrados ante el altar, que desisto de apretarlos aún más. (...)

### **Expresións, refráns e frases feitas**

Os fragmentos en galego intercalados en textos en prosa non sempre reproducen intervencións da xente reproducidas en estilo directo. Aínda que en menor medida, tamén podemos atopar mostras doutro tipo:

**Pepe de Mingo** inclúe frecuentemente pequenos fragmentos, frases feitas ou refráns en galego contra o remate das súas crónicas redactada en castelán. Dá a sensación de que o autor busca dar un toque de familiaridade, de achegamento ó lector mediante a fala popular, despois de redactar unha crónica máis formal. Velaquí algúns casos:

Nº 82. 20 de outubro de 1907:

[...] Cómo el día estaba apacible, esto dio lugar a que por la tarde se vieran aquellos sitios muy concurridos, sobre todo, de elemento joven que no cesó de bailar ya entrada la noche.

*Na Retela tamén houbo baile hasta que xa cantaban os galos.*

10 de febreiro de 1908 (nº 93 )

El baile que se organizó después de que hubo terminado la función, también resultó animadísimo, terminando éste a altas horas de la madrugada con harto sentir de los que aún querían seguir rindiendo culto a Tersipcore.

*Outra vez durará máis el bailongo, amigazos.*

Nº 108. 10 de xullo de 1908:

[...] La procesión, que también se verificó por la tarde, fue en extremo lucidísima; como así mismo el sermón, a cargo del presbítero D. Sabino Lanza, estuvo elocuentísimo. La banda de música de esta villa amenizó todos estos actos; *pero foi de sentir que non houbese gaita tamén.*

Nº 106. 20 de xuño de 1908:

[...] A las cuatro de la tarde hubo un animado paseo en la carretera que hay contigua al santuario. Este acto, como todos los demás fué amenizado por la banda de esta villa.

*¡Ah! Tamén houbo abundancia de queixo en todas as casas daquel lugar.*

Nº 115. 20 de setembro de 1908:

Por la noche también hubo baile; pero como no asistí a él porque *xa son vello, non podo dar detalles*, aunque es de presumir que resultaría espampanante.

*¡Non se pode cos de Serantes!*

### **Textos literarios de autores galegos coñecidos**

Igual que non se nota especial preocupación pola actualidade galega, tampouco a nosa literatura ten moita presenza no xornal. Con todo, algúns dos autores máis coñecidos si aparecen esporadicamente. Normalmente aparecen contextualizados ou inseridos en colaboracións en prosa, como sucede nos seguintes casos:

Na sección “Por la tierra ancestral. Crónicas de un viaje, escritas por el licenciado Tristán de Brul” á que nos referiamos unhas páxinas máis arriba, ademais dos diálogos antes referidos, atopamos algunhas mostras de textos de autores galegos.

O 20 de marzo (nº 681) o cronista, dando conta do seu paso pola ría de Arousa, intercala uns versos do poema “A trainera”, de **Cabanillas**:

Tornan ahora al puerto las lanchas pescadoras, y la más cercana a tierra es una trainera que con diez remos por banda va sobre la quieta lámina marina, como una araña sobre una seda tersa. Aquí del poeta de Cambados:

¡Ou nave pescadora da máxica ribeira  
na que xoguei de neno! ¡Ou branca fror mareira!  
¡Ou pelra briladora do lago cambadés!  
Nostáxico, saudoso con voos de anduriña,  
en brazos do recordo, nas horas de morriña,  
doente vou acharte doa mares a través.  
[...]

¡Ou berce dos meus sonos! ¡Ou trainera branca!  
¡Solta rizóns e cabos! ¡Valente e leda arranca  
a proa ó sol que morre, desque ó Caribe mar!  
¡Ou branca trainera da ría cambadesa,  
ergue bulindo a vela, mete o timón apresada

e o probe desterrado devolve ó patrio lar!

No número 685, do 10 de maio de 1924, contemplando uns piñeirais case na fronteira con Portugal, ó cronista vénselle á cabeza este poema do cambadés:

¡Pinal de Tragove!  
¡Zoador, barulleiro pinal  
enraizado nas laxes fendidas  
da beira do mar.

¡Que dozura no arume bravío  
ten a branda resina que cai  
das abertas feridas das ponlas  
en adoas de limpo cristal!  
¡Que agarimo e brandura de berce  
nas secas faíscas alfombra do chan!

¡Pinal de Tragove!  
¡Fungador, imponente pinal  
que te ergues altivo,  
rei da soedá,  
ó fronte o misterio calado do ceo,  
ós pés o misterio bruante do mar!

¡Repouso encantado  
das tardes do vran!  
En bandadas chegaban as pombas  
no teu verde ramaxe a pousar...  
a alma viaxaba por terras non vistas  
en busca de Aquela que nunca virá...  
os ollos seguían  
unha vela lonxana no mar...!

¡Segredo da calma  
dos mornos seráns!  
Na sombra do ceo refulxe a mirada  
cruel de Aldebarán...  
A trirreme do Ensono, en silencio,  
vén da praia nos cons a atracar,  
coas bandas e os remos cubertos de rosas  
e na proa este nome: "Ideal".

¡Soídos lonxanos das prácidas noites  
de meigo luar!  
Voz de Scheherezada,  
mainiña e levián,  
que tece cos fíos de prata da lúa  
a máxica historia do vello Simbad...  
unha fada enloitada que axexa  
o camiño de luz sobre o mar...!

¡Pinal de Tragove,  
rei da soedá,

que rosmas altivo,  
diante dos misterios do ceo e do mar,  
do pobo gallego  
a queixa ancestral!

Non é o único lugar no que aparecen versos de autores galegos. O 20 de setembro de 1918 (nº 485) é **Pedro Penzol** quen introduce un breve fragmento de **Rosalía** nun dos seus artigos, titulado “Claro de luna”:

[...] Al caer de la noche y en un descuido del sacristán, entraba con la rumbosa fragata en la ermita de Nuestra Señora de la Barca, patrona del pueblo. La ermita era pequeña y pobre, pero llena de milagros. Bien lo decía el cantar:

Nosa señora da Barca  
ten o tellado de pedra  
ben lo pudiera ter de ouro  
Miña Virxe se quixera.

O mesmo sucede nun artigo titulado “Nuestra voz”, publicado sen asinar no nº 484, do 10 de setembro de 1918:

[...] somos además asturianos, si bien los más arrimados a Galicia. No tenemos esta circunstancia a mengua; antes nos sentimos honrados con ella, ya que Galicia, aunque alguna poetisa suya expresó en su sentimental lengua este arranque de dolor:

“Probe Galicia, ti non tes patria;  
ti vives no mundo soya”,

es una de las regiones más españolas de nuestra querida nación.

De xeito similar, o 28 de febreiro de 1907 (nº 59) publícase un artigo sen autoría expresa sobre algunhas protestas da vecindade, que o redactor toma a risa. Aínda que o contido non cadra moito co espírito do poema rosaliano, o artigo precédese dos seguintes versos:

¡Follas Novas! risa dáme  
ese nome que levás,  
cal si a unha moura ben moura,  
branca lle oíse chamar.

O 10 de outubro de 1913 (nº 307), desde o *Castropol* cumpren o encargo que lles fai **D. Miguel García** de despedirse de todas as súas amizades, debido á súa marcha a Bos Aires. Despois de dar conta do encargo, engádense unhas afectuosas palabras e acompáñase o artigo co poema “Adios ríos, adios fontes” de Rosalía, que non reproducimos debido á súa extensión, por consideralo innecesario.

Aínda que en contadas ocasións, tamén atopamos algúns outros poemas de autores galegos que se introducen sen ningún tipo de contextualización e sen indicar quen é o responsable da súa escolla, aínda que é de supoñer que serían os redactores. Así atopamos textos de Curros e Alberto Camino.

O 20 de abril de 1908 (nº 100) publícase a famosa

## DESPEDIDA

Nuestro muy querido amigo D. Miguel García, nos encarga le despedamos de todas aquellas amistades, tanto de este pueblo, como de los inmediatos, de que no le ha sido posible hacerlo personalmente, á las que se ofrece en Buenos Aires, Paseo de Julio, 160, para todo cuanto se les ocurra y les pueda ser útil, seguras de que las servirá con todo gusto.

CASTROPOL, al cumplir este encargo, le da la más cariñosa despedida, deseando que su estancia en aquella república no sea larga y que retorne pronto al seno de su apreciable familia y al de sus numerosos amigos que deja en esta su tierra natal.

## O Adios d' o emigrante

Adiós ríos, adiós fontes,  
Adiós regatos pequenos,  
Adiós vista dos meus ollos,  
Non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
Terra donde m' eu criei,  
Hortiñas que quero tanto,  
Figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, alboradas,  
Pinares que move o vento,  
Paxariños piadores,  
Casiña do meu contento.

“Cantiga” de **Curros Enríquez**:

No xardín unha noite sentada  
ó refrexo do branco luar,  
unha nena choraba sin trégoas  
os desdés dun ingrato galán.  
E a coitada entre queixas decía:  
"Xa no mundo non teño a ninguén,  
vou morrer e non ven os meus ollos  
os olliños do meu doce ben".

Os seus ecos de malenconía  
camiñaban na alas do vento,  
\_\_\_ E o lamento  
\_\_\_ repetía:  
"Vou morrer e non ven ó meu ben!"

Lonxe dela, de pé sobre a popa  
dun aleve negreiro vapor,  
emigrado, camiño de América  
vai o probe, infelís amator.

E ó mirar as xentís anduriñas  
cara a terra que deixa cruzar:  
"Quen puidera dar volta —pensaba—,  
quen puidera convosco voar!..."

Mais as aves e o buque fuxían  
sin ouír seus amargos lamentos;  
\_\_\_ sólo os ventos  
\_\_\_ repetían:  
"¡Quen puidera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,  
desde entón ¡que tristeza en vós hai  
prós que viron chorar unha nena,  
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,  
quedou sólo, de bágoas a proba,  
\_\_\_ unha cova  
\_\_\_ nun outeiro  
e un cadavre no fondo do mar.

O 20 de xullo de 1912 (nº 263) aparece un dos poemas máis destacados do *Álbum de la caridad*:  
“O desconsolo”, de **Alberto Camino**.

Desta fontaña á beira froreada  
sentado á sombra dun chorón estou,  
doído o peito, a alma esconsolada  
triste morrendo pouco a pouco vou.

Desde que a negra morte aquela prenda  
que tanto quixen me arrancou sin dor,  
solas non acho en nada, e solta a renda  
apena choro o meu perdido amor.

¡Quen o diría! tan garrida e nova,  
doce cal rula, e branca cal xasmín,  
tan cedo habías de baxar á cova...  
Piedades ceos; ¡ai! piedá de min.

¡Solo quedei no mundo, solo, solo!  
¡Que hei de facer?... chorar... é mais chorar!  
E que aínda te vexo no meu colo,  
Sabeliña querida, maxinar.

Xa non iremos máis polos soleiros  
en compañía amorosa as mouras, non,  
nin baixo dos follosos ameneiros  
as coitas che direi do corazón.

¡Cantas veces de augua desta fonte  
che din, miña vidiña, pola mau!  
Cuantas os dous deixábamos o monte  
por tomar aquí o fresco aló no vrau.

E nas tardes de outono, ¿non te acordas...  
mais ¿que digo acordar? si te perdín!!!  
Pártesme, ¡ai! do corazón as cordas,  
penso que inda aquí estás... louco de min!

No outono... pois con alegría moita  
nós ibamos ao longo castañal  
e a reboladas eu guindaba froita  
mentras ti regalábasme en cantar.

E tamén cando... ¿pero a que memoria  
fago do tempo aquel! ¡Ai! calarei!!  
Mírame, Sabeliña, desde a gloria:  
Por ti decote triste chorarei.

### Textos literarios inéditos

Evidentemente, non todo o galego da lírica publicada no *Castropol* está en poemas editados con anterioridade por parte de autores galegos. Todo o contrario; a maioría son orixinais, inéditos, e é precisamente nese eido onde o noso idioma ten presenza destacada. Por encima de todos, cómpre salientar o labor de **Ramón García González**, que foi o que publicou unha maior cantidade de textos, e en menor medida outros coma **Pepe de Mingo** (Conrado Villar Loza), **Pedro G. Arias**, **Claudio Luanco**, etc. Tamén hai textos anónimos ou asinados con pseudónimos que non logramos esclarecer. No capítulo seguinte afondaremos un pouco máis sobre todos estes casos.

### Outros usos

Aínda podemos sinalar o uso anecdótico do galego na denominación dalgunha sección, coma a que inicia o 10 de xuño de 1910 (nº 185) un tal **Lucas Gómez**, da Veiga, co nome de “Flores de toxo”, pero o galego límitase ó título, mentres que o contido está en castelán.



Flores de toxo

### Conclusión

Nin Galicia nin a cuestión lingüística son aspectos fundamentais no *Castropol*, pero tampouco son alleos ó mesmo. Por unha banda aparecen contidos de proximidade, especilmente os relacionados con Ribadeo, e por outra a cuestión do Estatuto de Autonomía e as súas repercusións no papel dos idiomas. Ben é certo que a análise deste aspecto céntrase principalmente no caso catalán, que estaba máis avanzado, pero tamén hai algunhas alusións a Galicia e o País Vasco, que tratan por aqueles anos de seguir o roteiro aberto por Cataluña.

O idioma predominante no *Castropol* é, sen dúbida, o castelán, a presenza do galego non é residual, senón que ocupa un espazo importante no xornal.

Na prosa o galego ten máis presenza estilística ca vehicular, xa que só aparece intercalado reproducindo en estilo directo os diálogos de distintos personaxes e, por veces, en frases feitas, refráns ou pequenos fragmentos non dialogados.

En poesía, pola contra, a presenza do galego é notable, sobre todo debido a Farruco, que asina poemas entre os anos 1912 e 1918. Ademais, tamén cómpre mencionar outros textos asinados por ORMAN, Pepe de Mingo, etc. Tras os dous primeiros pseudónimos agóchase, previsiblemente, a identidade de Ramón García González, correspondendo o último a Conrado Villar Loza. A temática predominante nestes poemas é a sociopolítica, de ámbito local, pero iso non impide que atopemos algúns exemplos de textos costumistas ou de carácter intimista. Con frecuencia, nun único poema mestúranse máis dunha destas liñas e a ambientación costumista inicial acaba aproveitándose para facer denuncia social.

Tamén cómpre mencionar a presenza de poemas xa editados con anterioridade en Galicia, pertencentes ós autores galegos máis destacados, como é o caso de Rosalía, Curros ou Alberto Camino.

Cuantitativamente, o uso do galego mantense ó longo de toda a existencia do xornal, pero de xeito irregular. A súa presenza é maior nos primeiros anos. É certo que hai autores que colaboraron dunha maneira constante e similar, como é o caso se Pepe de Mingo, pero outros fixérono de xeito intermitente, como sucede con Victoriano García de Paredes, que incluía nos seus artigos en prosa máis fragmentos en galego nos primeiros anos, ou Ramón García González, que colaborou con moita regularidade ata 1913 e máis esporadicamente desde esa data ata 1918. Descoñecemos os motivos desta retirada, aínda que é posible que se deba a que os seus textos, usados para denunciar a situación do momento, deixen de ter sentido nunha época politicamente moito máis sosegada.

## AUTORES

### Ramón García González

Naceu en Castropol o 14 de xullo de 1870 e faleceu en 1938. Despois de licenciarse en Filosofía e Letras, exerceu a docencia e posteriormente traballou como inspector de arbitrios na súa vila, onde colaborou en varias iniciativas culturais, como a posta en marcha da Biblioteca Popular Circulante.

Participou na política local apoiando o Partido Independente e logrou éxitos que foron celebrados no *Castropol*.


Como escritor, colaborou con asiduidade na prensa local e a el débémolle a máis ampla presenza do galego no *Castropol*, onde publicou baixo pseudónimos algúns artigos en prosa e máis de corenta poemas en galego entre 1906 e 1918. A maior parte deles corresponden a 1912, ano no que aparecen textos seus en case todos os números. Aínda que con menos frecuencia, tamén publicou algún poema en castelán e, excepcionalmente, atopamos dous nos que mestura galego e castelán, cun reparto similar ó que se facía na prosa: castelán nunha breve parte narrativa situada ó comezo do poema e galego na parte dialogada que vén a continuación. Trátase dos poemas “Al amor de la lumbre” e “Una visita”, asinados como ORMAN, pseudónimo que tamén usou frecuentemente para artigos en prosa e para outros poemas, redactados integramente en castelán.

A maior parte dos textos asínaos como FARRUCO e son de temática sociopolítica, anticaciquís. Céntranse nas liortas da política local e na pugna entre “os novos” e “os vellos”, que se correspondían co Partido Reformista fronte ás agrupacións políticas tradicionais. Farruco é firme defensor dos “novos”, critica as malas artes do “partido vello” para tratar de manter o poder e insiste no irremediable fracaso ó que están abocados por falta de apoio social. Moitas veces válese de alusións metafóricas, comentando a forza e a vitalidade da xente nova fronte ós vellos, que van perdendo vigor pouco a pouco, ata morrer. Nalgúns textos refírese ó caciquismo en xeral, sen especificar nin atribuírle este comportamento a ninguén en concreto.

En ocasións, parte dun motivo costumista, que se mantén durante a maioría dos versos do poema, pero remata cunha alusión política, de xeito similar ó que facía Curros nalgúns dos seus textos. Excepcionalmente atopamos composicións intimistas, como sucede no nº 274, do 10 de novembro de 1912, onde, botando man dunha voz poética feminina, publica un emotivo emotivo poema dirixido a unha adolescente de quince anos con motivo da súa morte. Ante isto, resúltanos imposible non lembrar unha vez máis a Curros, que tamén se servía da poesía como arma de loita contra as inxustizas, pero escribiu o estremecedor poema “¡Ai!”, co gallo do falecemento do seu fillo. Descoñecemos a motivación que puido levar a Ramón García González a publicar este texto, xa que non temos constancia de que padecese esta desgracia. Supoñemos que, estando tan próximo o día de defuntos, puido facelo conmovido por algunha escena que presenciase. Nos textos dos últimos anos (1915-1918) abandona a temática política e céntrase en aspectos diversos como son a chegada da primavera, o roubo de froita por parte dos nenos, os rituais da noite de San Xoán ou o comportamento de Eva no paraíso e das mulleres en xeral na actualidade.

Sexan da temática que sexan, nos seus poemas predomina a ambientación aldeá e están presididos polo enxebriño: diálogos entre labregos ou entre membros dunha familia a carón do lume, paisaxe rural, etc.

En xuño de 1920 publica o seu libro *Amarguras d'un viaxe*, que merece atención preferente por parte do xornal en varios dos seus números. No nº 546 infórmase da aparición do mesmo, indicando que está escrito “en nuestro dialecto” e que “es acaso el primer trabajo de este género que en forma de



libro lo utiliza como medio de expresión”. Non se valora o contido e indícase que cada lector emitirá o seu propio xuízo.

No número seguinte, correspondente ó 20 de xuño, José Rodríguez Fernández publica unha ampla reseña do libro chea de eloxios. Indica, iso si, que se trata dun libro de consumo local: “*Amarguras d’un viaxe* puede decirse que es para nosotros solos, los que hablamos el dialecto indefinido de los ribereños del Navia al Eo”. E remata facendo un chamamento para que o autor escolme outros poemas seus en castelán para imprimilos e “ser lectura para todos”.

Nese mesmo artigo, o autor dános información sobre os pseudónimos que García González ten utilizado: “Hace tiempo que le conocemos como poeta –desde que escribía con los seudónimos *Pol* y *Castro* y *Orman* en los periódicos de Mondoñedo— para no dejar de

admirarle”. A partir de 1912 empeza a utilizar o pseudónimo Farruco, segundo identificación feita por algúns estudiosos e que nós consideramos acertada. Como Orman asinaba en 1906 longos poemas nos cales dous personaxes, Xanón e Perico, dialogaban sobre a política local do momento. Os poemas asinados tres anos despois como Farruco manteñen a política como temática predominante, as mesmas características lingüísticas e a estrutura dialogada en moitos deles.

Aínda que con algunhas reservas, tamén lle atribuímos o poema titulado “El trasno”, asinado só coa inicial F., porque ten algunhas características habituais no autor: estrutura dialogada, uso de palabras ou expresións habituais nel, coma *celebro* (cerebro), *levar el deño* e, principalmente, *madeus!*, moi habitual nos textos de Ramón García González e que non atopamos en ningún outro autor. Publicouse o 30 de outubro de 1914 (nº 345) e trátase dun diálogo entre unha avoa e os seus netos no que se critican as trasnadas dun personaxe, que triunfaba á conta do traballo dos veciños.

En total, son 45 poemas os que lle atribuímos a este autor, dos cales tres publicáronse en 1906, trinta e un en 1912, seis en 1913, un en 1914, un en 1915, dous en 1917 e un en 1918. Na sección “Textos”, reproduciremos todos os textos deste autor e doutros que publicaron poemas integramente en galego.

### Conrado Villar Loza, “Pepe de Mingo”


Naceu en Taramundi o 6 de xaneiro de 1873 e faleceu en Tapia o 4 de xaneiro de 1962. De novo emigrou a Arxentina, regresou en 1899 e asentouse en Tapia, integrándose fortemente coa vida do concello. Chegou a ser alcalde, xuíz de paz e cronista da vila.

Desde o comezo comprometeuse co Partido Reformista de Melquíades Álvarez, liderado na comarca por Vicente Lorient. O grao deste compromiso queda perfectamente retratado nun artigo asinado por Gil Blas en abril de 1919 (nº 505):

[...] Cuando el insigne asturiano D. Melquíades Álvarez, convencido de la ineficacia de las vieja oligarquías, dio al pueblo su programa lleno de esperanzas y en el que palpita una sana intención para la reforma gubernamental de nuestra patria, uno de los primeros en alistarse bajo la bandera despelgada en Castropol con el sello reformista por D. ¡Vicente Lorient! – así, con admiración— fue D. Conrado Villar, y con noble afán en la prensa y en la tribuna, ora flagelando con el rebenque de su pluma a los retrógados, ora con el timbre de su voz clara y fogosa, se dedicó a reclutar prosélitos para imponer las teorías del programa reformista.

[...]

¡Cuántos insultos recibió como premio a su intento! Largos serían de anotar; pero a pesar de todo, teniendo el lema explorador por divisa “Siempre adelante”, continuó arrollando cuantos obstáculos se oponían a su marcha, y quemando con la tea de sus razonamientos el velo que los eternos crispines habían tejido sobre el horizonte reformista.



O sacerdote José Rodríguez Fernández, moi activo na prensa da zona durante décadas.

Publicou en varios xornais da época durante moitos anos. No *Castropol* foi un dos colabroadores máis estables, asinando co seu nome, co pseudónimo *Pepe de Mingo* e máis esporadicamente como *Hipólito*.

Para os seus escritos en prosa decantouse polo castelán, aínda que intercalaba con moita frecuencia fragmentos en galego, como xa indicamos anteriormente. En poesía usou máis o galego, aínda que tamén é autor de poemas en castelán. Así mesmo, escribiu cancións e obras de teatro. A súa obra de máis sona foi *Un feixe de tapiogadas*. Nalgún medio local comentouse que estaba escribindo unha novela, pero desménteo na súa crónica do 10 de marzo de 1910 (nº 170), e di que o que está escribindo é unha peza teatral baseada nos chanchullos da política local.

Villar Loza foi, certamente, un personaxe controvertido, que lanzou e recibiu duros ataques na prensa da época. Se el publicaba críticas mordaces desde o *Castropol*, recibíaas na mesma medida desde *El Eco de Occidente*, ó que denomina despectivamente *El Eco de Indecentes* ou, directamente, *El Indecente*. Algúns destes ataques ata lle deu pé escritos literarios, como sucede cun poema publicado o 10 de xaneiro de 1911 (nº 207) que comeza así:

*El Eco de Indecentes*  
me ha calumniado,  
y yo esas calumnias  
he festejado;  
pues ellas solas dicen  
con claridad  
que atacarme no pueden  
con la verdad.

Nese mesmo poema ataca un tal *Octavión*, que debe ser Octavio Cancio y Cuervo, pai de dous irmáns que o agredirían brutalmente con posterioridade. Antes xa se produciu outro ataque, o 4 de xaneiro de 1911, por parte de “unos conservadores católicos de pega”, segundo el mesmo di. O suceso tivo ampla repercusión no xornal, onde aínda o 10 de abril (nº 218) amosaba o seu agradecemento polas mostras de apoio e solidariedade recibidas desde Arxentina e Cuba.

O 28 de xullo sufriu a segunda agresión, esta vez por parte dos irmáns Nicandro e Ramón Cancio García Armero, fillos de Octavio Cancio, que o atacaron por detrás mentres falaba cunha veciña, segundo se relata no exemplar nº 231, do 20 de agosto. Os agresores ensañáronse con el e perseguírono, golpeándoo máis aínda ó caer no seu intento de fuxida, e incluso entraron nun establecemento onde uns veciños o introduciron para protexelo. O 18 de xaneiro de 1919 sufriu outras dúas agresións nun prazo de quince minutos, segundo se informa no *Castropol* do día 20 (nº 496), a mans de D. Domingo Casariego primeiro e de Manuel Fernández despois. Pola súa banda, eles denunciaron que o agresor fora o propio Villar Loza.

Tamén sufriu detencións. A primeira en outubro de 1909, segundo el denuncia, por decisión dunha “junta de notables” celebrada o 3 dese mes. Xunto con outros tres veciños, detivérono o día 4 pola mañá e pola tarde conducíronos desde o cárcere de Tapia a Castropol, escoltados pola Garda Civil e acompañados por moitos veciños da zona que se solidarizaron con eles. En Castropol foron recibidos por D. Vicente Lorient e outros representantes do Partido Independente. O día 5, despois de prestar declaración perante o xuíz, puxéronos en liberdade.

Se o que pretendían era amedrentar ou silenciar a Villar Loza, non o conseguiron, como se pode comprobar lendo a crónica que el mesmo fai do suceso no nº 115, do 10 de outubro:

La junta terrorista la constituyeron dos Curiales de Castropol enviados por el *Chaldy*, el *juecín*, la jueza, el *ilustre vendedor de cereixas* de Presno, que hoy ocupa el puesto de vigilante de consumos con el pomposo nombre de administrador de los mismos.

Y para que la junta fuese mixta y hubiese allí más enaguas que las de la ilusa jueza, también estaba un presbítero cuyo nombre daremos en otra ocasión por ser un páter que pertenece a la clase de estómagos agradecidos, e igual compra que vende.

¡Bien por la junta!

Mas sabed que vuestros nombres son hoy objeto de desprecio en todo el concejo.  
Y sabed también que se establecerá el *boycotage* social y comercial.

[...]

Me hacéis reír aquellos que habéis cooperado y confeccionado nuestro encarcelamiento.  
Sois dignos de lástima a la par que de desprecio.

Lo que habéis hecho fue haceros acreedores del desprecio de todo un pueblo.

En febreiro de 1914 ordenouse de novo a súa detención, acusándoo de ser o instigador dun motín en Tapia. Sabedor da orde que se dera, presentouse ante o xuíz, que o deixou en liberdade. En setembro sufriu unha nova detención e estivo preso en Uviéu durante dez días. Acusárono de protestar polo abofeteamento de Juan Pico, que tamén estivo preso con el, por parte da Garda Civil. Finalmente o caso foi sobreseído.

A súa vida familiar tamén estivo chea de sucesos lamentables, xa que en só catorce anos perdeu a súa muller e as súas tres fillas, de moi curta idade: o día 27 de maio de 1910 faleceu a súa filla María cando só tiña nove anos; o 20 de decembro de 1920 finou a súa esposa D<sup>a</sup> Concepción López Reguero, despois dunha longa doenza; o 12 de novembro de 1921 morreu a súa filla Pepita, con só dezasete anos e o 26 de maio de 1924 faleceu a única filla que lle quedaba, Carmina, de dezaseis anos. Aínda en 1955, estando próximo do día de defuntos, Villar Loza réndelles homenaxe ás súas tre fillas cunha poema in memoriam.


Á parte das súas colaboracións en prensa, en 1922 Conrado Villar Loza publicou un libro: *Un feixe de tapiégadas*, que recibiu unha entusiasta acollida no *Castropol*, algo que era de esperar tendo en conta a súa prolongada e comprometida carreira de colaborador do xornal.

O 30 de decembro de 1922 publícase un artigo asinado por T. —que tamén asina un poema en galego e varias colaboracións en prosa— que leva por título o da obra de Villar Loza. Nel dáse conta da publicación do libro, resúmese o seu contido e faise unha breve valoración do mesmo, destacando que está saturado do verdadeiro sabor da terra:

Con este título acaba de publicar nuestro estimado amigo D. Conrado Villar Loza una pequeña obrita representativa, en prosa y verso, y escrita en el dialecto de la villa de que es vecino, la próxima y simpática villa de Tapia. A dicha obra le puso dos números de música, de sabor asturiano, el amigo E. Méndez, director de la banda de Castropol.


O artigo remata cuns versíños en galego, exemplo de “patriotismo tapiego”, coma o que sinala na obra:

Chufa Xixón a súa playa,  
Santander a súa bahía,  
y con razón chufa Tapia  
a playa da Ribeiría.



Poema de Villar Loza en honra das súas fillas. (*Las Riberas del Eo*, 29/10/1955)

Pouco tempo despois, o 10 de febreiro de 1923 (nº 642) o xornalista Francisco Caramés publica un artigo moito máis extenso titulado “Un feixe de tapiégadas y un feixe de aplausos”. Nel fai unha crónica da estrea desa obra en Tapia, reformada ata o punto de que pode considerarse unha estrea. Di que o espectáculo causou moita expectación, non quedando nin un sitio libre, o cal obrigou a colocar cadeiras complementarias. A obra aplaudiuse fervorosamente, chegando a ser ampla ovación na parte final, cando interviu o dúo de Sabela e Pachín interpretado por Isabel Arruñada e Etelvino Méndez. O propio Villar Loza saíu repetidamente a escena aclamado polo público. O autor do artigo remata dicindo que Villar Loza pode chegar ós mais altos cumes da arte e que o logrará cando o intente.




Resesñas de *Un feixe de tapiégadas* no *Castropol*.

O labor de Conrado Villar Loza no *Castropol* é sobre todo de cronista da vila do concello de Tapia, pero, como xa indicamos, tamén publica algúns poemas, en galego ou castelán, asinados unhas veces co seu nome, outras como Pepe de Mingo e outras facendo constar as dúas denominacións. Excepcionalmente usou outros pseudónimos, por exemplo Hipólito, como sucede co poema titulado “Quen é aquel... advíelo”, publicado o 20 de decembro de 1908 (nº 124) dentro da súa sección “Piropos tapiégos”. O poema trata sobre a identidade do seu pseudónimo máis utilizado, Pepe de Mingo, que preocupa a un cacique da vila, e traza un autorretrato de si mesmo, caracterizado polo desexo de xustiza e de servizo ó pobo.

O 30 de marzo de 1919 (nº 503), na mesma sección, asina xa como Pepe de Mingo o poema “Non topou nin topa ovos”, relacionado coa política local:

O día 30 de xaneiro de 1923 (nº 641), cando a identidade de Pepe de Mingo xa está suficientemente esclarecida, asina con este pseudónimo seguido do seu verdadeiro nome o poema “Lonxe de aquí”, un texto que tamén viu a luz en *Ecós vegadenses* en novembro de 1926. No *Castropol* o título aparece cun erro tipográfico, de xeito que figura “Lonhe” en vez de “Lonxe”.



### Claudio Luanco

Claudio Fernández Luanco y Riego naceu en *Castropol*, a onde trasladaran a seu pai por motivos de traballo, en 1838. Licenciouse en Medicina e exerceu a súa profesión fundamentalmente en Avilés, onde se involucrou en diversas iniciativas cidadás. En 1908 trasládase definitivamente a *Castropol*, onde xa fundara o xornal do mesmo nome, aínda que segue mantendo con regularidade estadías en Avilés, das cales se dá conta no xornal, como era habitual na época sempre que algunha persoa relativamente coñecida realizaba algunha viaxe. No *Castropol* realiza labores de director e redactor ata o seu falecemento, o 7 de outubro de 1916.

Sorprende a frialdade con que acolle o xornal a súa morte, xa que non hai artigos especiais dos colaboradores habituais, nin poemas elixíacos, nin outras mostras de condolencia. Cómpre agardar case dous meses (nº 422) para atopar a primeira carta-pésame, que está enviada desde Porto Rico.

Co gallo do seu primeiro aniversario aparece en portada unha esquela (nº 450) e no número seguinte hai unha breve nota sobre ese acto, protocolaria e sen excesos.

Ademais das súas crónicas en prosa, cremos que a sección “Saetas” é da súa autoría, xa que no número 269 (20 de setembro de 1912) aparece un artigo titulado “Feliz viaje”, onde se informa dunha viaxe súa a Avilés, do seu pasado na cidade asturiana e dos recoñecementos que alí lle fan, e remátase desexando que despois duns días de descanso “torne con nuevos arrestos, bien provista la aljaba de las sabrosas e intencionadas *saetas* que con certero pulso suele disparar desde las columnas de este su amado decenario”. Nesa sección publícanse sempre uns breves poemas en castelán, salvo un, publicado o día 14 de abril de 1910 (nº 175), que está en galego. O texto refírese a D. Benito Castro, un político da zona que era obxecto habitual das críticas máis despectivas no xornal. Desta vez equivocouse o autor, xa que Benito Castro acabou sendo Deputado en Madrid, o cal propiciou novos argumentos para ridiculizalo, poñendo especial énfase no seu carácter pasivo, porque nunca interviña. Sobre el escribiu Pepe de Mingo un dos seus artigos máis incisivos, no que intercalou tamén fragmentiños en galego: “Don Benito se sienta *nos escanos* del Congreso y no sabemos que haya hecho allí otra cosa más que eso: sentarse. [...] *Non fai nada, nin pernuncia*. [...] *Nin pernunciará, ten a pibida*”.

### José Antonio Pérez

Descoñecemos datos biográficos deste autor, que publica o poema “Recordos” o 30 de abril de 1915 (nº 363). Tan só sabemos que era un emigrante da zona que estaba na Arxentina, porque o poema se enviou desde alá. Con posterioridade remitiu outros en castelán desde Avellaneda.

### Poemas de autoría descoñecida ou pouco clara

Por veces, algúns textos aparecen sen identificación ningunha do autor ou asinados con iniciais ou pseudónimos que non somos capaces de esclarecer.

O 10 de abril de 1906 o *Castropol* dedícalle varias páxinas a D. José Ramón Luanco (1825-1905), eminente químico e historiador de Castropol co gallo do seu primeiro cabodano. Entre todas as colaboracións, atopamos dúas en verso: unha de ORMAN (Ramón García González) en castelán e outra en galego que precede a unhas palabras en prosa enviadas por **Marcelino Vior** desde Ribadeo co título de “El ángel de D. José Ramón”. Non está clara a autoría, pero tendo en conta o contido do poema e que cada colaboración leva ó remate o nome do autor, parece evidente que todo o conxunto (poema e fragmento en prosa) pertencen á mesma persoa.

O 20 de febreiro de 1911 (nº 211) publícase no espazo dedicado a Taramundi un poema sen indicación de autor e pídeselle ó director que os publique no *Castropol*, o cal nos fai pensar que o envío procede de alguén que non colaboraba habitualmente no decenario, polo menos ata ese momento.

Tamén ten relación con Taramundi un poema asinado co pseudónimo **Cantaclaro** o 10 de maio de 1911 (nº 221), titulado “Cousas de mulleres” e inserido na sección “Musa popular”. Nel criticase a Xarrapo, que aproveitou a súa condición de alcalde durante catorce anos para enriquecerse. Vólvese á carga contra este personaxe na mesma sección o 30 de maio (número 223) cun poema, desta vez en castelán, asinado por Un Chambón, que era un dos pseudónimos usados por **Antolín Santos Mediante**. Naqueles meses, as colaboracións desde Taramundi ían asinadas con varios pseudónimos: Cantaclaro, Un Chambón, Mazzantini, etc., resultándonos imposible concretar cantas persoas se agochan detrás destes pseudónimos e a identidade das mesmas. Con todo, o feito de que tanto Cantaclaro como Un Chambón publiquen na sección “Musa popular” e que os dous ataquen o alcalde Xarrapo lévanos a pensar que pode ser Santos Mediante quen se esconda detrás dos dous pseudónimos. No *Castropol* non atopamos referencias concretas a este recoñecido poeta, salvo no nº 519 (10 de setembro do 1919), no cal se informa da chegada desde Riotorto á Veiga deste “ilustre maestro de Piantón”. Polo menos baixo a identidade de Un Chambón, cremos constatada a presenza deste poeta nas páxinas do *Castropol*, a pesar de que non compartía causas defendidas contundentemente desde o xornal. Ademais das posibles diverxencias no eido ideolóxico, Antolín Santos Mediante posicionouse nalgúns dos seus textos publicados noutros medios a favor da nova

feira da Veiga, impulsada polo alcalde Everardo Villamil como alternativa á da Silvallá, e mesmo recibiu por iso aplauso poético por parte de Federico Magadán, como moi ben indica Xoán Babarro nun artigo publicado en *La Comarca del Eo*<sup>2</sup>. O *Castropol*, pola contra, acolleu numerosos artigos en prosa e verso defendendo a Silvallá. O asunto acabou converténdose en clara disputa política, case en símbolo ideolóxico, representando a tradición da Silvallá ós “novos” do Partido Reformista e a nova feira da Veiga ós “vellos” conservadores.

O 30 de xaneiro de 1912 (nº 248), a continuación do habitual poema de Farruco, aparece un breve texto asinado por T., titulado “¡Chis!”. O mesmo autor publica “Xa saben” o 30 de marzo do mesmo ano (nº 254). O 10 de abril (nº 255) atopamos un novo poemiña asinado dese xeito. O tema é o omnipresente ataque ó partido “vello”:

Tamén aparece de xeito **anónimo** o poema “De caza”, publicado o 20 de febreiro de 1918 (nº 464), un poema no que se ironiza sobre o maurismo.

En total as colaboracións de todos estes autores no xornal suman cincuenta e seis poemas escritos integramente en galego e dous nos que hai unha pequena parte en castelán: nun deles trátase duns versos introdutorios, antes de dar paso á parte dialogada que ocupa a maior parte do poema, e noutro, ademais de dez versos iniciais, o castelán mantense nos diálogos dun dos personaxes. Con todo, a presenza do galego é maioritaria no texto. Na sección correspondente reproduciremos integramente todos os poemas.

---

<sup>2</sup> Babarro González, Xoán: “A *Veiga de Ribadeo* de Mediante. Centenario. 1913-2013”, en *La Comarca del Eo*. Ribadeo, 30 de marzo de 2013.

## CARACTERÍSTICAS DA LINGUA

En liñas xerais, o galego presente no xornal ten trazos popularizantes, achégase á fala da xente, coas características propias da mesma: dialectalismos, vulgarismos, abundantes castellanismos léxicos, etc. O castelán tamén é o modelo que se segue para a ortografía, como era habitual na época. Non se aprecian diferenzas considerables nas características xerais da lingua presente nos distintos textos, aínda que si podemos sinalar algunhas particularidades que despois concretaremos, especialmente nun par de poemas remitidos desde Taramundi. Fronte ó que algunha vez se ten indicado, o feito de que algúns números se imprimisen en Ribadeo non condiciona nin modifica as características do galego escrito, xa que non se aprezen diferenzas lingüísticas entre os escasos textos que se publicaron en galego nos números impresos en Ribadeo e os dos números impresos en Lluarca e Castropol. Pola contra, como acabamos de indicar, hai algunhas diferenzas entre textos de distintos autores publicados nun mesmo momento. Dá a sensación, polo tanto, de que os redactores respectaban o xeito de escribir de cada colaborador, independentemente do momento e do lugar no que se imprimise o xornal.

En xeral, os trazos lingüísticos máis destacables son:

– Uso de **apóstrofo** para indicar o encontro de dúas vogais en palabras distintas que se pronuncian unidas na fala: *pra c'as sesiois, faltarm'a salú, d'esta terra, os homes d'a vila, por c'aquel, sobr'as pernas, lo c'antes, é verdade c'as cousas, andaban d'esa maneira, según ch'observo, com'os campos, qu'íbamos, com'os outros, d'outra, pra'l sou, pr'outra, d'este modo, com'os, com'un libro, lo qu'elos, com'outros, el día será c'os homes, qu'el que, eu c'a sesiois acudo, d'elas, tápas'os oyo, d'a noite, n'ela, n'a vila, alí ch'andan, d'os nenos,...*

Tamén se usa o apóstrofo para as contraccións da preposición **en** seguida de artigo ou pronome iniciado por vogal: *n'a terra, n'os pés, n'elos, n'el, n'ela,...*

– Artigo masculino singular **el**: *tein el poder, del probe, el mar, el día, el caldo, el tempo, n'el arado, el ben da patria, el remate, el noso pueblo, n'el medio, el mal, el ruído, el medo, el chorro, el meu home, el meu neno,...*

– Conxunción copulativa **y**: *y ben que corren, y non pouco, y a súa axuda, el poder y a influencia, abran os ollos y vexan,...*

– Solución **-ua-** como resultante dos grupos **-qua-**, **-wua-** latinos: *aguarda, cuartos, guardan, cuatro*, etc. Excepcións son as formas **condo** (cando) e **contas** (cantas), que atopamos regularmente en todos os autores.

– Monotongación de **-ai-** en **-a-** no grupo **-aix-**: *baxa, abaxo, baxaban, caxa, caxón,...*

– Monotongación en **-e-** do ditongo **-ei-**. Nalgúns casos pode ser por castellanismo: *entera, entero, maneira, deretas, dereto,...*

– Ditongo **-ui-** en vez de **-oi-**, sexa cal sexa a súa orixe: *descuido, muita, muitos, escuita, luita, luitan, escuitou, cuidaba, escuite,...*

– Ditongo **-ou-** antietimolóxico en **lougo**: *Pero un ecrix... pasa lougo.*

– Ditongo **-au-** en vez de **-ao-** en palabras procedentes do latín **-anu-**, **-ana-**, como *irmau, hermau, mau, maus*. Tamén se dá esta solución como resultado das preposicións *a* e *pra* seguida de artigo: *aus homes, aus nenos, aus pueblos, praus sous adentros, praus que fomos rapaces, praus vellos, praus meus adentros, mostrando aus ventos, aus hermaus, aus cristianos, praus outros, aus demais, ...*

– Terminación **-én** do latín **-enu** en **chen**: *chen de angustia, chen de egoísmo, chen de medo*, etc. No feminino atopamos a evolución de **-ea** – a **-ia** –: *chía de contento,...*

– Evolución a **–ei–** do hiato **–ái–**, en palabras como *meiz, ei, einda, ...* Por veces resulta difícil saber se a pronuncia é como ditongo ou como hiato, xa que non hai regularidade na acentuación; unhas veces aparece con til e outras sen el. Con todo, analizando a métrica podemos intuír que na maior parte dos casos a pronuncia debía ser ditongada.

– Evolución a **–iu–** do hiato **–ío–**: *tiu, fríu, níu* (nío, niño de paxaros),...

– Ditongo **–ia–** en vez do hiato **–ea–**: *chanciar, chia, olfatiar, deletriaba, aldiano, tramiando, pasiaron, fumiaban, desiaba, franquiarne, ...* Tamén atopamos algún exemplo desta evolución por fonética sintáctica: *era sabido quia xente* (que a xente),...

– Mantemento do **–l–** intervocálico nalgúns palabras: *avolo, avola, palo, fillos, xelada, filan, molín, calentar, ...*

– Uso da grafía **y** para representar o fonema lateral palatal: *trabayo, trabayan, lles, conceyo, meyoras, oyo, vaiye, muyer, oreyas, meyor, vidaya, ...* Nos textos enviados desde Taramundi, que aparecen sen indicación de autor, úsase sempre **–ll–**: *concello, lle, mulleres, vella, ollo, ...*

– **Aférese** vocálica: aínda que non é moi frecuente, atopamos algún caso: *(a)volo, ...*

– **Metátese** de **–r–**: aparece sistematicamente na palabra *probe*.

– Plural en **–is**, con perda do **–n**, das palabras agudas rematadas en **–ón** e **–án**: *sesiois, pasiois, ocasiois, leois, visiois, aiciois, pinzois, calzois, cais* (cans), *casois, gorriois, xirois, perrois, rincois, tizois, montois, montois, convicciois, adulois, funciois, ...*

– Terminación **–in** (–iño), tanto cando é sufixo diminutivo coma cando forma parte do lexema: *axeitín, papelín, agachadín, homín, despacín, toucín, camín, focín, pouquín, molín, piquín, paxarín, Benitín, ...* O plural desta terminación faise en **–ius**, **–ias**: *sentadíus, manías* (manciñas), *regatíus, rapacíus, vecíus, camíus, patías, verderíus, paxaríus, ...* Nos textos asinados coa inicial T. alternan as formas de plural **–íos** e **–íus** (*rapacíus, regatíus*). Nos dous poemas que aparecen na sección “Taramundi” úsase o diminutivo **–iña**: *casiña*.

– Terminación **–ía** procedente de **–INA**: *sardía, cocía* (cociña), *galía, galías, focía, ...*

– Forma **tu** como segunda forma do pronome persoal tónico.

– Uso xeralizado de **nosoutros** e **vosoutros**. Non se observa a vixencia da oposición *nós/nosoutros, vós/vosoutros*.

– Pronome **elos**: *e porque nelos, elos acuden, mentras elos non perden, elos honrados se viran, elos solo fagueerían, elos cuartos tein abondos, elos miran por os cuartos, elos mirábanla serios, que traidor seña como elos, de como elos al instante, ...*

– Pronomes **la, lo, los, las** como formas de obxecto directo de 3ª persoa: *los premia, contra el mar la defenda, un que la desminta, ben lo sei, buenos los teña, xa la ven, los leven vivos, non las fagas, non las temas, mirábanla serios, decíanlo, quen lo coma, dígolo según palabras, ...*

Estes alomorfos con **–l–** úsanse tamén despois de formas rematadas en ditongo: *papoulo, miroulas, tiroula, ...*

– Posesivo **sou, sous, tou, tous**: *os sous homes, os tous servicios, sous deputados, acudan co el sou poder, el sou remedio, praus sous adentro, el sou dolor, os sous vecius, el sou pueblo, os sous primores, el sou nombre, el sou pico, el sou cerebro, el sou seso, sous padres, el sou dese, al sou tempo, al tou lado, ...* Nos dous textos de Taramundi úsase **seus**: *de seu padre, a seu padre, ...*

– Demonstrativos **estos, esos, aqueles**: *estos badamecos, aqueles que nas súas maus, estos ouguidos, daqueles homes tan tristes, aqueles homes que máis honra os deron, esos cuatro ou cinco homes, tempos aqueles, ...*

- Indefinidos **unhos** e **algunhos**: *unhos meses, non faltan algunhos, unhos xudíos, ...*
- Uso sistemático do indefinido **naide**.
- Non contracción de **con** seguido de artigo. Algunhas veces mantense invariable a preposición (*con a mentira se mancha, con as ansias, con a distancia, con os tañidos que caen, con a flor, con as esencias, ...*) e outras perde o –n final pero grafíase separada do artigo (*co a fartura, co a pucha, co a taza, ...*). Conrado Villar Loza, nalgúns textos, introduce un apóstrofo nestes casos: *co' a constancia,...*
- Non contracción de **por a**: *por a xusticia, por a lumieira, por a esquina, por a senra, por a mañá, por a plaza, por as artes, por as letras,...*
- Uso sistemático da preposición **pra**.
- Adverbio de lugar **aló**. Non se observa uso complementarios coas formas en –**á**, que non aparecen nos textos.
- Uso do adverbio **adelante**: *acera adelante resoan, acera adelante seguían,...*
- Uso sistemático de **donde** en calquera das súas funcións.
- Verbos:
  - DICIR: *dices, dice, dicen* no presente de indicativo (*dice a muller,...*)
  - FAGUER, FER: a primeira forma conxúgase regularmente, mentres que para FER atopamos *fain* como P6 do presente de indicativo (*elos solo faguerían, outra cousa fer lles cuadra, fain deputados, cousas como esa se fain por si dese xeito, fain decir,...*) e *fixiche* como P2 do pretérito perfecto (*¿que fixiche tú...?*). Conrado Villar Loza usa *fairía* para o condicional (*fairía dos reformistas tortilla de bacalao, fairía del de Mingo,...*). Nos dous textos de Taramundi úsase *facer*.
  - OUGUIR: úsase con regularidade por parte de todos os autores: *pero ouguín, non lles ouguía outra voz, el máis vello ten ouguido a sous abolos,...* Tamén atopamos o substantivo *ouguidos*: *que hai nestos ouguidos, traiga el ouguido, delle a Evardo nos ouguidos, ...*
  - QUERER: para a P3 do presente de indicativo úsase *quer* (*pois quer saber Farruco, si quer vosté,...*) e para o presente de subxuntivo *quira, quiras,...* (*non faltan algunhos que quiran darlle outra cara, que lles rece quen lles quira, mentras quira el cielo, por corpulento que quiras,...*).
  - SABER: *soupen, soupeche, soupo,...* para o pretérito perfecto.
  - SER: *seña, señan* no presente de subxuntivo (*señan homes, que traidor seña como elos, a terra lles seña leve,...*).
  - TAR: utilízase sistematicamente esta forma con aférese inicial: *tar lonxe, tan alí, ten que tarse, tan animadas, ei ta, el caldo xa ta fervendo, lougo ta a peza acabada, tan solo taban, ei tan, taba el gato xunta delos, tas rezando?, tade calados,...* Para a P6 do presente de indicativo úsase *tein* (*que tein as vodas,...*); para a P3 do presente de subxuntivo úsase *teña* (*ben peras ou mazás / pra que teña acompañado,...*).
  - TER: *teis* para a P2 do presente de indicativo, *tein* para a P6 do mesmo tempo (*tein el poder, elos cuartos tein abondos, ei teis, ¿Qué teis?, el medo que teis contigo, tein el respaldo, tein as armas,...*), *tía* para a P1 e P3 do pretérito imperfecto (*tía Xuaquín unha terra; tía prisa, Xuaquina, aquela tarde; tían bon dente,...*).
  - TRAER: *trais* para a 2ª persoa do presente de indicativo: *trais ganas de charla,...*

- VIR: *vías* como P2 do pretérito imperfecto (*condo vías alí,...*); *vein* para a P6 do presente de indicativo (*lo que vein a contarvos, vein as brisas,...*); *vese* como P3 do imperfecto de subxuntivo (*i...que vese a traidora a dar en falsa!,...*).

- Como norma, terminación *-che* para a 2ª persoa do pretérito perfecto: *viche, fuche,...*

– En xeral, a lingua é de carácter popular, con abundancia de léxico rural e de expresións enxebres, entre as que destacamos as seguintes:

- **en + xerundio**: *vamos a charlar un pedazo en acabando este rego.*

- **tirar de**: *tirou de isqueiro.*

- **al pé de**: ó lado de, a carón de, á beira de.

- **leve el demo/ leve el deño**: alternan as dúas variantes no mesmo autor e incluso no mesmo poema. Pepe de Mingo usa a variante “leva el demonio”.

- **lume que dá na palla**: *ten a sangre máis viva que lume que dá na palla.*

- **fer el agosto**: obter moitas ganancias (*el tendeiro / que ve a xente reunida / comeza a fer el agosto,...*).

- **del xeito**: así, deste xeito, con estas características,... (*Al ouguir voces del xeito, / sinte a xente tal cobiza; subiuse encima e del xeito / a chamar xente principia.*)

- **axeito**: con coidado, a modo,... (*fóronse á cama, despacín, e axeito,...*).

- **nin cousa**: nada (*sin cenar nin cousa,...*).

- **a escape**: ás présas, rapidamente (*Como vedes, a escape xa se acercan/ os tempos en que a vida se renova,...*).

- **cas de**: casa de: *¿que vay facer a cas do veterinario?*

- **con a lingua de fóra**: moi fatigados, cansados.

- **madeus**: expresión exclamativa con matices equivalentes a “abofé”. Esta forma, que consideramos unha evolución de “Madre de Deus” aparece repetidamente nos textos asinados por Orman, Farruco e F., que consideramos todos pertencentes a Ramón García González. Non a recollen os dicionarios galegos, pero atopámola no *Vocabulario del bable de occidente* de Bernardo Acevedo Huelves e Marcelino Fernández y Fernández, onde se define do seguinte xeito:

*Madeus: Juramento de poca importancia. Cfr. cast. ant. madios, equivalente al `ma— dia’ de los griegos. Ús. de Valdés al Eo. V. madezas A.F.*

Dada a particularidade desta forma, reproducimos boa parte dos exemplos nos que aparece:

[...] —¿E que van faguer os vellos? / — ¿Que van faguer? Pois tá claro: / morrer tamén ¿non é tempo? /—É, *madeus*. Aunque...

[...] A pulga non se descuida, / aquí e alí fina clava / el aguillón, e en sorber, / *madeus* si entende de pausas, / pero Florencio, que é home / a quen non sentan as chanzas [...]

[...] Os vapores que da ola / fartos de olor se escapaban, / al refregarlle a nariz / enternecíannlle a entraña, / e iba sentindo un afecto / hacia a cazola, e tan rara / atracción, que as maus, *madeus*, / si nos bolsos se lle aguantan.

[...] ¿E que queredes? ¡*Madeus*, / si a min tamén non me chifra! / Tomou un couso na mau, / apretou... ¡Non sei que diga! / ¡Pois non saliu un conexo / dando el focín e as patías! / Tomou outro ¡un galo hermoso! / Outro despois je unha pita! / *Madeus*, aquilo era cousa / ben de encanto ou bruxeiría.

[...] que se apilen nel caxón / muitos billetes de Banco. / ¿ E con esto, xa, *madeus*, / se pode pasar bon ano!

Tía prisa, Xuaquina, aquela tarde; / *madeus* que tía prisa, no acougaba. [...]

[...] —Cala á boca; cada vez que me acordo, nena, temblo, / porque che era un trasnazo coma un oso, / e os dedazos, *madeus*, eran de ferro.

[...] Nin el cavaba, nin ela, unha vez / tomaba de entre os dedos a calceta; / sempre andaban del brazo, sempre ociosos, / empapados nel goce das bellezas. / ¡*Madeus*, era demais! Pero entre aqueles / encantos, non faltaba a súa treta.

[...] Ademais; as bocas de anos / cailles mal, *madeus*, a risa: / melas e melas amostran / e a veces, vaia, xa pingan.

[...] Pero agora ¿a que familia / pertencen esos Pablos? / ¿Aus que se chaman católicos? / ¡Pois, *madeus*, que son dos prácticos!

[...] Eso, *madeus*, non ten volta; / tan collidos del cabestro.

[...] porque che era un trasnazo coma un oso / e os dedazos, *madeus*, eran de ferro.

[...] ¡*Madeus*, era de máis! Pero entre aqueles / encantos, non faltaba a súa treta.

## A NOSA TRANSCRIBIÓN DOS TEXTOS

Na reprodución dos textos mantivemos en liñas xerais o orixinal, coas salvidades que para facilitar a lectura se soen introducir en textos clásicos da literatura galega: supresión de apóstrofos e acomodación ó estándar actual no uso das contraccións, na acentuación e na ortografía.

Consideramos que se trata de aspectos que non deturpan a autenticidade da variante utilizada, xa que son modificacións que afectan o plano escrito do idioma, decidido polos autores, pero non ás súas fontes orais, que pretendemos respectar.

Somos conscientes da diversidade de opinións que hai con respecto á conveniencia de respectar ou non a escrita orixinal á hora de reproducir calquera texto. Neste caso a decisión pode ser aínda máis controvertida ó non respectarmos o Y co que na maior parte dos casos –non sempre- se grafía a pronuncia yeísta que se rexistra en parte do galego de Asturias do que no galego estándar é o fonema lateral, palatal, sonoro. No occidente de Asturias aínda na actualidade ten asentamento o uso desta grafía que, ó noso entender, mesmo acabou asumindo matices identitarios, reservando o LL para os casos nos cales se mantén a lateralidade.

Na fala, a diferenza só se dá en parte do territorio da zona eonaviega e Castropol non está incluído nesta área. A pesar de que a influencia do xornal non se limitaba só a Castropol, ningún dos autores é natural ou veciño do territorio no cal a oposición fonolóxica á que antes nos referíamos ten pertinencia. En *El Aldeano*, como veremos no seu momento, o uso de Y e LL é moito máis arbitrario, de xeito que non son raros os casos nos que un mesmo autor utiliza nun só texto as dúas variantes para a mesma palabra.

Tendo en conta isto e a intención máis divulgativa ca filolóxica do noso traballo, optamos por regularizar os casos, utilizando sempre LL na nosa transcripción dos textos.

## TEXTOS

**RAMÓN GARCÍA GONZÁLEZ**

(*Castropol*, nº 24. 10 de marzo de 1906)

AL AMOR DE LA LUMBRE<sup>3</sup>

Espaciosa es la cocina,  
bajo el hogar y de piedra,  
las paredes ahumadas,  
oscuro el suelo y de tierra;  
el fuego sobre el hogar  
el pote lame y caliente,  
y en los escaños sentados,  
aguardando por la cena,  
vense mujeres y hombres,  
cada cual en su tarea:  
ellas mondando patatas,  
calcetando o con la rueca,  
ellos tirando al cigarro,  
mientras platica la lengua.

Vamos, que —dice Xanón—  
pra que as sesiois eu me perda  
ha de faltarme a salú  
ou tar lonxe desta terra.

Eu non sei como non vades,  
os homes da vila entera  
tan alí, e ben que corren  
a sentar as posadeiras,  
por que aquel que se descuida  
ten que tarse sobre as pernas.

— Pois lougo ¡tan animadas?—  
pregunta Pedro de Xeixas.

— ¿Animadas? ¡E non pouco!  
¡Lo que antes mortas tuveran!

— ¿Pero é verdade que as cousas  
andaban desa maneira?

— Según che observo, Perico,  
como os campos si los deixas.

— ¡Pois traballo lles aguarda!

— Traballo e muita pacencia,  
e han de pasarse unhos meses  
en desbrozar esa selva.

¡Pardiez<sup>4</sup> que íbamos al olga<sup>5</sup>,

---

<sup>3</sup> Como indicabamos antes, este texto está maioritariamente en galego, pero ten unha parte narrativa inicial en castelán.

<sup>4</sup> *Pardiez*: esta expresión é bastante habitual nos poemas asinados cos pseudónimos Orman e Farruco.

se a tempo non se desperta!  
 —Non sei como outros concellos  
 como sube a espuma medran.  
 E por que nelos os homes  
 traballan doutra maneira.  
 Olvidados de si mesmos,  
 pra el sou concello gobernan,  
 sempre buscando as melloras  
 mentras os males alexan;  
 buscan e fain deputados  
 homes que podan e sepan,  
 e a súa axuda lles piden  
 e elos acuden de présa,  
 que si salir queren pra outra  
 lo que lles pidan atendan;  
 e deste modo, Perico,  
 el pueblo sube e prospera,  
 e tamén, como os sous homes  
 tein el poder e a influencia,  
 e mentras elos non perden  
 del probe e casa remedian,  
 e el concello los bendice  
 e Dios por buenos los premia.  
 — Conforme, Xanón, conforme,  
 é coma un libro a túa lingua.  
 —Pois todo eso que che digo  
 faltounos aquí na terra.  
 Ei ta, sinón, esa vila.  
 Di, ¿que fixeron por ela?  
 El mar lle come nos pés  
 e el mellor día la leva.  
 ¡Probe vila! En abandono  
 os tous servicios che premian!  
 ¿Víranla os ollos, Perico,  
 desboronarse<sup>6</sup> de présa,  
 sin unha mala parede  
 que contra el mar la defenda,  
 se a algunhos líos que tuvo  
 sous deputados fixeran?  
 ¿Podera xente de fóra  
 faguer lo que elos por ela?  
 ¡Como outros pueblos souperon  
 nelos buscar a súa medra!  
 ¡E elos honrados se viron  
 e nosoutros con afrenta!  
 — ¡Avergonzan estas cousas!  
 — Avergonzan e dan pena.  
 ¿E condo lexos tirando

---

<sup>5</sup> *Olga*: sitio de profundidade onde se depositan algas mariñas, barranco. Fig. “ir al olga”: caer por un barranco, entrar nunha situación moi mala.

<sup>6</sup> *Desboronarse*: esboronarse; caer, vir abaixo unha construción ou calquera outra cousa.

pasiois que males nos deixan,  
el día será que os homes  
abran os ollos e vexan  
que el que goberna é pra el pueblo,  
non este pra quen goberna?

Tórnellos Dios esas sombras  
e esa lección lles aprenda.

— Pois eu non sei, pero ouguín  
que os vellos tamén dixeran  
que eles sólo faguerían  
lo que en concencia tuvera.

— ¡Non fora malo, Perico,  
e entonces xa cousa feita!  
Mais eu que a sesiois acudo  
e non perdo pizca delas,  
ben lles vexo como as brasas  
prá sardía súa achegan,  
mentras que a un lado a Xusticia  
tapase os ollos con pena.

— El caldo xa ta fervendo—  
una mujer dice presta.

— ¡A cenar! — Xanón exclama —  
e aquel que saber quixera  
como hoy se fila delgado,  
al domingo á vila veña;  
e si por obra dos tempos  
a concexal mañá chega,  
aprendendo en lo que escuita,  
sepa ás tortas e ás deretas,  
pra non ser un non ou ou si,  
atento sempre prás señas.

ORMAN

(Castropol, nº 28. 20 de abril de 1906)

#### NEL REGO

— Mui buenas tardes, Xuanón.  
— Téñalas, Pedro, mui santas.  
— Vamos, vamos, vaille dando:  
antes da noite la acaba.  
— Home, si; xa falta pouco.  
Lougo ta a peza acabada,  
menos mal: outros dos días  
de ei enriba que me faltan;  
hei de labralos pasado,  
si el tempo sigue de gracia.  
— Penso que si; por lo menos  
non presenta mala cara.  
— Xa que non ¿E levas prisa?  
— A del que dorme sin ansia.  
— Supoño; mira, vaite indo  
nela, acabado este rego,  
daremos unha chupada.  
Pois xa chegamos, señor,  
mentres descansan as vacas,  
séntate aquí nel arado,  
que tu trais gana de charla.  
— Todos teremos abondas;  
vamos, na vila ¿que pasa?  
— ¿Ves? Condo vías alí,  
ben comprendín as túas ganas.  
Pois alí che andan as cousas  
según esa lei que fala  
e a vida é luita continua  
e de luita naide se escapa,  
pero esa luita nobre e mui santa,  
como sempre foi peliar,  
por el ben da súa patria,  
si ben non faltan algunhos  
que quiran darlle outra cara.  
Non é verdá. Por dañar,  
a naide alí se traballa,  
alí, el ben del concello  
é cousa tras a que se anda,  
e verlo nadando en bienes,  
rebosando en abundancia,  
fora alegría de todos  
e esa é de todos ansia;

e el que outra cousa dixera,  
con a mentira se mancha.

Elos, cuartos tein abondos;  
poder, tampouco lles falta;  
entonces ¿pra que decir  
que outras miras se guardan?

¡Sempre pra el ben afogar  
abundaron as patrañas!

Señamos cual debe serse,  
que a calumnia é arma baxa!

Engrandecer el concello,  
ei teis a divisa santa  
que todos xuntos tomaron  
al presentarse en campaña;  
e agora cóntame dun  
que la desminta con nada.

Del remate de consumos,  
elos entran na subasta;  
fixados en trece mil  
pesetas tan soio taban;  
un céntimo máis non suben  
se eles, Perico, se calan;  
pero puxan ¿que subiron?  
unhas cuatro mil e tantas.

Pois todas esas pesetas  
nos salirán das espaldas,  
que naide máis que nosoutros,  
había, Pedro, pagalas.

Ceden, despois, el remate,  
pois os mil rales<sup>7</sup> que sacan,  
en vez de gardalos pra eles,  
al concello llos regalan.

Elos son como sabemos,  
quenes levantan a estatua  
al señor de D. Fernando<sup>8</sup>,  
que é gloria nosa e de España;  
elos quen por a xusticia  
nas sesiois luitan e falan;  
elos son os del papel  
e a naide, vemos, las cala;  
elos miran por os cuartos  
e cuidan en que se gastan,  
e si pasar pueden con un  
el dous se queda nel arca;  
elos, en fin, hoy por hoy  
¿que outra cousa fer lles cuadra?  
Que fagan todos como eles:

---

<sup>7</sup> *Rales*: reais, unidade monetaria que equivalía a vinte e cinco céntimos de peseta.

<sup>8</sup> Refírese ó monumento de pedra e bronce que se erixiu en 1911 en homenaxe ó valeroso navegante local D. Fernando Villaamil (1845-1898), que faceu en acto de combate na batalla de Santiago de Cuba, durante a guerra hispano-estadounidense.

fillos desta terra cara,  
acudan con el sou poder  
e axuden a levantarla,  
que aquí non se bota a naide  
si bon deseo lo acompaña.

Señan homes e desprecien  
pasiois que todo lo arrasan,  
e tomando el noso pueblo  
nel medio das mesmas palmas,  
xuntos levántenlo a unha,  
sin ver quen máis lo levanta,  
hasta poñerlo nas nubes,  
nas mesmas estrelas, hasta...  
que nese cielín azul  
el noso pueblo tocara.

— Non te entusiasmes, Xanón,  
que quedarás con as ansias.

— Ben lo sei. Pero, Perico,  
non abandono a esperanza  
de que aquel sol que se pon  
de Mondigo na montaña  
ha de alumar algún día  
feliz a nosa comarca,  
a terra dos nosos sonos,  
que aquí levamos na entraña.

— Que Dios te escuite, Xanón.

— Que Dios me escuite e lo faga.

E agora, xa que te vas,  
volvo a tomar a aguillada<sup>9</sup>:  
el ánxel vaia contigo.

Anda el rego. ¡Eeeeei, Gallarda...!

ORMAN

---

<sup>9</sup> *Aguillada*: vara con aguillón na punta para guiar o gando ou picalo, se é necesario, para conducilo máis a présa ou por onde se desexa.

(Castropol, nº 29. 30 de abril de 1906)

### UNA VISITA<sup>10</sup>

Al clavoteado portón  
de solar de noble aspecto,  
en cuyo frente un escudo  
reza su ilustre abolengo,  
llega y penetra un anciano  
de continente severo.  
Atravesado el portal  
fué la escalera subiendo,  
y cuando toca en el piso  
le sale al paso otro viejo.  
— Buen día —dice el que sube.  
— Mui buenos los teña, médico  
Pardiez, xa fai gran bocado  
que por usté me impaciente.  
— Pues vamos, vamos de prisa;  
muéstrame, pues, el enfermo.  
— Por el campo ese infeliz  
tendidos ten os sous membros.  
— ¡No te comprendo, Xanón!  
— Usté cale, que eu me entendo.  
Véñase vindo axeitín,  
neste sillón tome asiento,  
e el mal de que falo mire  
aquí nestos badamecos<sup>11</sup>,  
que ei ta, reta por la agulla,  
sin unha coma de menos.  
— ¡Bueno, bueno! Estos papeles  
dicen, Xanón, que el enfermo,  
sin cuidarse de su mal,  
viene ha tiempo padeciendo.  
— Hai muitos anos, señor.  
Home foi de corpo recio,  
pero carcómense os robles  
e él ablandou como vemos.  
E aqueles que nas súas maus  
a tal punto lo trouxeron...  
non se cuidan de curalo,  
pois que lles sirve lo mesmo.

---

<sup>10</sup> Igual que no primeiro texto, este poema ten parte en galego e parte en castelán. A parte narrativa e os diálogos dun dos personaxes aparecen en castelán, mentres que o labrego, que é quen máis protagonismo ten, fala en galego.

<sup>11</sup> *Badamecos*: cartapacios nos que se gardan documentos ou papeis varios.

E ¡ai!, pardiez, que perde as carnes,  
e que se queda nos huesos,  
e que degola a cabeza,  
e hai que cantarlle el enterro,  
si xente de buena fe,  
sintindo por él afeuto,  
non se movera, disposta  
a buscarlle el sou remedio.

Agora, usté me dirá  
que lle parece del cuento.

—La cosa, amigo Xanón,  
tiene sus más y sus menos;  
no es aún desesperada,  
pero vino a tal extremo...  
dejándolo en tal estado,  
tan mal parado su cuerpo,  
que volverlo a la salud  
es cosa de mucho tiempo.

Si sanará, no lo dudo,  
si se ayuda, por supuesto,  
y si ponerse procura  
en manos de buenos médicos,  
que sepan lo que recetan  
y por él tengan empeño;  
de otra manera, Xanón,  
yo nada bueno prometo.

— E agora non ha decirme  
el mal que le ven roendo?

— Desarreglo general  
y en extremo grado anémico.

— ¡Cate pra alí...! ¡Ta apañado!  
¡Que agora se dorma el neno!

— Concluída la consulta,  
nómbreme Xan, el enfermo.

— ¿Non sabe a casa en que ta?

— Pues en la casa del pueblo!

— ¿E terei que decir máis?

— Habla, si quieres, con ciento.

— Ei ten el retrato, mire,  
e,—mialma<sup>12</sup>, diga se é el mesmo.

— Pues, hombre... hombre... Xanón,  
ni lo saco... ni recuerdo.

— ¡Como, probe, lo deixaron,  
hasta os sous desconócelo!

Pois, mire; pra entre nosoutros,  
sin que esto sirva de cuento,  
saberá que ese infeliz  
éлле, señor, el Concello.

ORMAN

---

<sup>12</sup> *Mialma*: expresión exclamativa moi utilizada nos poemas deste autor.

(Castropol, nº 246. 10 de xaneiro de 1912)

¡PENSEN!

Andan os tempos revoltos,  
mui revoltos, de maneira  
que el diablo brinca de gozo  
porque presume cosecha.

Descubre aus homes nas trampas,  
e el perécese por elas,  
porque elas son el angazo<sup>13</sup>  
con que xunta prá fogueira,  
e por as idas e as vidas  
pra min que sinten a queima.

Danse a centos os traspés  
condo se perde a cabeza,  
e hasta aus nenos se divirte,  
e a todos chama a comedia,  
e apláudese, ¡ai, que se aplaude!  
hasta con corno e corneta.

¿A que, mialma, así empeñarse  
en meterse en casa ajena?  
¿Bótanlos? ¿Son os da casa?  
Pois adiós, e porta aberta,  
e salirse e non volver  
que a vergonza esto aconsella.

Vólvanse cordos, non traten  
de mandar por a tremenda,  
que a tremenda xa la ven  
e caier nela poderan,  
por que aquel que escupe al cielo  
caille a saliva na testa,  
e hai tiro que por atrás  
sale, al deixar a escopeta.

Farruco

---

<sup>13</sup> Angazo: apeiro de labranza con dentes, de madeira ou ferro, que se usa para xuntar herba, palla, folla, etc.

(Castropol, nº 247. 20 de xaneiro de 1912)

¡CORAXUDOS!

Xa se deitara temblando,  
despertou despavorido,  
as doce daba el reló,  
e escuitou...

—Ei tan —se dixo;—  
veñan os guardias al punto,  
el fusil traigan consigo,  
disparen, maten e collan  
e á cárcel los leven vivos.

No me deixan descansar,  
vaia al deño el ser político.

—¿Que teis?—lle dice a muller—.

—¿Pois tu non sintes el ruído?

—¿Que ruído? Debes soñar.

—¡Soñarei! Sonan os chifros,

—Anda, que son as orellas.

—¡Ojalá! Son esos pillos.

—Mira, dorme, non delires,

—¿Pois, que hai nestos ouguidos?

—Fácil he de adiviñar:

el medo que teis contigo.

Farruco

(Castropol, nº 248. 30 de xaneiro de 1912)

### A SILLA

“Mellor que de pé, sentado»,  
esto hai muitos que aseguran,  
e a daquén<sup>14</sup> por eso vese  
que el asiento al xeito busca;  
pero hai sillas del degorrio<sup>15</sup>,  
que a lo mellor se espatuxan<sup>16</sup>,  
e sale el corpo molido,  
¡e ainda si non se expachurra<sup>17</sup>!

Outras... hai de compromiso;  
tein el respaldo de puntas<sup>18</sup>  
e pican que non se sufren.

Podedes creer, dan angustia,  
e hasta parece que bailan,  
e os ouguidos nelas zumban,  
e, mialma, deben de ter  
el asiento chen de pulgas,  
porque nelas non se acouga  
e as sentadeiras aburan<sup>19</sup>.  
No hai que chanciarse<sup>20</sup> con esas,  
que non son conto de burla.  
Ei tedes unha, a de alcalde,  
que en ocasiois non asusta,  
pero ¡noutras...? Faga a sorte  
que sempre dela me escurra.

¡Habíades de ir a sesiois  
cuando as cuentas ben se axustan!

Non vos dé medo mirarlo,  
e xa veredes si bufa,  
morde a lingua e palidece,  
e por os ollos apusla  
el alcalde más sereno  
condo a disputa lo estruma<sup>21</sup>.

¿Esa silla? Pra... Xa dixen,  
e a decir volvo, ten pulgas.

Farruco

---

<sup>14</sup> *Daquén*: alguén.

<sup>15</sup> *Degorrio*: demo. “*Sillas del degorrio*”: sillas do demo, para indicar que son pouco desexables.

<sup>16</sup> *Espatuxar*: romper as patas, neste caso, das cadeiras.

<sup>17</sup> *Dexpachurrar*: espachurrar, aplastarse algo totalmente.

<sup>18</sup> *Puntas*: cravos.

<sup>19</sup> *Aburar*: abrasarse, queimarse.

<sup>20</sup> *Chanciarse*: chancearse, facer chanzas ou bromas.

<sup>21</sup> *Estrumar*: converter en esterco, pero tamén *apretar con forza*, que parece a acepción máis axeitada para este caso, en sentido figurado.

¿QUEREN?

Andan os vellos<sup>22</sup> queixosos,  
si no me cuentan mentira,  
de que neste papelín  
los calumnian e acuchillan.  
Calumniarlos, no é verdá,  
e acuchillarlos, non mintan.  
¿Donde, Xudas, corre a sangre?  
Ora, si queren caricias,  
esas, vexan, son dos nenos,  
e por aquí non se estilan.  
Ademais; as bocas de anos  
cailles mal, madeus<sup>23</sup>, a risa:  
melas<sup>24</sup> e melas amostran  
e a veces, vaia, xa pingan.  
Deben, pois, de agradecer  
que con rabias e chinitas  
lles fagan terla apretada,  
que un enfado pasa axina.  
E despois ¿de que se asustan?  
¡As que fixeron, olvidan?  
“Non las fagas non las temas”,  
esto a menudo repitan  
Déixenlle, pois al bon genio,  
que luza alegre, a súa chispa.  
¿Non ven que valle de lágrimas  
a salve nombra esta vida?  
Podera a lingua chamarlles  
condo el contento rebinca,  
“Traga—actas”. ¿No lo foron?  
¡E as búas ganas que indica!  
Un alcuño<sup>25</sup> é un alcuño,  
¿quen por eso se maxina?  
El bon humor deu aus pueblos  
pila tamén e bautizan;  
bastaba el nombre del cura,

---

<sup>22</sup> refírese ós membros do denominado “partido vello”, dos conservadores, fronte ós “novos”, que eran os do partido reformista.

<sup>23</sup> *Madeus*: expresión exclamativa moi usada por este autor. Na maior parte dos casos ten o sentido de *abofé*.

<sup>24</sup> *Melas*: pezas dentarias.

<sup>25</sup> *Alcuño*: alcume, sobrenome que se lle pon a unha persoa, moitas veces en sentido humorístico ou despectivo.

pero... por si se perdía.  
¡Conque, lougo, andan de morros!  
Entonces, pra que non digan,  
dende hoi chamémoslles santos  
e que lles rece quen quira.

Farruco

(Castropol, nº 250. 20 de febreiro de 1912)

### EL PRIMEIRO

Aboboriaba<sup>26</sup> a cocía  
como si fora el infierno;  
por a lumieira fuxindo  
iban as chispas pra el vento;  
quéixase a leña estalando,  
e el unto chirriaba dentro  
da tixela<sup>27</sup>, e daba brincos  
de puro sufrir ardendo.

Sentados, al pé del lume  
taban Xuaquina e os nenos:  
ela, revolvía a pasta,  
elos, mirábanla serios.

—¿Ha de ser pra min, mamá,  
ese que fagas primeiro?

Esto decíanlo todos  
e ela seguiu revolvendo.

Alzouse, al fin, a garfela<sup>28</sup>;  
na tixela caeu dentro  
el chorro blanco da pasta,  
e nun instante, amarelo  
taba, na mau de Xuaquina,  
al cereixolo<sup>29</sup> primeiro.

—Pra min, pra min —dicen todos,  
erguéndose de contentos,  
e as manías levantaban  
que daba gusto de verlos.

Tamén, mirandoi erguido  
taba el gato xunta delos.

Como todos lo pedían  
e eran todos a collerlo,  
resbalou el cereixolo  
e deu consigo nel suelo.

El gato botoulle as uñas  
e escapou con el lixeiro;  
fouse a un rincón e papoulo,  
e despois, mirando aus nenos,  
¡Miau!, lles dixo el condenado,  
el focico relambendo.

---

<sup>26</sup> *Aboboriar*: aburiar, queimar, abrasar, producir unha calor moi intensa.

<sup>27</sup> *Tixela*: tixola.

<sup>28</sup> *Garfela*: culler grande para o pote ou para cociñar.

<sup>29</sup> *Cereixolo*: filloa.

Si algún *vello* lo observara  
dixera praus sous adentros:  
Tú relambíchete al fin  
e eu chupo acíbar dafeito.

Farruco

(*Castropol*, nº 251. 29 de febreiro de 1912)

¡NON REVOLVAN!

Contounos «As Libertades»,  
que é periódico de boina,  
e en zurrar<sup>30</sup> conservadores  
leve Xúcaras si acouga,  
que nun Juzgado de Oviedo  
salvar tratábase a honra  
de Tapín<sup>31</sup> por unhas cuentas,  
non sei si flacas ou gordas  
de condo foi diputado  
da provincia, ou esa cousa.

E eu pensei, e ustedes digan  
si pensa mal a mía chola<sup>32</sup>:  
«Miren de arreglarlle a perna<sup>33</sup>  
e nas cuentas non revolvan,  
que si son aguas pasadas  
pode no haber quen las ola».

Farruco

---

<sup>30</sup> *Zurrar*: mallar, neste caso, en sentido figurado.

<sup>31</sup> *Tapín*: refírese a D. Benito Castro, un político da zona que chegou a ser Deputado e que foi obxecto de frecuentes críticas e burlas no *Castropol*.

<sup>32</sup> *Chola*: cachola, cabeza.

<sup>33</sup> O mencionado político era coxo, por iso algunhas veces se refiren a el no xornal como “el coxín”.

¡NEGRA ENVIDIA!

Non ben Canalejas soupo  
que el ministro de Fomento  
arriar arriaba a carteira  
e se iba con vento fresco,  
“¡Probe de min!—exclamou—  
¿a quen poño nese puesto?  
Pra Hacienda teño a Navarro,  
e en Instrucción a Alba deixo”  
Un por un foise el meu home,  
aberto el ollo e axeito<sup>34</sup>,  
recorrendo os deputados  
que compoin el Parlamento,  
e al un deixaba por burro,  
e al outro por asno e memo.

“¡Buena ta a cousa!—decía—  
¡xa poden pedir fomento!”

A vez chegáballe a un  
que estirado e satisfecho,  
e posta a mau nos bigotes,  
xente nel de pouco pelo  
relambíase de gusto,  
el cargo dando por feito;  
condo pasou Canalejas,  
miroulo, virou el gesto,  
deulle á cabeza e seguiu,  
decindo praus sous adentros:  
“Este, por calvo, será  
mañá un venerable vello”.

El diputado, furioso,  
volveuse para el compañeiro  
del lado e díxolle

—¿Viche  
como pasa el majadero?  
¿Deixaríame tamén  
por burro, fatuo ou mastuerzo<sup>35</sup>?

—¡Ca!, Tapín—contesta el outro—  
¡E que che envidia el talento!

Farruco

---

<sup>34</sup> *Axeito*: ao xeito, amodo, pouco a pouco e con coidado. É unha expresión usada por este autor en moitos dos seus textos.

<sup>35</sup> *Mastuerzo*: fig., home necio, torpe.

## RECUERDOS

¿Donde vai, donde vai el monumento  
que poñían na igrexa el jueves Santo;  
el que tía nel pico unhos xudíos  
a corneta tocando mui plantados?

¿Donde vai, donde vai? El tempo, todo  
lo arrincona e retira despiadado,  
e con estas, aquelas e outras cousas  
vai a vida levando cacho a cacho.

¡Oh recuerdos del alma! Un cento tía  
pra os que fomos rapaces hai treinta anos.

El lunes comenzaban a poñerlo,  
el miércoles de noite taba armado,  
¿e el jueves? ¡Contas luces! Cielos vin  
con estrelas lucir ben menos guapos.

Al pé del, sentadíus, tábamos todos  
os nenos, vestidín cada un de maio.

Mirábamos as luces; se un derrego<sup>36</sup>  
podíamos coller, lo agazapábamos;  
reñíamos por el, mais lougo vía  
a canaveira de espuntar os pábilos<sup>37</sup>,  
pegábamos un coque, e por un pouco  
acogados deixábamos el palo.

Non rezaba ningún; unicamente  
pra reñir e falar tíamos labios.

¡Pero éramos tan nenos! A pesar  
que baxo el peso del misterio santo  
que reinaba na igrexa, condo os ollos  
poñíamos na Virgen, que nun lado  
del monumento taba, as pesadumbres  
que el rostro lle abatían sin descanso,  
nos entraban nel pecho e nos faguían  
mirar con pena el sou dolor amargo.

Pode un home ser duro; agora un neno  
ten como cera el corazón de blando.

Nosas madres rezaban por nosoutros.

Alí taban, piadosas, el rosario  
colgándolles da mau, todas de luto,  
mirando al suelo con semblante casto.

Aliviaban da Virgen os dolores

---

<sup>36</sup> *Derrego*: porción derretida das velas, que se vai deslizando e solidificando de novo ó longo delas.

<sup>37</sup> Instrumento feito cunha cana que se usaba para apagar as velas nos altares.

eran madres e saben conto caro  
cosían os fillos e a aflicción que arrancan  
si el dolor lles maltrata esos pedazos.

Por eso lle rezaban. Si; por eso  
enxugaban os ollos con el pano,  
que na fonte da angustia, muitas veces  
hundiulles el pesar el seco labio.

¡Oh Virgen! Non che esqueiza condo morran,  
que posto el pensamento en Ti choraron.

Farruco

(*Castropol*, nº 255<sup>38</sup>. 10 abril de 1912)

¡QUEN PASA!

*Taaa, pum; taaa, pum. Tuiii, titituiii...*

¡Que chifros son os que sonan  
e que pasadas son esas,  
como de persona coxa?  
Esto eu dixen, e entretanto  
os chifros más alborotan,  
e estas pasadas *taaa, pum*  
acera alante resonan.

Salinme á ventana e vin  
as outras con xente moza,  
todas nenas, rindo alegres,  
de broma e festa ganosas<sup>39</sup>.

— Évos el—decían unhas—  
Ben nel andar se lle nota.

— Alas quixera el meu probe  
pra escapar —añaden outras—  
Alí tá.

Entonces viuse  
por a esquina dando a volta,  
entre cen nenos que chifran  
e atronan a calle toda,  
un home de froxa traza,  
agachadín de vergonza,  
botando... ¡Dios sabe que,  
que no é pra menos a cousa!

As nenas, sempre prudentes,  
poñían a mau na boca,  
pero deixaban os ollos  
donde el contento lles chora.

Unha vella, un basilisco,  
sacou a cabeza moucha,  
miroulas verquendo rabia  
e retirouse da porta.

Acera alante seguían  
os chifros, sona que sona.

Pregunteime ¿quen será  
homín de tan mala sombra?

Naide me ouguiu, pero os pasos,  
más afinados agora

<sup>38</sup> Por erro, este número aparece impreso co nº 254, que corresponde ó 30 de marzo.

<sup>39</sup> *Ganosas*: con ganas de.

con a distancia, *taa, pim*<sup>40</sup>,  
acera abaxo resonan.

Farruco

---

<sup>40</sup> Coa onomatopeia *taa, pim* indica que quen producía o ruído era Tapín, alcuño co que coñecían o político D. Benito Castro, que era coxo, como indicamos anteriormente.

(Castropol, nº 255. 20 de abril de 1912)

### ENTRE VECÍAS

—¡Marica! ¿Víchelo?

—¡Vin!

—¡Que cousas pasan nel cielo!

Veñan agora e me digan  
que no hai arriba nubreiros<sup>41</sup>,  
e a ver si cousas como esa  
se fain por si dese xeito.

¡Pois ainda sinto os tembridos!

¡Ai! ¡Pasar pasei eu un medo!...

Taba salando nel caldo,  
nos brazos tía el meu neno,  
e figuróuseme, nía,  
que obscuro se iba poñendo.

Mirei para fóra jera noite!  
Entesecéronme<sup>42</sup> os nervios,  
e abrín a mau e botei  
nel caldo el puñado entero.

Non vai haber quen lo coma  
¡E ten un xenio el meu Pedro!...

—Pois, Xuana, foiche un ecrix<sup>43</sup>.

Así lles dixo el maestro  
aus rapacíus, al falarlles  
de que iba haber ese feito.

—¿E que son crises<sup>44</sup>, muller?

—Eu que sei; serán enredos.

¡Xa!... ¡Condo eu lo digo! Escuita:

Todos sabemos que os vellos<sup>45</sup>  
non son de palo de santo  
sinón de corno de demo.

As marañas llelo cantan.

Pois verás; naquel momento  
pasoume por a cabeza  
si pra faguer en secreto  
algunha maldá, tarían

<sup>41</sup> *Nubreiros*: serese imaxinarios que, segundo a crenza popular, gobernan e dirixen as nubes. Para anular os seus efectos, cando as nubes se poñían negras e tronaba, queimábanse ramallos de loureiro benzoados o domingo de ramos.

<sup>42</sup> *Entesecer*: poñerse teso algo.

<sup>43</sup> *Ecrix*: eclipse.

<sup>44</sup> *Crises*: refírese tamén ás eclipses.

<sup>45</sup> Coma en moitos outros textos, ó citar “os vellos” refírese ós políticos do “partido vello”, fronte “ós novos”, do Partido Reformista que capitaneaba en Asturias Melquíades Álvarez.

de acordo con os nubreiros,  
e por as artes que saben  
obscurecesen el cielo.

Vamos, Marica, confesa  
que din nel cravo. ¿No é certo?.

—¡Nubreiros! Non fagas rirme.

¡Bon nubreiro tas tu e eles!

Por lo que a min se me alcanza  
outros belenes son esos,  
e si é crix obscurecerse  
en ecrix están os vellos.

Pero un ecrix... pasa lougo

— E que hai ecrixes eternos<sup>46</sup>.

Farruco

---

<sup>46</sup> O poema debe interpretarse metaforicamente: a negra situación na que están os do “partido vello” é permanente; xa non volverá haber luz para eles.

### A LUNA

Despacín; mui pouco a pouco,  
con majestad dunha reina,  
grande e dorada a súa roda,  
salía a luna compreta.

Eu non sei que ten a luz  
que alegra sólo con verla.  
Al tío Xuaquín, sin embargo,  
pasoulle doutra maneira.

Taba sentado na porta,  
tomando el fresco que temprá,  
e condo a luna salía  
suspirou mirando pra ela,  
¿Recordaríalle amores  
en que ela a mel lle vertera?

Deso houbo algo, mais tamén  
houbo outras cousas máis que esas.

Dígolo según palabras  
que lle caieron da lingua.

“Hasta hai pouco— dixo el probe  
fuche a mellor compañeira.

Con esa luz dulce e suave  
—¡quen a esos tempos volvera!—  
alumácheme a ventura,  
das máis gustosas da terra,  
que tein as vodas na entrada,  
por que despois tan as penas.

¡Lougo tamén fuche amiga!

Condo enredoume na testa  
ser cacique e mangonear,  
e darme pisto<sup>47</sup> e fachenda,  
e en todo levar a mau,  
e en cousa algunha dar cuentas,  
e baraxar al meu gusto,  
hasta nas mesmas sentencias,  
e en todo fer el capricho,  
e a todos ter como recua  
de borregos.

¡Mais, pardiez,  
equivoqueime de veras!

Tirei de sobra da corda  
e din conmigo na terra.

---

<sup>47</sup> *Darme pisto*: sentirme importante, fachendear.

¡Eran leois, e por miope  
non soupen ver más que ovellas!  
Entonces, como che dixen,  
nacendo, en cuarto, ou entera,  
eras de mel, mais hoy día  
eres de fel... e compreta”.

Calou aquí, e einda falan  
que se deitou sin a cena.

Farruco.

(Castropol, nº 257. 10 de maio de 1912)

#### UNHA PREGUNTA

Non foron os Pablos, certo,  
pero fou xente dos Pablos,  
dos caciques de Colunga,  
eu non sei si esbirros<sup>48</sup>, bravos,  
ou algo así delos foron  
os que en Colunga mataron  
a un probe home, bon sujeto,  
dos sous vecíus apreciado;  
home que deixa unha viúda  
e fillos nel desamparo,  
e todo por el delito,  
que hoy é delito lo santo,  
de defender el sou pueblo  
— ei tedes el noso caso—  
de xente que lo... ¿roudaba<sup>49</sup>?

Lo que os periódicos falo;  
nada vin, pero descubro  
que é lo que vein a contarnos,  
e outra sospecha non causan,  
e pra admitirla dan datos,  
e datos que abren el ollo  
e fain decir: ¡Buenos páxaros!

Pero el camín continúo,  
que vou dereto al meu caso,  
e levantando a escopeta,  
digo, co a mira nel blanco:

Os criminales, xa vemos  
que tan dos Pablos nel bando.

Pero agora ¿a que familia  
pertenecen esos Pablos?

¿Aus que se chaman católicos?

¡Pois, madeus, que son dos prácticos!

Farruco

---

<sup>48</sup> *Esbirro*: persoa que, por encargo doutra, executa actos violentos.

<sup>49</sup> *Roudar*: rondar.

(Castropol, nº 258. 20 de maio de 1912)

¡QUE FIN!

Al pé del mar, nun penedo<sup>50</sup>  
taba un pescador de caña,  
e nesto, por frente del  
viu que cruzaba unha lancha.

Como un cuadro chen de angustia  
aquela lancha así pasa:  
naide ri, naide parola,  
naide chifra<sup>51</sup>, naide canta.

Os mariñeiros, sin gusto  
sobre dos remos desmaian<sup>52</sup>,  
e el timonel, desabrido  
por chorar casi que rabia.

Asombrado el pescador  
daquela rara comparsa,  
daquelos homes tan tristes,  
daquelas caras sin gracia,  
fijouse máis, e ¡ai! que viu  
que taba a lancha averiada,  
que por costuras e grietas  
entraba a baldes<sup>53</sup> el agua,  
e de carreira pra el fondo  
se iba con xente e con carga.

Nesto sentiu un tirón,  
sacou un múxel<sup>54</sup> da cuarta,  
e condo con nova xorra<sup>55</sup>  
a tender volveu a vara,  
calumándose nel mar  
baxaban homes e lancha.

Non lles ouguía outra voz;  
¿era justicia ou desgracia?

Descubriuse; rezar iba  
a Dios por aquelas almas,  
condo a corrente empuxou  
hasta el pé dela unha tabla.

Era el letreiro, miroulo:

---

<sup>50</sup> *Penedo*: rocha, pedra elevada sobre a superficie.

<sup>51</sup> *Chifra*: asubía.

<sup>52</sup> *Desmaiar*: perder os sentidos, torcerse.

<sup>53</sup> *A baldes*: en gran cantidade.

<sup>54</sup> *Múxel*: peixe negro polo lombo e prateado polo ventre, de escasa calidade por alimentarse en augas excesivamente contaminadas.

<sup>55</sup> *Xorra*: miñoca que se usa como cebo para a pesca.

a CACICA lle chamaban;  
como si fora un tizón<sup>56</sup>  
tiroula al agua con rabia,  
suspendeu el padre nuestro,  
cubriuse e púxose a caña.  
Dicen máis; sei que pra el sitio  
botaba fieras olladas.

Farruco

---

<sup>56</sup> *Tizón*: pau queimado pero que aínda conserva a brasa e, polo tanto, queima se se lle toca.

Á MEMORIA DE MENÉNDEZ PELAYO

Letras da Patria, que en perenne coro  
alzábades aplausos al Maestro,  
cambiade el canto, apenade el estro  
e estale en gritos de afligido choro.

Vestide el luto da angustia da viúda;  
hoi sólo as tocas<sup>57</sup> del dolor vos cuadran,  
que os pesares si hoy non vos taladran  
non vexo pena que vos veña ruda.

¡Que amor vos tía! Apacentado el gusto  
nel horto ameno de gloriosos días,  
en que erades sabrosas melodías  
ou voz ardiente de vigor robusto.  
Cuidaba con esmero a vosa gracia,  
atinado trazáballe os perfíles,  
e nunca vos manchou con ditos viles,  
ajenos giros, nin palabra lacia.

Del tronco antiguo da castiza lengua  
el arrancaba al escribir as flores,  
que tomar doutro sitio os sous primores  
tuvera sempre por odiosa mengua<sup>58</sup>.

Pra que fose deleite del sediento,  
de rancio gusto e exquisito olor,  
guardaba en odres<sup>59</sup> vellos con amor  
el jugo que exprimía al pensamiento.

Naide como él el opulento manto  
das glorias que encerradas descorreu,  
nin cascadas de luz como él verteu  
sobre ese cuadro de soberbio encanto.

Sobrio en elogios e en juicio exacto,  
aqueles homes que máis honra os deron  
pergeño como el sou jamais tiveron,  
mellor labrado, con máis gusto e tacto.

Nin houbo abella de aguillón tan fino  
que chupase aus claveles a dulzura  
como el chupaba da palabra pura  
a gracia airosa e el sabor divino.

¡Hoy ese home moriu! A blanca rosa  
soltou as follas e el aroma deixa,  
queda a fragancia suavizando a queixa

---

<sup>57</sup> *Toca*: touca, adorno que as mulleres soen poñer na cabeza, habitualmente de cor negra.

<sup>58</sup> *Mengua*: acción de pouco valor, sen mérito.

<sup>59</sup> *Odre*: coiro de animal disposto de xeito que sirva para gardar líquidos.

del alma que al morir quedou doliosa.

Cantor excelso, na frondosa rama  
en que él trinaba desde el horto voso,  
ronca<sup>60</sup> de pena, con afán choroso  
queda el sou nombre pregonando a fama.

De hermosa pluma, deslumbrante e casta,  
urdir aplausos nin charlar precisa,  
que tratándose de homes desa guisa<sup>61</sup>  
con decir el sou nombre sólo basta.

Paisano casi, mientras que suspira  
el pecho triste por a morte súa,  
estos ecos lle dou que arranca a púa  
dun dolo fondo al resbalar na lira.

Farruco.

---

<sup>60</sup> *Ronca*: rouca, con ruído grave, tristeiro.

<sup>61</sup> *Desa guisa*: dese tipo, con esas cualidades.

(Castropol, nº 260. 10 de xuño de 1912)

A SILVALLÁ<sup>62</sup>

—Xa que pasas por aquí  
e non te vin desde hai tempo,  
vamos charlar un pedazo  
en acabando este rego.

Non vexo perdas xornada  
e al gado<sup>63</sup> doulle un resuello<sup>64</sup>.

Esto dixo Antón de Arriba  
a Perico de Culimieiros.

Desliou Antón a petaca<sup>65</sup>,  
alargoulle un pito a Pedro,  
tirou de isqueiro<sup>66</sup>, deu lume  
e ambos el pito encenderon.

Abarruando como fornos  
dixo Antón:

— Einda tou lelo,  
vexo visiois e non sei  
lo que discurro nin penso.

¡Viche tal? ¿Non e maldá  
das gordas a que fagueron?

¡Unhas ferias tan antigas,  
que dos vellos el mais vello  
ten ougido a sous avolos  
decir que sendo elos nenos  
os sous xa delas falaban...!

Virse agora e con desprecio  
dese tan solo placer,  
pois que é a festa que temos,  
donde os antigos gozaron,  
que einda parece que vexo  
alí sentado a meu padre  
rir e chanciar falangueiro  
mentras destapa a empanada  
que ta de todos nel medio...  
e quitarnos esas cousas,  
e levar al mesmo tempo

---

<sup>62</sup> Refírese ás feiras da Silvallá, de gran tradición na zona, que foron substituídas por outras na Veiga en 1912, causando gran polémica entre os defensores dunhas e das outras. Outros poetas como Antolín Santos Mediante ou Federico Magadán publicaron versos sobre o asunto.

<sup>63</sup> *Gado*: gando.

<sup>64</sup> *Resuello*: descanso que se fai para recobrar forzas.

<sup>65</sup> *Petaca*: estoxo de coiro ou doutros materiais para levar tabaco ou picadura.

<sup>66</sup> *Isqueiro*: acendedor.

os quartús que nos deixaban,  
que eran na vida un remendo...

¡Vaia! Eso no é roubar a un,  
e roubar a un pueblo entero,  
e si esos feitos son de homes  
non sei que aiciais ten el demo.

—Tan que ladran de coraxe  
e xa non ven —dixo Pedro.

—Pois cegarán einda máis  
xa que queren quedar cegos.

Vamos a ver; de nosoutros,  
despois de visto ese feito,  
¿quen ha de darlles el voto  
que non traicione el sou pueblo?

¿Non ta ben clara a maldá  
que elos fagernos quixeron?

Pois quen mañá lles axude  
el noso mal quer como elos.

—Eso, madeus, non ten volta;  
tan collidos del cabestro.

—E condo volvan por votos  
“A Silvallá” lles diremos.

—E el que outra cousa lles diga  
que traidor seña como elos.

Pedro seguíu el camín,  
e Antón, sacando el isqueiro,  
prendeulle lume á colilla  
e chupando foi pra el rego.

Farruco

(Castropol, nº 262. 10 de xullo de 1912)

### UN ORADOR NOVO

¿Non sabedes unha cousa?  
¡Falou *Tapín*<sup>67</sup> nel Congreso!  
¿Non? ¡Parta un..! Podedes creer,  
que é verdá como lo cuento  
Todos os homes que alí  
charlando pasan el tempo  
quedaron papando moscas  
con el discurso del xeito.  
Mellor papaban xamón,  
pero ben, anda a mal precio.  
Pois Maura quedouvos bobo;  
e Moret quedouvos lelo,  
e Canalejas non fala,  
aunque ten ese defecto,  
e Mella xurou pechar  
el sou pico en ano e medio.  
¡Revolución que causou  
este home nel Parlamento!  
Hasta Pidal, según dicen,  
pediulle con gran empeño  
que lle mandase a peluca  
pra poñer nel sou cerebro<sup>68</sup>,  
a ver si daba elocuencia  
de tal primor al sou seso.  
En fin, chamou a atención,  
e a luna púxolle os cuernos,  
pero él non puido subirse  
e por eso no anda nelos.  
Dicen que imita a calandria<sup>69</sup>,  
que del pardillo<sup>70</sup> ten deixos,  
que pía como os pinzois<sup>71</sup>,  
e que silba como os merlos<sup>72</sup>.  
Non me choca; él é de aldea  
e ben puido aprender eso.  
Lo que si parez non ten

---

<sup>67</sup> O texto é irónico e débese a que este Deputado, D. Benito Castro, “Tapín”, estivo sen facer ningunha intervención no Congreso máis de dous anos. No xornal hai artigos de Conrado Villar Loza nos que o ridiculiza polo mesmo motivo, especialmente nun titulado “Non fai nada, nin pernuncia”.

<sup>68</sup> *Celebro*: cerebro.

<sup>69</sup> *Calandria*: calandra, laverca, cotovía.

<sup>70</sup> *Pardillo*: paxaro de cor parda e vermella, pintarroxo, liñaceiro.

<sup>71</sup> *Pinzon*: paxaro de pequeno tamaño coa cabeza e a gorxa manchadas de vermello, pimpín, carballuda.

<sup>72</sup> *Merlo*: paxaro de tamaño medio, cor escura e peteiro vermello.

e gracia nin trazas delo,  
e condo quer faguer chistes  
quédalle a sal nel gargueiro<sup>73</sup>.  
Neso parécese al corvo,  
e é cousa que non comprendo,  
porque al menos al andar<sup>74</sup>  
non deixa de ter salero.

FARRUCO

---

<sup>73</sup> *Gargueiro*: gorxa.

<sup>74</sup> Esta afirmación está feita con intención burlesca, xa que o personaxe era coxo.

EL VELLO<sup>75</sup>

Esperezouse na cama,  
bostezou, deu un suspiro,  
toseu despois un pedazo,  
sentouse, e quixo dun brinco  
baxarse, pero... ¿e as fuerzas?

¡Escaparan con os rixos<sup>76</sup>!  
Como puido, foi baxando,  
botoulle mau el vestido;  
e al ir poner os calzois  
houbo caier de focicos.

—Non tembledes —dixo as pernas—  
aguántade; tede xuicio.

Outra vez volveu probar  
e outra vez quedou sin bríos;  
as pernas como borrachas  
temblaban feitas dous filos,  
e hasta nos dedos dos pés  
quería ter garabitos<sup>77</sup>.

—¡Fago bon cuadro!—pensou—  
¡E que einda teña eu delirios...!

Mais refíxose, atufouse<sup>78</sup>,  
pero ¡ca!, quedouse espido;  
os calzois sempre nas maus,  
e en camisa e calzoncillos.

Acoraba<sup>79</sup> por chorar,  
e del neno puxo el bico  
e con palabras obscuras,  
con rabia, pena e con frío

—¡Xa non podo cos calzois!  
*¡Quen fora novo!* —se dixo.

FARRUCO

---

<sup>75</sup> Coma moitos outros do autor, a referencia a “novos” e “vellos” debe interpretarse en sentido político, segundo explicamos anteriormente.

<sup>76</sup> *Rixos*: forzas, vigor.

<sup>77</sup> *Garabitos*: garabullos. Fig., algo moi delgado e débil.

<sup>78</sup> *Atufarse*: incomodarse, enfadarse, sacar o xenio.

<sup>79</sup> *Acorar*: faltar a respiración, aflixirse.

### UN VOTO

Era nel tempo dos votos;  
iba a tarde oscurecendo  
e xa por sobre Mondigo  
brillaba Venus, nel cielo.  
Atravesando os nabales<sup>80</sup>,  
sin falarse e de mal genio,  
según soplaban de fuerte  
e lo cantaba el aspecto,  
avanzaban por a senra<sup>81</sup>  
de Cal, de volta pra el pueblo,  
dous homes, dous derrotados,  
sin un voto pra consuelo.

Non quixeran tal compañía,  
mais fijos nel pensamento,  
firmes, fondos, imborrables,  
como gravados a fuego,  
levan os justos reproches,  
os desaires e desprecios  
que naquela e nesta porta,  
xa salpicados de ternos,  
ben entre fieras miradas  
toda a tarde recolleron.

A veces dan á cabeza,  
e con darlle e todo recio  
non espantan tales moscas,  
que máis se pegan al cebo.

—Está visto—pensou un —  
esto acabouse para os vellos.  
Sempre un tempo apreta a outro  
e pasou el noso tempo.  
A un pasadoiro<sup>82</sup> chegaban  
cuando viron que primeiro  
saltou un vulto; era noite,  
e adelantándose un delos  
iba xa pedirlle el voto,  
cuando aquel vulto, en silencio  
vólvese e dálle un mordisco,

---

<sup>80</sup> *Nabal*: leira onde se cultivan os nabos e, por extensión, calquera terra de labor.

<sup>81</sup> *Senra*: terreo amplo e sen delimitar con valados nin sebes, normalmente pertencente a varios propietarios, que se utiliza para cultivo, principalmente de cereais. Seara.

<sup>82</sup> *Pasadoiro*: portelo, lugar para pasar as persoas a través dun valado. // Pedra saínte dunha parede que serve de estribo, a xeito de chanzo de escaleira, para poder subir e pasar para o outro lado.

pois era un can de palleiro.  
—¿Deucho? —al vir dícelle el outro—  
—¡Deu, pardiez! ¡Aquí vai fresco!  
—E ¿que tal? ¿será seguro?  
—¡De calidá, leve el demo!  
Eu, que detrás dunhas silvas  
observado había el feito,  
quedeime fríu, e... “¡Hasta os cais!”,  
murmurei para os meus adentros.

FARRUCO

(Castropol, nº 267. 30 de agosto de 1912)

### AS CARTAS

Era unha tarde de Outono,  
desas que tein gris el cielo,  
suave marmoca, fai frío  
e anda a luz a medio sueldo.

Sobre el tapete a baraxa,  
e suspendido xa el juego,  
vense dous homes á mesa,  
os dous del partido vello.

Ambos pensan, tan de bruces  
e tein de malas el gesto.

Un dice al fin –e chammille  
como queirais, que é lo mesmo—.

—Este barco non resiste,  
colle máis agua que un cesto  
e galafate<sup>83</sup> que fora  
non lo campón nin el deño;  
cualquer día nos fai ¡paf!  
e patos quedamos feitos.

¡Sorte, sortel ¿que che fixen?

Pero botemos el resto,  
e veñan as actas falsas,  
as venganzas e os enredos,  
e acogotemos sin dolo,  
e oprimamos sin respeto,  
e al vernos lobos ... que temblen  
e se den<sup>84</sup> como cordeiros.

—¡Sempre pra un lobo houbo un can!—  
respingou<sup>85</sup> el outro vello—  
de que saben morder  
eu novas pruebas non quero.

—¡Neso tamén teis razón!  
Aunque deixemos recelos  
e apechar<sup>86</sup> con as xudiadas,  
que ¡quen sabe! ...

—¡Vaite neso!  
Entonces tu xa me viras,  
e aunque choveran procesos,

---

<sup>83</sup> *Galafate*: calafate, recheo que se mete entre as táboas dunha embarcación para selalas e evitar que entre a auga. Utilízase tamén para designar os carpinteiros de ribeira que se dedican a este labor.

<sup>84</sup> *Se den*: se entreguen, fagan o que lles pedimos.

<sup>85</sup> *Respingar*: contestar manifestando desacordo, protestar.

<sup>86</sup> *Apechar*: achantar, asumir, facerlle fronte a unha situación.

en tendo el noso *Coxín*<sup>87</sup> ...,  
— Non lle chames dese xeito;  
é Benito, e ademais  
católico eso non vexo.  
— E as trampas ¡que! ¿son católicos?  
— Volve dar cartas; xuguemos.

FARRUCO

---

<sup>87</sup> Refírese ó deputado D. Benito Castro, “Tapín”, do que xa falamos anteriormente.

(Castropol, nº 268. 10 de setembro de 1912)

### UN DITO

Un caserón dos antigos,  
desos casois ás cuatro augas,  
grandes, si: mais sin grandeza,  
vulgares ás cuatro caras,  
ennegrecidos del tempo,  
de ventanas aventadas,  
faltos de porta, sin louxa<sup>88</sup>,  
mostrando aus ventos a calva;  
nun casón por el estilo,  
en santo amor e compañía,  
sin morderse nin picarse,  
ufanos da súa prosapia,  
albergaban sabandixas,  
lagartos, fuiñas<sup>89</sup> e ratas,  
e aló, por cerca dos cangos<sup>90</sup>,  
en machinales<sup>91</sup> e tablas,  
vencejos, mouchos, gorrióis,  
e outros bichos desta laia<sup>92</sup>.

Tamén, a noite caendo,  
xa recorrida a comarca,  
iban entrando unhos homes  
de fiero aspecto e pior traza;  
sentábanse por el suelo,  
cerca de si tein as armas,  
e trazan planes terribles,  
máis horribles cás súas caras.

E mentras esto sucede,  
e con tacos<sup>93</sup> se despachan,  
e corren as sabandixas,  
lagartos e sapos cantan,  
chillan vencejos e gruñen  
fuiñas, lechuzas e ratas,  
un moucho vello a cabeza  
desenterra de entre as alas,  
observa atento aquel cuadro

---

<sup>88</sup> *Louxa*: lousado, cubrición de pedra.

<sup>89</sup> *Fuíña*: pequeno animal nocturno, especie de marta, que destrúe as crías doutros. Garduña, furatoxos.

<sup>90</sup> *Cango*: peza de madeira para a armadura do tellado.

<sup>91</sup> *Machinal*: burato que se fai na parede para introducir os cangos ou outros elementos de madeira.

<sup>92</sup> *Laia*: caste.

<sup>93</sup> *Tacos*: pequenas porcións de comida, talladas.

e despois que lo repara,  
esponjándose nel níu<sup>94</sup>,  
lugo de atusarse as barbas  
dícese a si vanidoso:  
*Tamos toda a aristocracia.*

FARRUCO

---

<sup>94</sup> *Níu*: niño, sitio onde crían os paxaros.

### HACENDISTAS

Nun lugar que conocedes  
e tedes nas entretelas  
del corazón, como fillos  
que amades a vosa terra,  
cuatro ou cinco homes sentados  
al pé de provista mesa,  
pasan alegres as horas  
en gozosa francachela.

Non se despachan guisotes  
que se reparten pesetas,  
esas pesetas sagradas,  
salidas da faltriqueira  
de quen las gana sudando,  
peliando con a miseria  
encorvado sobre el rego,  
alí gastándose as fuerzas  
pra cosechar amarguras,  
pra devorar horas negras,  
pra vivir sin alegrías,  
pra morrer farto de penas.

¡Pesetas que han de tratarse,  
por santas, con reverencia!  
Pois esos cuatro ou cinco homes,  
al redor daquela mesa,  
el presupuesto del pueblo  
posto entre elos de merenda,  
non las tratan dese modo,  
que las tratan a baqueta<sup>95</sup>,  
como quen non las ganou,  
como quen non ten conciencia,  
aunque la leven nos labios,  
pero non donde deberan.

Alí se suben os sueldos,  
alí se dan recompensas:  
veinte al un, cincuenta al outro  
e einda hai caso de quinientas;  
alí se finjen ... ¡que sei!  
gastos e compras que afrentan  
pretextos sólo, cos cais  
xa se iban por outras sendas,  
xa tomaban por camíus

---

<sup>95</sup> *Tratar a baqueta*: tratal mal, con desprezo, sen miramentos.

e por veredas secretas.  
¡e tanto! ... que nin el rabo  
lles víais nin as orellas.  
¡E eínda hai alcalde que dice  
que vén *compoñer* a hacienda!

FARRUCO

MORO

Na sociedade hai un bicho,  
bicho de mala ralea<sup>96</sup>,  
caroncho<sup>97</sup> que todo fura,  
carcoma que nada deixa;  
nel olfatiar perdigueiro,  
e nel chupar sanguijuela,  
que de flacucho que foi  
gordo e gordo se contempla,  
e mentras él así engorda  
esgarece<sup>98</sup> a sangue ajena.

Sempre busca lo mellor,  
ten bon ollo e vaise ás piezas  
que lle ofrecen máis substancia  
e a destriparlas se entrega.

Si é fruta, dáse as pavías,  
uvas de teto<sup>99</sup> e ás peras,  
ameixas de albaricoque,  
e das mazás as ranetas<sup>100</sup>;  
sendo carne, sempre elige  
os estiques<sup>101</sup> e as chuletas;  
ora si é dieiro, as dublillas,  
e pra us outros deixa as perras<sup>102</sup>.

En chanchullos, trampas, líos,  
a dirección sempre leva,  
e en tanto el mal lo conoce  
lo extrañan as obras buenas.

Despois retorce a justicia,  
e al que chilla, máis lo apreta,  
e aunque lle chamen *cacique*,  
feita a cousa, feita queda.

Hoy pasea unha levita,  
ayer tal vez por chaqueta,  
e en vez de home e orgullo  
vestido con esa prenda.

¿Ideas? Non ten ningunha;

---

<sup>96</sup> *Ralea*: caste, liñaxe.

<sup>97</sup> *Caroncho*: bicho que corroe a madeira, couza.

<sup>98</sup> *Esgarecer*: debilitarse, ir a menos, perder vigor.

<sup>99</sup> *Uva de teto*: variedade de uva moi sabedeira, tamén chamada “de teto de monxa”.

<sup>100</sup> *Raneta*: certa clase de mazás, tamén chamada “reineta”.

<sup>101</sup> *Estiques*: bistés, filetes.

<sup>102</sup> *Perras*: moedas de pouco valor.

unhas e outras lle aprovechan,  
sempre que el mando lle alarguen  
e lle enchan a faltriqueira.

Mirai se manda *Mahoma*  
e el *turbante* se encasqueta.

FARRUCO

DESTAS, CENTO

Tía Xuaquín unha terra  
á mesma beira da casa,  
e era unha finca das fincas,  
das que dan orgullo e gala.

Traballáranla os avolos,  
sous padres nela bregaran<sup>103</sup>  
e empapada nel sudor  
de toda a familia estaba.

Como aus ollos la quería,  
espellábase en mirarla,  
e condo farta de fruto,  
xa trigo, meiz ou patacas,  
sonrindo como un amigo  
lle regalaba a mirada,  
temblando de gozo e dicha  
abrazábala nel alma.

Que era el farelo<sup>104</sup> dos cochos<sup>105</sup>,  
herba e cebada das vacas,  
trigo das rentas<sup>106</sup>, os cuartos  
das pagas que non se acaban,  
leite que as concas<sup>107</sup> enchía,  
a boroña<sup>108</sup> pra entrillarlas,  
pan dos fillos, e del pote  
fabas,toucín, carne e grasa.

Ese resuello, en fin, era  
que el pesar dun probe ablanda.

Quitarlle al home esta finca,  
era arrancarlle as entrañas;  
pois Perico, el del Camín,  
que vía<sup>109</sup> téndolle ganas,  
al ver que non lla vendía,  
buscou remedio nas trampas,  
e argalloulle unha cuestión,  
que foi del probe a desgracia.

Perico tía influencias,

---

<sup>103</sup> *Bregar*: traballar duramente, con esforzo.

<sup>104</sup> *Farelo*: salvado, parte máis grosa da fariña, coa que se fai unha masa para alimentar os animais.

<sup>105</sup> *Cochos*: porcos.

<sup>106</sup> *Trigo das rentas*: trigo co que se lles pagaban en especie as rendas ós propietarios das terras, á Igrexa ou á administración.

<sup>107</sup> *Concas*: cuncas.

<sup>108</sup> *Boroña*: boroa, pan de millo.

<sup>109</sup> *Vía*: viña.

Xuaco, a verdá, máis non basta,  
por que mediou el cacique,  
ese azor<sup>110</sup> ou sombra mala,  
que pisotiando derechos  
e arrimanda a Pedro a brasa,  
despois de centos de ardides<sup>111</sup>  
púxolle a finca nas garras.

Quedou Xuaquín por as portas,  
a justicia ¡Dios nos valga!,  
e el *cacique* tan contento,  
como si nada pasara.

¡Tamén, comida a galía,  
farta a raposa descansa!

FARRUCO

---

<sup>110</sup> *Azor*: ave de rapina diúrna.

<sup>111</sup> *Ardid*: astucia, artimaña para conseguir algo.

(Castropol, nº 272. 20 de outubro de 1912)

### A PULGA

Sobre a soleira<sup>112</sup> da porta,  
tomando el fresco das ramas  
dun castaño, que plantado  
á beira da casa taba,  
lía Florencio un periódico  
mentras a xanta<sup>113</sup> descansa.

Deletriaba nun articulo  
que falaba das hazañas  
dun cacique, como chupa  
del probe aldiano a substancia,  
fai e desfai, e alí donde  
non chega a lei chega a trampa,  
condo unha pulga sentiu,  
non fixo máis que rascarla,  
pero a pulga continuou  
e xa puxo mala cara.

Quixo deixar el periódico,  
mas a afición tal lle chama  
lo que le, lús da maneira,  
que lendo el home se pasma.

A pulga non se descuida,  
aquí e alí fina clava  
el aguillón, e en sorber,  
madeus si entende de pausas,  
pero Florencio, que é home  
a quen non sentan as chanzas,  
e ten a sangre máis viva  
que lume que dá na palla,  
mandou a pasa<sup>114</sup> a lectura,  
listo a perneira remanga,  
e buscando entre gruñidos,  
todo feito un cascarrabias,  
aquela pulga da fame,  
con ganas de distriparla,  
en vez de pulga encontrou,  
por que a pulga xa escapara,  
a perna feita unha criba  
desde a rodilla hasta planta.

Deu a cabeza bufando,

---

<sup>112</sup> *Soleira*: pedra plana que sobre a que se asentan as cepas laterais dunha porta.

<sup>113</sup> *Xanta*: o xantar, comida de mediodía.

<sup>114</sup> *Mandar a pasa*: mandar a paseo, deixar de facer algo.

e a cara roxa de rabia,  
recordando lo que lera,  
del cacique as malas mañas,  
dixo el home pesaroso  
de non poder atraparla:  
«Era pulga de cacique  
pois que chupaba con alma».

FARRUCO

POR DIFUNTOS

A campana toca a morto;  
hoj é día memorable,  
pois que a todos nos recorda  
con os tañidos que caen,  
chorosos como queixidos,  
aus hermaus, fillos ou padres,  
cachos de entraña adorables,  
que a morte, pra máis non verlos  
nos arrancou de delante.

Sobre esto non quero chanzas;  
a oración del labio se alce  
e recollida en fervor,  
nel sou deseu anhelante,  
suba pedindo por todos,  
sin que exceptuemos a naide.

Este deber xa cumprido,  
véñse agora aus meus alcances  
este juício ou pensamento,  
como quera que se chame:

Non é morrer quedar frú,  
sin ver, ouguir, nin que fale  
a lingua, mortos os brazos,  
tesas as pernas, sin que anden.

Non é morrer esto sólo,  
ou de entre os vivos borrarse  
como se borran as nubes  
que varren os vendavales,  
é tamén perder un nome  
afogarlo con maldades,  
tirarlo nas varreduras  
como a cotra nos corrales;  
e faguer con felonías<sup>115</sup>  
que unha fama se desgarre,  
que caia baxo el oprobio<sup>116</sup>,  
que el alma encenda un coraje,  
e quede por os rinceis  
como de que é repugnante,  
ben fargallo<sup>117</sup> ou fruta podre  
ou cacho de sucia carne.

---

<sup>115</sup> *Felonía*: deslealtade, traizón.

<sup>116</sup> *Oprobio*: deshonra, afrenta.

<sup>117</sup> *Fargallo*: farrapo, roupa vella que xa non serve.

E todo esto; e tal sucede,  
al que entre infamias se arrastre,  
verbigracia, aquel *cacique*  
que trapiando a vida pase.

Ese, vamos, dous perrois<sup>118</sup>  
a que se sinte cadavre.

FARRUCO

---

<sup>118</sup> *Perrón*: moeda de dez céntimos de peseta.

(Castropol, nº 274. 10 de novembro de 1912)

¡MIRÁNDOLA!

Deixádela dormir; cerrou el ollo  
aló por a mañá, sobro del alba,  
e nun sono quedou, tranquilo e dulce,  
deste mundo siquera sin un ansia.

Morreu aus quince anos, condo a flor  
separando el capullo despuntaba;  
nada soupo da vida; un ángel era,  
e os ángeles el cielo pra si chama.

¡Quen morrera al sou tempo! A negra vida  
vai pisando un camín mollado en lágrimas,  
e este gozo que eu tía, aquí lo vedes:  
nin me ri, nin me mira, nin me fala.

Morados ten os labios. ¡Como a morte  
el roxo del clavel enfría e mata!

Violadas as mejillas; antes eran  
de fina rosa, da rosa máis galana.

E el leite dos carrillos ¿que se fixo?

¡Que angustia dá a cera da súa cara!  
¡E aqueles ollos negros!... Pra non verme  
escondeu tras del párpado a mirada.

¡Ben sabía el meu dolo! Filla mía,  
¡conto luto me deixas nas entrañas!

Pois xa que te marchache, pide a Virgen  
que eu lougo tras de ti tamén me vaia.

¿Pra que quero eu vivir? ¿que me quedou  
nel inverno da a vida máis que escarcha?

El fríu xa sinto sola; voume, voume,  
quero tar xunta a flor que eu adoraba.

Condo agora te leven, pra tar xuntas,  
hei de irme tras de ti. Filla del alma,  
quero ser al tou lado el ciprés triste  
que á beira te acompañe da furada<sup>119</sup>.

Si algún ruído sentises, non te asustes,  
que será el rumor da mía plegaria;  
e si fose humedá, non te acongoxes,  
pois que el agua ha de ser das mías lágrimas.

E mentras quira el cielo, así taremos:  
tu dormindo, dormindo; eu con el ansia  
de verte mentras choro, e desta angustia,  
testigo a terra, silenciosa entre ambas.

FARRUCO

---

<sup>119</sup> *Furada*: sepultura, burato onde se enterra unha persoa.

(Castropol, nº 275. 20 de novembro de 1912)

### DÚAS EDADES

Levan un mesmo camín,  
pero el sentido é diverso:  
un tira al Sur, outro al Norte,  
e as caras vanse así vendo.

Son dous homes, non se crea  
que son lebres ou conexos;  
el un é novo<sup>120</sup>, hacia os veinte  
ha de andar, e acaso menos;  
setenta e tantos al outro  
botareille, e corto quedo,  
pois que vai vendendo arrugas  
e leva vendido el pelo<sup>121</sup>.

El novo é guapo; sonrisas  
tan os sous ollos verquendo,  
e reflejan esperanzas,  
vida, salú e contento,  
e anda el camín con soltura,  
que é ben trabado de membros,  
e aventara nos estorbos  
como a palla aventa el vento.

Agora el vello ¡meu probe!  
leva a vida como un peso,  
encorva como a foucía,  
apenas se ten de reto,  
e non se veu nos sous ollos  
sinón pena e desconsuelo.

¿Cielos rosados? ¡Pasaron!  
¿Esperanzas? ¡Xa morreron!  
Na vellez, noite e más noite;  
todo obscuro, todo negro.

Sin embargo, a morte é dura,  
e tan dura, que por eso,  
condo el rapaz se acercaba,  
bizarro<sup>122</sup>, alegre e risueño,  
verquendo gracia e promesas  
e despertando deseos,  
vendo que a vida era súa  
e que él morre sin remedio,

---

<sup>120</sup> “Novo” e “vello” neste poema, coma noutros do autor, debe interpretarse en sentido metafórico. Refírese ás tendencias políticas que xa explicamos en notas anteriores.

<sup>121</sup> *Leva vendido el pelo*: vai quedando calvo.

<sup>122</sup> *Bizarro*: elegante, airoso, con bo aspecto.

al ir el mozo decirlle  
*que lo pase bien abuelo,*  
el avolo enferruñouse<sup>123</sup>,  
respingou e seguíu serio,  
Quixo ocultar a derrota  
e confesoula el sou gesto.

FARRUCO

---

<sup>123</sup> Enferruñarse: incomodarse, poñer expresión de enfado.

OS DOUS AVOLOS

—¡Que fríu, Marica, que fríu!  
¡Que diferentes os tempos  
aquelos en que eu rapaz,  
¿olvidáchelo?, sin medo  
a neves, aguas, xeladas,  
a temporales nin ventos,  
entre a negrura da noite,  
casi al ten ten como os cegos,  
atravesando calellas,  
cruzando por os sendeiros,  
chegaba al pe da túa porta,  
silbaba por el fornelo<sup>124</sup>,  
tu xa tabas escuitando,  
abrías e entraba dentro!  
¡E agora? ¡quen mo dixera!  
Levo na sangre el inverno,  
e aunque temos nel Agosto  
e al sol se tosten os huevos,  
como sin non é pra min,  
que sempre tou en Xeneiro.  
—Pois arrímate aus tizois<sup>125</sup>,  
—dixo a muller— temprá os huesos,  
e no me cuentes tristezas,  
que abondas, mi alma, xa teño.  
—¡Abondas, Marica, abondas!  
Malos fillos, piores netos,  
esta é a prole que eu tuven  
e que me ten deste xeito.  
Porque este fríu que me come...  
—Cala a boca, xa te entendo;  
non ta nel corpo, nel alma  
lo levas, posto nel medio.  
Pero dime ¿que fixiche  
tu por fillos nin por netos?  
—¡Tamén tu? Pois pra morderme,  
aunque te quero, prefiero  
que a morte che aprete as melas<sup>126</sup>  
e non fales outro verbo.  
Demonio con as mulleres.

---

<sup>124</sup> *Fornelo*: pequena ventá ou burato nunha parede.

<sup>125</sup> *Tizón*: pau queimado que aínda conserva a brasa.

<sup>126</sup> *Melas*: dentadura.

que sempre nun tan roendo.  
—¡Einda te espurres<sup>127</sup>! Achégate  
máis al lume; así, de xeito  
que el calor te cerque ben,  
que che penetre hasta os huesos,  
e acolofaga esa sangre,  
e dela che saque el xelo.  
—Fai por min, Marica, fai.  
—Xa fago; conto el cerebro  
me dice, lo fago al punto<sup>128</sup>,  
sin tardar siquera un credo.  
¿Ou pretendes que che cante  
e te arrole<sup>129</sup> como un neno?  
—Non fagas burla; un del outro,  
como quen somos, cuidemos;  
non temos quen nos apurra<sup>130</sup>  
un goto de agua nel pueblo;  
somos dous solos, tu e eu:  
*joh, soledá destes vellos<sup>131</sup>!*

FARRUCO

---

<sup>127</sup> *Espurrar*: expulsar o aire pola boca ou polo nariz con estrépito, espurrar. Arrefriarse, constiparse.

<sup>128</sup> *Al punto*: ao momento, inmediatamente.

<sup>129</sup> *Arrolar*: balancear lentamente, oscilando de xeito regular.

<sup>130</sup> *Apurrar*: acarrear, transportar algo; neste caso auga desde a fonte.

<sup>131</sup> Unha vez máis, cremos que “os vellos” debe entenderse co sentido político. A soidade dos vellos é a falta de apoio social que teñen os conservadores.

(Castropol, nº 277. 10 de decembro de 1912)

#### A MORCILLA

—¡A padre! Temos morcilla.  
Pasa de un ano xa que esto  
díxolle un fillo a Pachín,  
condo chegaba del eiro<sup>132</sup>.  
—¿Si, nenín? —contestoulle él,  
mirando alegre al sou neno—.  
—Escuite; traiga el ouguido:  
¡Dixo avolo, hai un momento,  
que non era pra nosoutros!  
—¿Non? ¿Pra que, pois, la trouxeron?  
—¡Si! Verá, veu de Balmonte,  
e cuatro homes, por lo menos,  
según avolo, asegura,  
ha de tragar nel peello.  
—Arre con ela. ¡Cuatro homes!  
Vaia; pasóuselle el seso.  
Entrou Pachín na súa casa,  
pra al comedor foi dereto,  
e ocupando toda a mesa,  
pegando casi nel techo,  
máis avultada que un carro  
con bois, ladrales<sup>133</sup> e fueiros<sup>134</sup>,  
verquendo pringue<sup>135</sup> a montois,  
negra, máis negra que el demo,  
roliza, gorda, grasosa,  
empacho dando el aspecto,  
alí topou coa morcilla,  
que enchía a casa de medo.  
El vello, que la guardaba,  
faloulle a Pachín axeito,  
e de conto decir puido  
apercibín solo esto:  
— Mira; a tripa é de Balmonte,  
e era tamén el relleno,  
pero cambioullo na Veiga

<sup>132</sup> *Eiro*: terreo manso dedicado a cultivo. Segundo Bernardo Acevedo Huelves e Marcelino Fernández y Fernández, na zona as terras de cultivo clasifícanse en catro grupos: *campo*, *prado*, *bravo* e *manso*; *manso* é o terreo cultivado, incluídos os prados, e o manso dedicado a cultivo chámase *eiro*.

<sup>133</sup> *Ladral*: táboa ancha e curvada, ou conxunto delas, que se colocan nas partes laterais dos carros para impedir que caia a carga.

<sup>134</sup> *Fueiro*: Paus dereitos que se poñen verticalmente nos laterais dos carros para aguantar os ladrais ou para impedir que caia a carga; fumeiros, estadullos.

<sup>135</sup> *Pringue*: graxa, líquido que soltan os embutidos cando están frescos.

un mondongueiro<sup>136</sup> del pueblo.  
— Pois, padre, aquí non se come;  
— Pachín dixo—. Agora mesmo  
vou levarla á autoridá  
e que se encargue ela deso,  
porque a min, huéleme mal,  
e maturranga<sup>137</sup> trai dentro.  
Levoula. Posta na mesa  
e alí presente xa el medico,  
sacou listo el bisturí  
e deulle un raxo<sup>138</sup> al peello,  
e por el raxo salíron  
—a ver si dades con eles –  
tres vellos<sup>139</sup>, sucios, pringosos,  
cuspindo grasa e pimento.  
Pachín quedouse pasmado  
e rangoñou ante el feito:  
— ¡Ben dixen que ese entripado  
taba averiado por dentro!

FARRUCO

---

<sup>136</sup> *Mondongueiro*: persoa que prepara zorza ou, en xeral, o recheo de calquera embutido.

<sup>137</sup> *Maturranga*: prostituta e, en sentido figurado, mercancía de mala calidade.

<sup>138</sup> *Raxo*: corte.

<sup>139</sup> Unha vez máis hai que interpretar os “vellos” en sentido político.

(Castropol, nº 278. 20 de decembro de 1912)

### A COMPOTA

¡Paf! ¡paf! ¡paf! Nel lume undida,  
sudando ufana entre as llamas,  
que alegres e buliceiras  
la envolven, chuchan e abrazan,  
fachendosa coa fartura  
que ten cocendo na panza,  
ricas talladas de pera,  
viño e azucre da Habana;  
oronda de tanta dicha,  
feliz en tanta abundancia,  
entre os vapores que solta  
e chorro a chorro se escapan,  
lanza a cazola esas voces  
por a abertura da tapa.

Hai gran festa na cocía;  
francas as risas estalan,  
e el contento bule en todos  
e resplandece nas caras.

Sobre a mesa del escano<sup>140</sup>  
xogan os homes ás cartas;  
cerca delos as mulleres  
filan, calcetan e parlan;  
os rapaces sacan chistes  
por agradar ás rapazas,  
e os nenos danse coa pucha,  
chillan, rebincan e danzan.

¿Que demonios hai na ola  
pra causar tanta algazara<sup>141</sup>?

Xa dixen: cachos de pera,  
viño e azucre da Habana.

¿E esto que é? Pois a “compota”  
¿Con que outro nome se chama?

Nun rincón, cerca del lume  
tomando el calor das brasas,  
vese un probe a quen abrigo  
aquela noite se daba.

Non era novo, que a neve  
xa lle blanquiaba nas barbas.

Os vapores que da ola

---

<sup>140</sup> *Escano*: banco de madeira con respaldo para sentarse, que tamén pode levar unha parte abatible que se converte en mesa ao baixala.

<sup>141</sup> *Algazara*: vocerío, barullo feito por varias persoas.

fartos de olor se escapaban,  
al refregarlle a nariz  
enternecíanlle a entraña,  
e iba sentindo un afecto  
hacia a cazola, e tan rara  
atracción, que as maus, madeus,  
si nos bolsos se lle aguantan.

Pois nun momento en que os homes  
se enredan, nunha xugada,  
e van a verla as mulleres,  
e os nenos alí se clavan,  
el escurriu unha mau  
e separaba na tapa,  
condo un rapaz que lo viu  
“el vello, el vello” gritaba,  
e al volver todos os ollos  
él retiraba a manaza.

—¿Que iba faguer, bon amigo?  
gritoulle el amo da casa.

—Nada, señor; —dixo baxo—  
comprométenme as talladas<sup>142</sup>.

FARRUCO

---

<sup>142</sup> *Talladas*: referíndose a un “vello”, coas connotacións que lle dá este autor, debe interpretarse como beneficios ilícitos que se obteñen co exercicio do poder, comisións.

### OS DOUS ANOS

Un parlanchín de mercado,  
dos que venden baratixas  
e subidos a unhas tablas,  
sacudindo a campanilla,  
en corro xuntan os homes  
a escuitar como predica  
pra sacarles lougo os cuartos  
envolvéndolos con filfas,  
chegou de apuro a unha feria,  
el tinglado armou de prisa,  
subiuse encima e del xeito<sup>143</sup>  
a chamar xente principia:  
“Vengan acá, buenas gentes;  
vengan a ver maravillas,  
las sorpresas de más gusto  
que en el mundo se fabrican,  
sorpresas que quitan penas  
e desternillan de risa;  
vengan, vengan, quien no acuda  
nunca la pena se quita”  
Al ouguir voces del xeito,  
sinte a xente tal cobicia  
de saber que é, que é un milagro  
como pra alí corre axina.

Alí se xuntan os homes,  
casi as mulleres se apilan,  
furan por ver os pequenos  
e el que non ve, chora e chilla.

Aquelo, mialma, xa era  
máis que feria algarabía.  
El granuja del tendeiro,  
que ve a xente reunida  
comenza a fer el agosto,  
argallando mil pamplinas<sup>144</sup>.

¿E que queredes? ¡Madeus,  
si a min tamén non me chifra!  
Tomou un couso na mau,  
apretou... ¡Non sei que diga!  
¡Pois non saliu un conexo  
dando el focín e as patías!

---

<sup>143</sup> *Del xeito*: deste xeito.

<sup>144</sup> *Pamplina*: hipocresía, mentira que se usa para conseguir algo.

Tomou outro ¡un galo hermoso!  
Outro despois ¡e unha pita!  
Madeus, aquilo era cousa  
ben de encanto ou bruxeiría.

Colleu tras deste unha caixa—  
estas palabras escritas  
tía na tapa: “Os dous anos”—  
e nel momento de abri-la  
¡salen de dentro dous homes!

Novo el un, farto de vida,  
nervudo, recio, gracioso,  
apretando coa rodilla  
con forza el pecho dun vello,  
que contra el suelo agoniza:

Este era el ano que morre,  
era el novo el que principia;  
como vedes; no hai vellez  
que á juventud non se rinda.

FARRUCO

### BON ANO

“Año novo, vida nova”  
esto reza un refrán sabio,  
e sin que sabios lles chame  
que non caio en tal pecado  
eso se dicen os vellos  
de tanta espera cansados.

Non pra deixar as costumbres  
nin pra perder malos hábitos,  
porque sabedes mui ben  
que as mañas esas tein garfios  
e donde prenden agarran  
máis que a lapa nel peñasco.

Pero este estado e postura  
xa non poden aguantarlos;  
a vida fáiselles siglos  
lexos del caxón dos cuartos,  
e forcexan e suspiran  
por salir deste calvario,  
por aventar<sup>145</sup> estas penas,  
por ser cuanto antes os amos,  
e apretarnos as clavixas,  
baxo dos pés estrumarnos<sup>146</sup>,  
e vengar unha por unha  
as rabetas que pasaron;  
pero tan verdes e vexo  
que van pasar un mal ano.

A vosoutros, os amigos,  
de corazón noble e sano,  
que non queredes venganzas  
e repugnades agravios  
e si un palo a veces dades  
é rechazando porrazos;  
a vosoutros, neste novo  
os apetezco un bon ano.

Que haia chourizo nel pote,  
bon xamón, carne de xato<sup>147</sup>,  
ou xata, como vos sente,  
pois que gustosos son ambos  
e en preferencias del gusto

---

<sup>145</sup> *Aventar*: botar ó vento, librarse de algo.

<sup>146</sup> *Estrumar*: apretar a alguén con forza, aplastalo.

<sup>147</sup> *Xato*: tenreiro, becerro.

eu nunca poño reparos;  
viño tinto na dispensa,  
del galego ou castellano,  
viño xudín, sin bautizos,  
que é como gusta aus cristianos;  
que tampouco falte el queixo,  
de bon comer, fresco e blando,  
e ben peras ou mazas  
pra que teña acompañado;  
e pra us outros apetitos,  
pois que nunca tamos fartos,  
que se apilen nel caxón  
muitos billetes de Banco.  
¡E con esto, xa, madeus,  
se pode pasar bon ano!

FARRUCO

(*Castropol*, nº 281. 20 de xaneiro de 1913)

¡PODER DE VICIO!

Tía prisa, Xuaquina, aquela tarde;  
madeus que tía prisa, no acougaba.

Que el cocho, que as galías, que os sous fillos,  
que darlles a merenda, que anoitarlos<sup>148</sup>,  
que Pepa la esperaba, que Francisca,  
e hasta Pedro, e Antón, e acaso Xudas  
aguardando debían tar por ela;  
todos eran pretextos, todo apuro,  
todo un arder sin pizca de descanso,  
e eu sei de buena tinta que ni os fillos,  
ni el cocho, ni as galías, nin persona  
de cuantas ela dixo la esperaba,  
¿Que entonces la picaba? ¡Bueno, bueno!  
¡*El pintín, El pintín!* Ei tedes todo.

FARRUCO

---

<sup>148</sup> *Anoitar*: preparar para pasar a noite, deitar.

(Castropol, nº 290. 20 de abril de 1913)

### PERDERÁS

Anda Evardo<sup>149</sup> caviloso,  
con un carís<sup>150</sup> de mil demos,  
e é que nas contas que temos,  
dese ou non a Barrabás,  
non lle ha valer ser raposo,  
que escrito ten «perderás».

Condo á noite sale a luna  
baxa despacio al jardín,  
miralle a roda un pouquín,  
e un raio, fendo<sup>151</sup> zis-zás,  
nel aire escribe unha a unha  
estas letras «perderás».

Volve despois por el alba,  
espera al sol a que alume,  
e condó el triúnfo presume,  
outro raio salta...e ¡zas!  
del monte escribe na calva<sup>152</sup>,  
grande e claro, «perderás».

Xime despois abatido,  
renega axeito da sorte,  
e condó xa chama a morte  
vein as brisas e... ¡que más?  
¡si lle dicen al ouguido,  
socarronas, «perderás»!

Quédase lougo escuitando  
el cantar dos verderús<sup>153</sup>,  
e ¿creerán que os paxarús,  
os pillos, ¡voto a Caifás!,  
¿non lle tan tamén cantando  
«Evardillo, perderás»?

Angustiado mira as flores,  
e as flores ¡quen lo dixera!  
con esa gracia hechizera  
que naide tuvo jamás,  
combinan os sous colores  
pra decirlle «perderás».

Esto xa pasa de jota,

---

<sup>149</sup> Refírese a Everardo Villaamil, político da Veiga que chegou a ser alcalde.

<sup>150</sup> *Carís*: aspecto do rostro.

<sup>151</sup> *Fendo*: facendo.

<sup>152</sup> *Calva*: espazo de terreo que carece de árbores.

<sup>153</sup> *Verderín*: pequeno paxaro de ton verdoso, verderol.

e como son eu Farruco  
si no me collo un trabuco...  
¿Pra matarme? Non quizás;  
pero a paciencia se agota  
con tanto ouguir «perderás»

FARRUCO

### UN SONO

Aló, por a maña, sobro das cuatro,  
roncaba Evardo<sup>154</sup>, estremecendo as sábanas,  
roncaba como el mar, vertendo furia,  
como el can que a morder rabioso salta,  
Naide soupo el porqué; sólo que un día,  
condo falando el corazón descarga  
as penas que lo abruman, transluciu,  
ou mostrou, mellor dito, toda a causa.

Taba a Veiga nas ferias, nesas ferias  
que el urdira<sup>155</sup>, arrastrado da venganza;  
pasaran xa dous días, nel Oriente  
apuntaba el terceiro...e ¡nin un alma!

Aquelo era demais; hasta as bandeiras,  
caídas, pregonaban a desgracia:  
¡nin un bafo de vento; ni unha brisa  
que chegase lixeira a levantarlas!

¡Que congoxas, Señor! ¡Conto iban rirse  
os *novos*, esos *novos*<sup>156</sup>!... ¡Mala casta!

Pero Dios, que pra noite criou a luna,  
e piedad, e justicia, e nunca falta,  
mostroulle nel sou sono... ¡que visión!

¡E que vese<sup>157</sup> a traidora a dar en falsa!

Por aquí, por alí, montois de xente  
dos montes descendían por as faldas,  
vían<sup>158</sup> todos alegres, churrusqueiros,  
con potros e cabalos de gran talla.

¡Que ferias! ¡Oh, que ferias! ¡Como os *novos*  
el polvo morderían! Estoupaban  
os cohetes victoriosos, as bandeiras  
bulían con el vento, e hasta a banda  
salira a recibirlos. E él tamén  
esperaba, vestido de gran gala.

Chegaron arrogantes, ordenáronse,  
pasiaron a fachenda por a plaza;  
con guantes, e chistera e macferlán

---

<sup>154</sup> O mesmo personaxe do poema anterior.

<sup>155</sup> Refírese ás feiras da Veiga que el promoveu, como alternativa ás da Silvallá.

<sup>156</sup> A defensa das feiras da Silvallá fronte ás novas feiras da Veiga acabou converténdose nun dos temas máis controvertidos da política local, xunto coa defensa do paso do ferrocarril. Os do *partido novo* eran partidarios das tradicionais feiras da Silvallá, mentres que os do *partido vello*, desde A Veiga, defendían a nova feira.

<sup>157</sup> Vese: viñese.

<sup>158</sup> Vían: viñan.

acercóuselles él a dar as gracias,  
pero un delos, alzando unha bandeira,  
gritoulles aus demais ¡«A Silvallana»!  
¡E a galope tendido, os puñefleros<sup>159</sup>,  
saíron, fendo burla e algazara!

FARRUCO

---

<sup>159</sup> *Puñefleros*: puñeteiros.

(Castropol, nº 294. 30 de maio de 1913)

¡BOA INTENCIÓN!

Como sabedes, amigos,  
tase en tempo de labranza,  
na labranza da borona<sup>160</sup>,  
del meiz, de espigas doradas,  
que botan barbas de seda  
por entre das follas brancas.

Pois labrando Antón a finca,  
Antonón de Vilarrosa,  
unha finca que é orgullo  
da senra donde se espacia,  
de once días de aradura,  
deleitosa hasta deixarla;  
según vai el vasadoiro<sup>161</sup>  
abrindo en labor calada  
e en rego fondo e seguido  
a terra, húmeda e parda,  
e mentras cae nela el grau  
e se lle asenta na entraña,  
Antonón, que é ben nacido  
e el corazón lle consagra  
á terra donde naceu,  
el mellor cacho da patria,  
a medida que el grau cae,  
praus sous adentros él fala:  
«Prende ben, levas bon cuito<sup>162</sup>,  
e sustancioso e él faga  
que te desates rumboso,  
con casos da sete varas,  
avultadas as espigas  
como dos ricos a panza,  
grau de cuña, anchón e preto,  
que encha cada un unha cuarta.

Nada che pido pra min;  
penso criar unha reata<sup>163</sup>  
de treinta ou cuarenta potros  
de sete cuartas de alzada,

---

<sup>160</sup> *Borona*: millo para facer pan.

<sup>161</sup> *Vasadoiro*: vesadoiro, arado para abrir surcos no terreo e darlle a volta, quedando a terra á vista e a tona cara abaixo.

<sup>162</sup> *Cuito*: esterco.

<sup>163</sup> *Reata*: corda para atar varias bestas; por extensión, conxunto delas.

¡rolizos... guapos... lustrosos!,  
que señan da feria a mapa,  
e de relincho tan fuerte  
que sala<sup>164</sup> de Silvallana<sup>165</sup>,  
delle a Evardo nos ouguidos  
e lle encha el alma de rabia.  
¡Que é xusto que quen las fai  
lles pape toda a sustancia!»

FARRUCO

---

<sup>164</sup> *Sala*: saia.

<sup>165</sup> Refírese unha vez máis á polémica entre os defensores da feira da Silvallana e os da nova feira, que xa comentamos en poemas anteriores.

### AUGURIO

Levando un mesmo camín,  
tropezouse Xan con Pedro;  
Pedro mirou ben pra Xan,  
e espetoulle  
—Hai malos ventos.  
—Tú tas tolo —Xan repuxo.  
E poñendo a cara al tempo,  
como escuitando, agregou:  
—Nun corre bafo de vento.  
—Non é desos dos que eu falo,  
—dixo Pedro— Agora penso  
noutros que acaban con homes  
que non contaban con elos.  
—Pois ¿que pasa?  
—¿Tas así?  
¡Morreu Pidal<sup>166</sup>, leve el deño!  
—¡Morreu? ¡Ai ho! ¿que me dices?  
¿E que van faguer os vellos?  
—¿Que van faguer? Pois ta claro:  
morrer tamén ¿non é tempo?  
—É, madeus. Aunque...  
—¿Non ves  
que al árbol, por corpulento  
que quiras, si as raíces  
lle cortan, lo leva el demo?  
—Teis razón. E el árbol este...  
—Ta todo fofo por dentro.  
—Mais ¡quen sabe!, que a rei morto,  
rei posto, dice el proverbio.  
—E ese home ¿donde lo buscas?  
Hai que faguelo, meu neno,  
e faguer un home, Xan,  
non che é faguer un muñuelo.  
—¡Que a terra lles seña leve!  
—¡Hanche pesar ben máis elos!  
Tían bon dente, paparon,  
e un home farto... ten peso.

### FARRUCO

---

<sup>166</sup> Refírese a Alejandro Pidal y Mon, político conservador asturiano que tivo importantes cargos: embaixador, ministro, presidente do Congreso, etc. Faleceu en Madrid o 19 de outubro de 1913.

### EL TRASNO

— Un conto, avola.

— Un conto, meus neníus,  
pero tade calados, sin movervos,  
mentras eu vos recoso a vosa roupa,  
e tamén pra que durma el noso neno.

¡Así! Aló, condo eu moza, hai muitos anos,  
el meu vecín Perico del Candelo,  
home de ben, si os hai, pero que tía  
pouco aceite na luz del sou celebros,  
el saqueto tomou, xa ben de noite,  
e foise hacia el molín; por el sendeiro.

De un recodo na volta, aló nun baxo,  
taba el molín, e leve nunca el demo  
si al trasno non topou na mesma porta,  
queréndose enroscar como un novelo.

Acurrucado el pillo, na cabeza  
tía el sou gorro, encarnadín, dereto,  
como aqueles que aló, non sei de donde  
traguían noutro tempo os mariñeiros.

Tamén posta nas maus lle viu a criba,  
e el «coller e verter» cantaba a xeito.

Perico que lo topa, pega un grito,  
sentiu frío e calor a un mesmo tempo,  
tirou con el saqueto, deu as pernas  
e botouse a correr que nin el vento.

Condo chegou á casa, ni un cadavre  
tía el caris como él, de barro feito.

A muller asustouse, e él temblando  
cerrou a porta e atrancou por dentro.

Tomou un cazo de agua, e condo el home  
xa puido respirar, ainda con medo  
contoulle á súa muller que el trasno mesmo  
quixera á porta del molín collerlo.

— ¡Ai, Pedro, que me dices?

— Cala a boca; cada vez que me acordo, nena, temblo,  
porque che era un trasnazo coma un oso,  
e os dedazos, madeus, eran de ferro.

— ¿Ben sei?...

— ¡Que extraño! Que pensei ser morto  
e hasta de punta se me puxo el pelo.

Aquela noite, sin cenar nin cousa,  
fóronse á cama, despacín, e axeito,  
e eínda hai quien diz que al deitarse entrambos

nin siquera el candil seique encenderon.

Pero ben, meus nenús. Mentras pasaba  
como a verdá más verdade todo esto  
á sua porta chegaba Antón de Arriba  
e arriaba das espaldas un saqueto

—¿El saqueto de Pedro?—preguntaron

—Adeviñastes; el saqueto mesmo

—Entonces ¿no era el trasno?

—¿Condo lo houbo?

Antón de Arriba, por demás travieso,  
amigo de folgar e andar ben farto,  
vestir ben e sorberse buenos netos<sup>167</sup>,  
triunfaba con el traballo dos vecíos,  
fendo el trasno de noite nel sou pueblo

F.

---

<sup>167</sup> *Neto*: medida de capacidade que se soía usar para o viño; equivale a un cuartillo.

### NA PRIMAVERA

Chuí chooorrrlichichí chuí chuí. Tal nas ramas  
que a esponxarse comenzan con as follas,  
con gorgoríus del tembloroso papo<sup>168</sup>  
os páxaros se alegran e alborozan.

Eu párome a escuitarlos; gozo el mundo  
condo dun árbol nel piquín se pousan  
e siguen barballando os sous cantares,  
precioso chorro de graciosas notas.

¿Que lles dá tal contento? Pois veredes:

Aló, nos altos picos xa se borran  
as neves del inverno, os frutales  
compoinse con a flor, tamén asoman  
na xema que se entreabre, plegadías,  
bordeadas de piquíus, as tiernas follas,  
el herba crece, xa se olen os perfumes,  
corren del ríu as buliceiras ondas,  
el sol calenta e recubrindo os surcos,  
que rompeu del arado a rexa corva,  
van fieros os trigales, prometendo  
encher el forno de avultadas tortas.

Como vedes, a escape<sup>169</sup> xa se acercan  
os tempos en que a vida se renova;  
e si é todo alegría por el mundo,  
e el cielo sobre el campo apenas chora,  
el paxarín, que é música, ¿queredes  
que se amurrie<sup>170</sup> e se cerque de congoxas?

Non, el paxarín gorjea; canta al alba,  
nas horas de calor baxo das follas,  
e aló na tarde, al esconderse el sol,  
e cálase al baxar da noite a sombra.

El páxaro évos música; ademais  
ahora que del monte xa se borran  
as neves, vanse as nubes, ríe el cielo  
e de follas os árboles se adornan,  
él anda entretenido por as ramas  
buscando un hueco escondidín na copa

¿Pra que? Non afanarse, xa mui lougo  
cen paxaríus vos lo dirán de sobra,  
cuando cantando el chuí chooorrrlichichí

---

<sup>168</sup> *Papo*: peito das aves.

<sup>169</sup> *A escape*: rapidamente, ás présas.

<sup>170</sup> *Amurriar*: murchar, perder forzas.

saquen del nío as cabecías novas.

FARRUCO

(Castropol, nº 426. 30 de xaneiro de 1917)

¡PUM!

Era nel tempo da fruta,  
cuando en sazón desde as ramas  
con el color e frescura  
fainos telergas<sup>171</sup> nas ganas.

Si esto pasa con os vellos,  
con os nenos ¡Dios nos valga!  
Alborótalos dun modo,  
ponlles tan fieras as ansias  
que llas queima como el lume  
encende el ferro na fragua.

Pois un día, por as doce,  
saliu delos unha plaga  
aló das terras e veuse  
paso a paso, por as trazas  
xa dispuestos e en camín  
dalgunha barrabasada.

El medo non los prendía,  
rían de gozo as súas caras,  
e aunque a paso e con cautela,  
por os noiros<sup>172</sup> avanzaban.

Chegaron al pé da horta  
de Pedro, que é unha alhaja  
da mellor fruta que vistes,  
e detuveron a marcha.  
Miraron, non parecía  
en todo el campo ni un alma.  
As terras estaban solas,  
as chimeneas fumiaban,  
e era sabido que a xente  
nos escanos parolaba  
mentras ¡pof! ¡pof!, nel potón  
de cocer acaba a xanta.

—¿Quen sube?— se preguntaron—

A parede é bastante alta

—os más pequenos dixeron—

—Pero ten edras e axudan  
a collerse pra gabiarla<sup>173</sup>

—contestaron os más grandes—

—Suba el Gato.

---

<sup>171</sup> *Telergas*: cóxegas.

<sup>172</sup> *Noiro*: terreo pendente ou elevación de terra que se ergue para separar dúas fincas, ribada.

<sup>173</sup> *Gabiar*: gabear, agatuñar, subir axudándose coas mans.

—Non; Pastrana  
que las vola de valiente  
—¡E quen lo dude que sala!  
Tédesme aquí ¿quen axuda?  
Si dacondo<sup>174</sup> unha bandada  
de gorriois vistes caier  
sobre del meiz, nunha manta  
posto al sol a madurarse,  
os daredes cuenta exacta  
de como elos al instante  
se foron contra Pastrana;  
as maus cubríanlle el corpo,  
todas agarra que agarra,  
unhas os brazos, as maus,  
as pernas, os pés, a espalda,  
e todas puxa que puxa  
pra subir aquela carga.  
—Cóllete ás adras —decían  
estos; aqueles.  
—Afianza<sup>175</sup>  
este pé nesta furada<sup>176</sup>;  
estoutro aquí. ¡Mui bien! ¡Ala!,  
que vas. ¡Hum! Témoste enriba,  
agora un pouco descansa.  
Xa ta Pastrana nel pico<sup>177</sup>  
da parede ás súas anchas.  
Entre tanto os compañeiros  
da fruta el ollo non sacan,  
e é unha broma escuitar  
que palabras lles arranca:  
—¡Chachos! ¡Que ameixas!  
—¡Preciosas!  
—¡Como degolan<sup>178</sup> as ramas!  
—¡Mirade aquela, por Dios,  
que de cargada xa racha!  
—¡Que doradas!  
—¡Que maduras!  
A maior parte regañan.  
—Xa me ladra el apetito  
—¡A min as ganas me rabian!  
Anda, Pastrana, ¿que fais?  
Colle e delas pra acó manda.  
Vas a morrer na parede  
dun ataque de galbana<sup>179</sup>.  
Pero ¡que fais? ¿a cabeza

---

<sup>174</sup> *Dacondo*: algunha vez, nalgún momento.

<sup>175</sup> *Afianzar*: asegurar, apoiar.

<sup>176</sup> *Furada*: burato da parede.

<sup>177</sup> *Pico*: cima.

<sup>178</sup> *Degolar*: inclinar ou romper algo, neste caso debido ao peso.

<sup>179</sup> *Galbana*: preguiza.

entre das ramas agachas?  
—¡Calade! —lles contestou.  
—¿Entonces, di, que che pasa?  
—Veuse el tiu Pedro prá porta,  
nas maus del caldo coa taza,  
je si virades!... ¡na boca  
mete cada cullarada!  
—Deixa que coma; tu colle  
e cada cual faga a farda,  
él de caldo e tu de ameixas  
—¡Un degorrio<sup>180</sup>! ¡Si me atrapa!  
—¿E vas baxarte?  
—Al instante,  
que empeza a botar olladas.  
Deixouse caier axeito  
e al punto viuse nas caras  
a pesadumbre e tristeza  
que a al morrer deixa a esperanza.  
—¡Bon negocio! —díxose un;  
outro dixo:  
—¡Buena pasa!,  
que no me salo de aquí  
sin levar a mía tallada.  
¿Vedes aquela pinola<sup>181</sup>  
na punta de aquela rama?  
¡Un racimón! ¿no e verdá,  
de ameixas como naranxas?  
—¡Ten razón! —dixeron todos—  
Pois a collerla, ¡Unha vara!  
Vai buscar aquela, Chinto,  
que é a cuenta pra pescarla.  
Chegou Chinto cun el palo;  
enderezándolo á rama,  
nél la enredaron e axeito  
comenzaron a baxarla.  
Era un traballo feliz,  
ni unha ameixa se soltaba,  
e a punto xa de collerla,  
alborozados estaban,  
pois la tocaban cos dedos  
os rapaces de más talla,  
cuando sonou ¡pum!, un tiro,  
e se esparciu a bandada.  
Corrían por os suqueiros<sup>182</sup>  
acongoxadas as almas,  
como si fora silbando  
tras dos sous corpos a bala.  
Pedro, na mau a escopeta,

---

<sup>180</sup> *Degorrio*: demo.

<sup>181</sup> *Pinola*: conxunto de pequenos froitos, racimo.

<sup>182</sup> *Suqueiro*: carreiro á beira dos terreos cultivados.

taba rindo na ventana,  
e a puñeflera pinola,  
entera, sin unha falta,  
de ameixas gordas, jugosas,  
que atormentaban as ganas,  
como ríndose dos nenos  
quedou danzando na rama.

FARRUCO

(Castropol, nº 440. 20 de xuño de 1917)

¿BAILA?

Xuaquín de Pepa sostuvo,  
formal, con aplomo e calma,  
que na mañá de San Juan,  
al salir el sol bailaba.  
Pepe de Antonia decía,  
posto el dedo na vidalla<sup>183</sup>:  
—Eso cuéntallo al degorrio<sup>184</sup>,  
el sol non sabe de danzas.  
Pepe creía a pé xunto  
lo que se dice del agua,  
collida a noite del Santo,  
al dar as doce a campana.  
¡Ei taba viva súa avola!  
¡Tía os ollos!... ¡Unha lástima!  
Lavoulos con agua das doce...  
¡quedoulle a vista tan clara!  
Non era agora verdá  
lo que das nenas se fala,  
de que si ás doce la beben,  
cumplido el ano se casan.  
¡Muitas bebéronla ás doce,  
e ainda cargaban coas ganas!  
Tamén creía nel huevo;  
xa tres veces lo probara,  
as tres pedíralle un barco  
e saliu tal cual desíaba:  
con palos, velas, cordeles,  
e hasta a maior tía isada.  
¿Pero el sol?... ¡Unha puñefla<sup>185</sup>!  
Eso era de xente zafia<sup>186</sup>.  
Xuaquín ¡ca!, non negaría  
lo del huevo e lo del agua;  
mais lo del sol, era cierto,  
seis contra dun apostaba.  
—Non aposto dixo Pepe,  
que non tía gran confianza—;

<sup>183</sup> *Vidalla*: parte lateral da cabeza, situada entre os ollos e as orellas; sen, tempa.

<sup>184</sup> *Degorrio*: demo

<sup>185</sup> *Puñefla*: puñeta.

<sup>186</sup> *Zafia*: que se comporta con modais inadecuados, groseira.

pero vamos madrugar  
ese día e ver quen gana.  
—Un e outro, sin ver as novias,  
fóronse cedo pra cama.  
El alba madrugou muito,  
pero colleulos xa en planta.  
Os dous miraban pra el sitio  
por donde a roda el sol saca,  
fijos os ollos, clavados,  
sin dar siquiera as pestañas.  
—Eí asoma —dixo Pepe.  
Mudo Xuaquín mira e cala.  
Apareceu el curumen<sup>187</sup>  
del sol, envolto na llama.  
Despois, redondo, sorrindo  
con majestad e gran pausa,  
feito unha brasa de roxo,  
foi salindo de entre as ramas  
dos árboles, que cubrían  
por aquel lado as montañas.  
Xa alumaba en campo raso,  
e sin cuidarse de danzas  
seguiu subindo, subindo,  
cubriendo os campos de gracia.  
—¿Viche? —preguntou Pepe—  
mostrando el triunfo na cara.  
—¡Pois díxolo meu avolo!—  
contestou Xuaquín con calma—  
E ainda me queda unha duda:  
de si entre as ramas bailaba.

#### FARRUCO

---

<sup>187</sup> *Curumen*: a parte máis elevada; neste caso, o primeiro que asuma do sol.

(Castropol, nº 491. 30 de novembro de 1918)

### COMO AYER

Nel principio dos tempos, cuando Dios  
fixo a terra, miroula e viula buena,  
acoló fixo, aló, seique nel Asia,  
un pedazo meirande. Nesa peza  
cuidou, según leín, que non faltase  
cousa algunha de guapa e chamadeira<sup>188</sup>.

Aquelo era el delirio; xa veredes:  
as flores, mui variadas e as máis bellas:  
blancas, roxas con pintas e azuladas;  
el gusto no acertaba na escolleta.

Os páxaros cantaban que era genio;  
non podía a nariz con as esencias;  
as ramas eran fontes de frescura;  
el suelo sin morrillos nin arenas,  
era césped, plagado de florías;  
os ríos non choraban, baxo el herba  
bulían e cantaban cristalinos,  
e arriba, sobre as copas das palmeras,  
un cielo azul, sin farrapos de nubes  
nin barullos nin queixas de tormentas.

Eu non sei si lo diga; fora un home  
el creador dese mundo de bellezas,  
e a mía lingua soltara que ese alí  
puxera dunha vez toda a fachenda.

¡Mirade si era guapo! Pois veredes:  
en sitio tan hermoso, que hasta en letras  
lle chaman Paraíso, que é decir  
sitio de gloria, de placer e cencia,  
Dios puxo unha parexa, non de corvos,  
humana: Adán, e a melindrosa<sup>189</sup> de Eva.

Nin el cavaba, nin ela, unha vez  
tomaba entre dos dedos a calceta;  
sempre andaban del brazo, sempre ociosos,  
empapados nel goce das bellezas.

¡Madeus, era de máis! Pero entre aqueles  
encantos, non faltaba a súa treta:  
Dios plantoulles en medio dos frutales  
un mazaneiro de mazás reinetas;  
eínda a clase non ta ben discernida,  
mais é de presumir que fora esa.

---

<sup>188</sup> *Chamadeira*: que chama a atención, que destaca.

<sup>189</sup> *Melindrosa*: que fala e se comporta con extrema delicadeza.

E al plantarlo, aus dous díxolles serio:  
ver e deixar, ou sufrireis a pena.  
Adán temblou; nin pra as mazás miraba.  
Eva... ¡puñeflera! Nas entretelas  
andáballe el gusano del deseo  
e abrasábase en ganas de comerlas.  
¡Sempre lo vedado pra as mulleres  
tuvo e ten mui peligrosa fuerza!  
¡Que diablo sería aquilo! Foise un día,  
miroulas, palpoulas e pensou collerlas.  
Sin embargo, deixoulas; ben el outro  
e volveu a mirarlas: ansias, penas,  
pegábanse al corpo, non aguantaba:  
“¿collo?”, “¿deixo?”, decíase, e lixeira  
arranca unha, e perlática<sup>190</sup> de medo  
fuxiu, pero ¡ca! sin soltar a presa.  
Xa repostada, pensou, ¿que fago agora?  
Comerla; eso claro; pero a pena?  
Al fin olvidoula tamén. Muller  
e olvido, son igual; dixen a experiencia.  
Comerla sola, fagúialle telín.  
Que Adán pene tamén. Vaise e risueña  
buscoulo ¿que demontres lle dería?  
El baldragas<sup>191</sup> non puxo resistencia,  
e mordisco a mordisco, relambéndose,  
entre os dous deron cuenta da reineta.  
Búa foi a mazá! Desde aquel punto,  
toda son laias<sup>192</sup>, pesadumbres, queixas;  
non hai home que non pene, el que non chora,  
dos pelos tira ou de delor rebenta.  
Pois non haia cuidado: hoy como ayer  
cada Adán sigue os gustos da súa Eva.

FARRUCO

---

<sup>190</sup> *Perlática*: tremendo como se tivese perlesía.

<sup>191</sup> *Baldragas*: torpe, despreocupado.

<sup>192</sup> *Laias*: laios, queixas.

## CONRADO VILLAR LOZA

(*Castropol*, nº 124. 20 de decembro de 1908)

QUEN É AQUEL... ADIVÍELO

¿Quen será *Pepe de Mingo*<sup>193</sup>?

¿Quen será ese malvado

Que nel CASTROPOL me bota

Esos piropos tan claros?

Estas son as dúas preguntas

Que dicen que fai a diario,

El que de Trampa é cacique

E agora se ve apurado

E pois quer saber Farruco

Quen poda ser el de Mingo,

Eu lle darei dél as señas,

Aguce ben el oído:

*Pepe de Mingo* élle un home,

Ou si quer vosté un fulano

Enemigo de injusticias

De lo que é vosté un dechado

É a súa voluntad de ferro

E ferro a súas convinciois

Non pode ver os serviles,

Nin tampouco os adulois<sup>194</sup>.

Pois lendo á Richelieu

Quedou Pepe convencido

De que esos fulanos tein

Muito a os cacos parecido.

Dos sous labios sempre sale

A verdá clara e desnuda,

¡Non pode ver a mentira!

¡Non pode ver a calumnia!

Sinte afición por as artes,

Sinte afición por as letras,

E todos os días se empolla

A buena e a mala prensa.

Apesar que xa non hai

Nin prensa buena ni mala,

Así lo dixo fai días

El Obispo que hai en Jaca.

---

<sup>193</sup> *Pepe de Mingo* é un pseudónimo que usou frecuentemente Conrado Villar Loza. Vese que a estas alturas aínda non era moi coñecido; posteriormente, asinou algún texto facendo constar xuntos o pseudónimo e o nome verdadeiro.

<sup>194</sup> *Adulois*: adulares.

Tamén lee al gran Galdós,  
A Zola, Gorki e Morayta,  
A Echegaray, a Sellés  
E a Calderón de la Barca,  
E si el fora algunha cousa  
De Ayuntamiento ou Juzgado,  
Sería nas sus funciois  
Como de lei ta mandado.

El non cobraría juicios  
Que jamás se han efectuado.

¡Como lo fixo e lo fai  
De villa Trampa<sup>195</sup> el juzgado!

El tampouco cobraría  
Ningunha fe de bautismo,  
¡Como lo fixo e lo fai  
De villa Trampa el Registro!  
E os permisos pra el embarque  
Serían libres de honorarios,  
¡Que en villa Trampa los cobra  
El Juecín e el Secretario!

E se así fairía el de *Mingo*  
E por a sola razón,  
De que eso é arbitrario,  
E por tanto, unha explotación  
Unha explotación que se fai  
En villa Trampa fai anos,  
E os máis explotados son  
Os nosos buenos paisanos.

Pero estos cansados xa  
Dando de civismo exemplo,  
Propoinse acabar coa lepra  
Que a tempo los van corroendo  
E pois xa lle din Farruco  
Algunhas señas del de Mingo,  
Ahora vosté por elas  
Quén e aquel... adivíelo.

HIPÓLITO.

---

<sup>195</sup> *Villa Trampa*: refírese a Tapia; o autor chamáballe así habitualmente.

(Castropol, nº 503. 30 de marzo de 1919)

NON TOPOU, NIN TOPA OVOS

Aquelos que aquí votaron  
con don Ramón Navia Osorio<sup>196</sup>,  
vendo que este, non dá lume,  
tan que los leva el demonio.

Creeron os mui incautos,  
que, Ramoncín nel Congreso,  
sería un papón terrible  
pra toditos os gobiernos.

Creeron ija, ja! esos volos,  
que en sendo este diputado,  
fairía dos reformistas  
tortilla con bacalada.

A todo esto fai un ano  
que aquel ta nel Parlamento,  
e el único que alí fixo,  
foi calentar el asiento.

Mientras tanto os reformistas,  
son deste concello a honrilla,  
e Ramón non topou ovos...  
pra facer con ellos tortilla.

Non topou nin topa ovos,  
aunque dea un ollo da cara,  
porque ta en Madrí un home  
que todos los acapara.

Quen é este non lo digo,  
nin digo como se chama;  
mais si teís quinqué<sup>197</sup>, lector,  
pon el dido sobre a llaga.

Aquelos que aquí votaron  
por don Ramón Navia Osorio,  
vendo que este non dá lume,  
tan que los leva el demonio.

PEPE DE MINGO

---

<sup>196</sup> Ramón Navia Osorio (1877-1936) foi un militar e político asturiano que foi elixido deputado polo distrito de Castropol en 1918, derrotando ó candidato reformista, D. Melquíades Álvarez.

<sup>197</sup> *Quinqué*: lámpada alimentada con petróleo, que protexe a luz cun cristal.

(Castropol, nº 641. 30 de xaneiro de 1923)

LONXE<sup>198</sup> DE AQUÍ

¡Lonxe, mui lonxe aquí,  
donde lle chaman Habana,  
teño el meu fillo querido,  
teño al meu Pedro del alma!

Veinte anos ha que se foi,  
empuxado por a idea  
de xuntar alí unhos cuartos,  
e volver lougo prá aldea.

Deixoa con pena a súa madre,  
con dolor deixou al pueblo;  
¡quira Dios que vexa axina  
realizados os sous sueños!

Desde el día en que marchou,  
todos os meses me escribe,  
e na súa última carta,  
entre outras cousas, me dice:

«Madre querida del alma,  
sigo con fé traballando,  
e se as cousas non se torcen,  
tarei axina al sou lado.

Non desespere, non, madre;  
non perda, non, a esperanza,  
que, coa costancia que eu teño,  
sempre alguha cousa se alcanza.

Xa sabe que lo que eu busco,  
aunque sufra agora estrechez,  
é ter algo pra que pase  
vosté, conmigo, a vellez.

Quero, ademais, madre mía,  
gozar dos aires da patria,  
e escuitar nel meu terruño  
os dulces sonos da gaita».

¡Que Dios te oiga, meu fillo,  
e te traiga pra esta terra,  
donde te esperan os brazos  
e os cariños desta vella!

¡Lonxe, mui lonxe aquí,  
donde lle chaman Habana,

---

<sup>198</sup> Por erro tipográfico, o título do poema aparece no xornal como "LONHE". Este texto publicouse de novo uns anos despois, en novembro de 1926, no nº 25 de *Ecos Vegadenses*.

teño el meu fillo querido,  
teño al meu Pedro del alma!  
CONRADO VILLAR  
(Pepe de Mingo)<sup>199</sup>

---

<sup>199</sup> Por estas datas, a identidade de Pepe de Mingo xa está suficientemente esclarecida. Aquí asina co pseudónimo seguido do nome verdadeiro.

**CLAUDIO LUANCO**

(Castropol, nº 175. 14 de abril de 1910)

Tarde piache, Benitín<sup>200</sup>;  
dixen mal, piache cedo,  
quédate dentro del huevo,  
remolla ben el tapín.  
Muito te tein que chocar<sup>201</sup>  
pra sacarte diputado.  
Canillejas, el criado  
e os dous ganxos de Lagar.

---

<sup>200</sup> Refírese a D. Benito Castro, un político da zona que era obxecto habitual das críticas máis despectivas no xornal, como xa comentamos a propósito de textos anteriores. Desta vez equivocouse o autor, xa que Benito Castro acabou sendo Deputado en Madrid, o cal propiciou novos argumentos para ridiculizalo, poñendo especial énfase na súa pasividade, xa que nunca participaba. Sobre el escribiu Pepe de Mingo un dos seus artigos máis incisivos, no que intercalou tamén fragmentiños en galego: “Don Benito se sienta n’os escanos del Congreso y no sabemos que haya hecho allí otra cosa más que eso: sentarse. (...) *Non fai nada, nin peruncia. (...) Nin perunciará, ten a pibida*”.

<sup>201</sup> *Chocar*: A pé de páxina, no orixinal, explícase deste xeito o significado da palabra “chocar”: “empollar, en el dialecto del país”.

**JOSÉ ANTONIO PÉREZ<sup>202</sup>**

(*Castropol*, nº 363. 30 de abril de 1915)

RECORDOS

Paisaxes da mía terra,  
Xa non vos verei máis,  
¡Cantas penas me costan!  
¡Que lonxe, lonxe tais!  
Berran nos meus ouguidos  
As olas del tou mar,  
A aroma das túas flores,  
Das aves el cantar.  
Noites de branca lúa,  
Días de calente sol,  
Mañás de primavera,  
Tardes frescas de amor.  
Recordos da mía terra  
Que xa non verei máis,  
¡Cantas penas me costan!  
¡Que lonxe, lonxe tais!  
Rosario de Serantes,  
San Bartolo de Tol,  
San Esteban de Barres,  
Santiago en Castropol.  
San Román das Figueiras,  
Ferias de Silvallá,  
Xa non volverei veros,  
¡Que lonxe, lonxe tais!  
A madre que de neno  
Nel colo me arrolou,  
Pra darme pan e roupa  
A súa vida acabou—.  
¡Conta pena me costa  
Non podela abrazar!  
Xa non volverei verla.  
¡Mui lonxe de min ta!

JOSÉ ANTONIO PÉREZ

---

<sup>202</sup> Descoñecemos datos biográficos deste autor. Tampouco atopamos máis textos del.

## POEMAS DE AUTORÍA DESCOÑECIDA OU POUCO CLARA:

**MARCELINO VIOR**<sup>203</sup>

(*Castropol*, nº 27. 10 de abril de 1906)

AL NOSO D. JOSÉ RAMÓN<sup>204</sup>

¡E morreo! ¡Quen lo dixera!  
Home de tanto saber,  
¿Como se deixou morrer  
como morre outro calquera?  
Pois non morreo, non señor,  
que todo lo deixa escrito:  
non morreo: cerrou el pico,  
e foi pra un mundo mellor.  
Por eso hoy lo festexamos,  
e el desde el cielo vén vernos,  
e anque non quer que choremos  
verá como lo choramos.

---

<sup>203</sup> Descoñecemos datos deste autor, que envía o seu texto desde Ribadeo.

<sup>204</sup> O 10 de abril de 1906 o *Castropol* dedícalle varias páxinas a D. José Ramón Luanco (1825-1905), eminente químico e historiador de Castropol co gallo do seu primeiro cabodano. Entre todas as colaboracións, atopamos dúas en verso: unha de ORMAN (Ramón García González) en castelán e outra en galego que precede a unhas palabras en prosa enviadas por Marcelino Vior desde Ribadeo co título de “El ángel de D. José Ramón”. Non está clara a autoría, pero tendo en conta o contido do poema e que cada colaboración leva ó remate o nome do autor, parece evidente que todo o conxunto (poema e fragmento en prosa) pertencen á mesma persoa.

## ANÓNIMOS

(*Castropol*, nº 211. 20 de febreiro de 1911)<sup>205</sup>

Neste concello da serra,  
e na parroquia das Veigas,  
hai un monte mui espeso,  
que lle chaman a Barreira.

En certo sito do monte  
hai unha casiña boa,  
que si mal no me engaño,  
chámanlle a Barreiroa.

Esta casa ta habitada,  
hai muitos anos, por xente  
que escribe á súa maneira  
no *Eco dos indecentes*.

Non se debe de extrañar  
o que conozca tal xente,  
que esgrima a pruma do xeito  
nese papel pestilente.

Porque toda a súa vida  
levan os anos enteros,  
falando mal de seu padre,  
no monte cos carboeiros.

E seu padre de enfadado  
botoille pragas a centos,  
e xa disfruta de algunhas  
que todos lle conocemos.

O que lle fixo a seu padre,  
no no digo nun momento,  
así que xa falarei,  
pra cando me chegue o tempo.

Favor pido á *Mazzantini*,  
*Pepe de Mingo* e *Revancha*<sup>206</sup>.  
deixen periódico libre  
pra cando me faga falta.

Esto que levo apuntado,  
escribo no meu dialecto,  
pra que alguén non me diga  
que á Gramática eu atento.

Saludo con toda el alma  
a o señor Director,  
e rógolle que estos versos  
vaian xa pra el CASTROPOL.

---

<sup>205</sup> Este poema publícase de xeito anónimo no espazo dedicado a Taramundi. Nel e pídesele ó director que o publique no *Castropol*, o cal nos fai pensar que o envío fíxoo un colaborador non habitual, polo menos ata ese momento.

<sup>206</sup> Trátase de pseudónimos de colaboradores habituais no *Castropol*.

(*Castropol*, nº 221. 10 de maio de 1911)

COUSAS DAS MULLERES<sup>207</sup>

— ¿Pra unde va doña Dolores?  
¿Por que vai tan afligida?

— Vou prá casa de *Xarrapo*<sup>208</sup>,  
que é médico nesta villa.

Pro vosté, ¿que vai facer  
á cas do<sup>209</sup> veterinario,  
se un necio chen de egoísmo,  
é por necio despreziado?

Tu dices que é un home necio,  
e eu dígoche que é verdá;  
mais nas cousas das mulleres,  
inda entende ó perillán<sup>210</sup>.

¡Eu seilo por experiencia,  
que é un home mui entendido,  
coa ferruxenta lanceta  
faime perder el sentido!

Por certo sabe facelo  
con cara mui pracenteira,  
e a cerca de guiñar ó ollo  
o mundo diga o que queira.

Se llo sabe a súa costela  
que nesas cousas andaba,  
ela agora xa vai vella  
e por eso non se extraña.

Él naceo ben apricao  
pra ser un home sin letras:  
él sabe os oficios todos,  
en política rastreira.

Contribución e consumos  
mui ben o poden decir:  
a escola feita un pallar,  
e a estafeta por abrir.

E os arbitrios provinciales  
non me deixarán mentir,  
si o Estado chega a enterarse  
moito terá que sufrir.

---

<sup>207</sup> Este poema tamén se publica no espazo dedicado a Taramundi, na sección “Musa popular”. Aparece asinado co pseudónimo *Cantaclaro*. O feito de que apareza nunha sección na que habitualmente publicaba Antolín Santos Mediante pode facernos pensar que este sexa o autor do texto, pero non temos outros indicios.

<sup>208</sup> Xarrapo foi un alcalde de Taramundi que, segundo o texto, aproveitou a súa condición de alcalde durante catorce anos para enriquecerse.

<sup>209</sup> *A cas de*: á casa de.

<sup>210</sup> *Perillán*: persoa pícara, astuta.

E lagarto pra os negocios,  
hasta na compra dos xatos  
ofrece baxar consumo  
sempre que llos dían baratos.

Gobernou de búa maneira  
sendo alcalde catorce anos,  
pois féixose un home rico  
e hoy chufa con moitos cartos.

E no administrar xusticia,  
Legaspe pódeo decir;  
moito lle doi a cabeza  
se recorda ó chambaril<sup>211</sup>.

#### CANTA CLARO

---

<sup>211</sup> *Chambaril*: pau forte que se usa para introducirle nas patas ós cochos, unindo as dúas traseiras, para poder colgalos cabeza abaixo e abrilos con máis comodidade. No texto ten un sentido despectivo.

(*Castropol*, nº 248. 30 de xaneiro de 1912)

¡CHIS!

Cerrade el ollo, dormide;  
apigarzai<sup>212</sup>, rapacíos,  
que andan os guardias por ei,  
escuitando donde hai ruído,  
e os vellos van asustarse  
si vos oin dar esos gritos.

¡Ei papón! ¡Hui cónto medo!  
A dormir, calar e ¡chito!

T.

---

<sup>212</sup> *Apigarzar*: adormecer.

(Castropol, nº 254. 30 de marzo de 1912)

XA SABEN

—¿Tas mazando ese turrón?  
—Tou, Antón, desque vin.  
Non solta a terra el indino<sup>213</sup>  
e é torcido de carís<sup>214</sup>.  
—¡E rebezo<sup>215</sup> pra ruinoco!  
—Pois xa rabiando saliu.  
—¿Sabes tu como lles chaman  
aló, en Asturias, Xuaquín?  
—Nunca por ei anduven.  
¿Como lles chaman?  
—Tapíus<sup>216</sup>.

T.

---

<sup>213</sup> *Indino*: indigno, maligno.

<sup>214</sup> *Carís*: expresión da cara, aspecto.

<sup>215</sup> *Rebezo*: rudo, terco.

<sup>216</sup> É o plural de Tapín, alcume co que coñecían a ó político tapiego D. Benito Castro.

(*Castropol*, nº 255. 10 de abril de 1912)

ALELUIA

Esto hoy chía de contento  
canta a Iglesia na leturgia.

Os paxaros, sobre das ramas  
cantan tamén *Aleluia*;  
*Aleluia*, canta a brisa  
e os regatíus que burbullan,  
e hastra as flores, si non cantan,  
esa palabra perfuman.

¡Oh, quen tamén dera aus vellos  
poder cantar *Aleluia*!  
Mais, meus probes; xa cantaron,  
e agora cailles a pluma.

T.

(Castropol, nº 464. 20 de febreiro de 1918)

### DE CAZA<sup>217</sup>

Cansado un gran mastín e fatigoso,  
con atroz falmagueira<sup>218</sup> na garganta,  
sobre as parnas de atrás taba sentado,  
con a lingua de fóra de unha cuarta.

Unha argola de ferro tía al cuello,  
e posta nela unha marela chapa,  
e na chapa se lía en letras grandes,  
aunque neste tamén hai discrepancias,  
unhos dicen, non sei si se equivocan,  
que alí ben claro taba, que era «Maula»  
mentras que outros, e acaso seña cierto,  
afirman seriamente que era «Maura<sup>219</sup>».

Si esto e verdá, el can era maurista,  
e a diferencia que hai de Maura a Maula,  
non importa gran cousa, erre por ele;  
como vedes, non chega a unha montaña.

El can de que vos falo taba triste,  
a congoxa nadáballe na cara,  
a zozobra tembláballe nel corpo  
e a saliba era un taco na garganta;  
angustia como aquela non hai can  
que con puños iguais lo amasara.  
Renqueando, despacio e chen de medo,  
chegóuselle un pituso

—¿Que che pasa?

—Ile dixo zalamero<sup>220</sup>.

—¡A min, nada!

—contéstalle enfadado.

—¡Guapos fumes!

—replica resentido— Sempre a gracia  
conseguí sin esforzo abrir as portas,  
por recias que anduvesen as visagras.

E si pequeno son...

—Pois franquiareime<sup>221</sup>:

quero ser diputado; busco el acta.

—¿Aquí, deste distrito?

---

<sup>217</sup> Publicouse de xeito anónimo.

<sup>218</sup> *Falmagueira*: especie de ronquido que se produce ó respirar.

<sup>219</sup> Antonio Maura (1853-1925) foi un político mallorquín que ocupou varias veces a presidencia do Consello de Ministros.

<sup>220</sup> *Zalamero*: adulator, engatusador.

<sup>221</sup> *Franquiar*: falar con franqueza, abrirse sen ocultar nada.

—¿Pois entonces?  
—E a escopeta que empleas nesta caza,  
si secreto non é ¿pode saberse  
de qué fábrica ou tenda ten a marca?  
—Mírame al pescozo; eí, sobre da argola,  
con letras da pulgada está na chapa.  
El pituso mirou, e recachando  
el focín como si algo lle apestara<sup>222</sup>,  
preguntoulle dudoso e con asombro  
—Non sei ler maiormente ¿é Maura ou Maula?  
—Como quiras— responde.  
—¡Tate, tate!  
—el pituso cavila— A cousa e clara:  
en política; os nomes son lo menos;  
lo de máis, hoy é sempre e a tallada<sup>223</sup>.

---

<sup>222</sup> *Apestar*: emitir un cheiro moi desagradable.

<sup>223</sup> *Tallada*: beneficios que se obteñen ilícitamente no exercicio do poder, comisións.

**EL ALDEANO**  
1929-1933


## O XORNAL: DATOS XERAIS

*El Aldeano* foi un xornal que se publicou quincenalmente en Castropol a partir do 15 de outubro de 1929. Constaba de catro páxinas, imprimíase en Ribadeo no obradoiro de *La Comarca*, e a suscripción custaba catro pesetas anuais, cun pequeno incremento se había que envialo fóra do concello; para o estranxeiro, custaba o dobre.

Deixou de publicarse o 15 de agosto de 1933, cando saíu o número 93, aínda que nalgún exemplar do mes de febreiro chegou a figurar o 100 por erro na numeración. Se na desaparición do *Castropol* pesaran máis os condicionamentos políticos e económicos, en *El Aldeano* as causas hai que buscalas máis ben no devir biográfico dos seus responsables xa que algúns deles faleceron e Vicente Lorient, en quen recaía o peso do traballo nos últimos tempos, xunto con M<sup>a</sup> Ramona Penzol, ausentábase de Castropol con frecuencia, polo cal non podía dedicarlle ó xornal tanto tempo como era preciso.

Pode accederse á colección desde a web da *Biblioteca Virtual del Principado de Asturias*, onde só falta o número 6. No ano 2003 o concello de Castropol publicou unha edición facsimilar completa cun interesante estudo previo de Xavier F. Coronado<sup>224</sup>, que nos fornece algúns dos datos dos que nos valemos nesta parte introdutoria e do que tamén asumimos a identificación dos pseudónimos cos que se asinan a maioría dos artigos en galego de *El Aldeano*.

Inicialmente a cabeceira só tiña texto, pero a partir do número 5 inclúe a imaxe dun labrego arrimado ó escudo de Castropol, en actitude de descanso. Desde ese momento mantívose sen cambios ata o final.



Primeira cabeceira de *El Aldeano*



Segunda e definitiva cabeceira

<sup>224</sup> Coronado, Xavier F. (editor): *El Aldeano. Periódico de información regional*: Reproducción facsimilar. Concello de Castropol, 2003.

Inicialmente na cabeceira figuraba Miguel González como administrador, pero a partir do número sete esta responsabilidade correspóndelle a Ramón Martínez. Non consta o nome do director, como sería de esperar, porque formalmente non existiu. Tratouse dunha responsabilidade plural, impulsada por Vicente Lorient Cancio, Manuel Marinero, Agustín García, Franco Vior, Pedro Penzol e Victoriano García de Paredes, que xa antes botaran a andar a Biblioteca Popular Circulante. En certo xeito, quixeron darlle continuidade ó *Castropol*, sendo conscientes de que eran tempos diferentes. No número 50, do 30 de outubro de 1931 botan a vista atrás e escriben:

(...) Al cabo nació EL ALDEANO, obra juvenil y portavoz ya de otras inquietudes. La imprenta también murió y si no desapareció del pueblo (y, por tanto, puede resurgir algún día) fue... porque Dios no lo quiso.

El Casino, nuestro pequeño orgullo local en un tiempo, parecía igualmente caminar hacia su fin: se llegó a no encontrar gente para renovar la directiva y si hoy no ha desaparecido y, por el contrario, recupera fuerzas, se debe, como es bien sabido, a los hombres jóvenes que se le arrimaron.

La política... ¿a qué hablar de la política? (¡la de cosas que se fueron contigo, nuestro pobre Franco<sup>225</sup>!). El balance es, como puede verse, abrumador. De todo lo que entonces tenía aquí cierta vida, lo único que sigue en pie y, en vez de retroceder, prosigue magníficamente su camino, es la Biblioteca. Sorteó la dictadura sin graves quebrantos y, a pesar de no estar muy sobrada de fuerzas, aun tiene las suficientes para reñir batallas que otros esquivan.

Certamente, o dinamismo que anos atrás tivera o concello fora esmorecendo e só seguía en pé a marabillosa iniciativa da Biblioteca Popular Circulante. Non se pode afirmar que *El Aldeano* fose o órgano oficial de difusión da biblioteca, pero existe unha relación íntima entre ambos os dous proxectos e moitas das persoas implicadas eran as mesmas. De feito, a biblioteca está moi presente no contido do xornal e foi o único motivo que provocou a ampliación do seu número de páxinas, ó incluír contido adicional en forma de suplemento, aínda que non tivo continuidade. A cabeceira retomouse uns anos despois, cando xa non existía *El Aldeano*, cunha extensión maior.



Nun deses especiais dedicados á biblioteca, do 15 de marzo de 1932, incluíuse un artigo en galego de Otero Pedrayo remitido a propósito desde Ourense, do que máis adiante falaremos. Para os alleos á zona, e se cadra tamén para os non tan alleos, poida que sexa preciso pararnos un pouco sobre as orixes e o labor da Biblioteca Popular Circulante:

Foi unha iniciativa cidadá xurdida das ansias dun grupo de mozos desexosos de achegar a cultura á xente como medio para fomentar o desenvolvemento social e as liberdade democráticas. O acto fundacional tivo lugar o 12 de outubro de 1921 e pouco despois expúxose publicamente no *Castropol*. Asinaron o documento oito mozos, todos menores de 30 anos, con estudos universitarios e posición social máis ou menos acomodada, pero parece ser que o verdadeiro artífice do manifesto foi Vicente Lorient, que pouco antes regresara a Castropol despois de vivir na emigración coa familia. A proposta foi acollida con entusiasmo na comarca e tamén por parte da comunidade

<sup>225</sup> Refírese a Franco Vior y Prieto, finado alcalde de Castropol.

emigrante, e axiña obtivo un importante apoio económico, procedente tanto de particulares coma das institucións.

Despois de facer os pertinentes trámites legais, o día 2 de marzo de 1922 abriuse ó público a biblioteca con 129 volumes; a final de ano xa pasaba de cincocentos e en 1936 contaba con máis de cinco mil, moitos con dedicatoria dos propios autores, entre eles Castelao.

Pouco a pouco fóronse abrindo sucursais da biblioteca en distintos lugares, atendidas por voluntarios. Chegou a haber dez no concello de Castropol e catro máis en parroquias limítrofes. Nalgúns casos a súa posta en funcionamento e a posterior subsistencia resultou difícil debido á oposición das autoridades ou do vello caciquismo local. Boa parte dos fondos ían rotando e outros mantíñanse na base, pero desde o comezo tívose o convencemento de que a biblioteca non podía ser unicamente un depósito de libros, senón que tiña que actuar como elemento de dinamización cultural. Realizaron múltiples actividades, algunhas delas de elevadísimo nivel: houbo reunións de lectores, organizáronse conferencias, produciron e representaron obras de teatro, emitiron programas de radio, organizaron concursos, levaron a cabo excursións, conseguiron un cinematógrafo para proxectar ciclos de cine, impulsaron publicacións, etc. En definitiva, funcionaron como unha moi dinámica asociación cultural, procurando fuxir do elitismo e procurando non caer na órbita de ningunha organización política concreta.

Durante a ditadura de Primo de Rivera houbo firme propósito de afogala economicamente e deixou de recibir axudas da administración, pero sobreviviu grazas ós redobrados esforzos da xente e da comunidade de Castropol na emigración. Coa chegada de República tampouco o concello se caracterizou polo seu apoio, pero logrou subsistir e mesmo logrou a solidariedade explícita de intelectuais de recoñecido prestixio, como Pedro Salinas, García Lorca e outros. Lorca estivera anos antes en Castropol con La Barraca e puidera comprobar persoalmente o importante papel cultural que desempeñaba. Coa chegada da guerra cercenouse o labor da BPC e moitos dos seus volumes perdéronse.

En *El Aldeano* hai regularmente información de todo o relacionado coa biblioteca, pero malia a preponderancia de contidos culturais, a política tamén tivo unha presenza importante no xornal, aínda que de modo diferente ó que sucedía no *Castropol*, xa que *El Aldeano* mantén unha postura menos partidista. No número 21, do 15 de agosto de 1930, os responsables aclaran un pouco a súa adscrición, indicando que manteñen o espírito crítico que alumeara o *Castropol*, pero asumindo que se viven tempos distintos. No número 18, do 30 de xuño de 1930, concretan un pouco máis e indican que dentro do xornal hai diversidade de posicionamentos políticos, pero cun punto de coincidencia: a República como condición indispensable para a transformación do Estado.

(...) Entre los fundadores y redactores de *El Aldeano* hay reformistas, hay republicanos a secas, hay agrarios y hay socialistas, casi todos con una fuerte dosis de regionalismo. Pero unos y otros coincidimos en que la República es condición indispensable para la transformación del estado español, que es lo que principalmente nos interesa.

## SOBRE GALICIA E O GALEGO

Igual que sucedera no *Castropol*, en *El Aldeano* hai referencias a Galicia a propósito do seu proceso autonomista, pero a actitude con respecto á descentralización do Estado é distinta: se no *Castropol* predominaban os artigos contrarios a esta reorganización política, *El Aldeano* é claramente favorable ó sistema autonómico. O centralismo castelán é obxecto de frecuentes críticas e, pola contra, trátanse con simpatía, cando non con fervorosa admiración, as iniciativas a prol da autonomía levadas a cabo en Cataluña, no País Vasco e en Galicia, e alúdese con frecuencia á necesidade de que Asturias conte tamén cun Estatuto propio. Sirva como exemplo este artigo, publicado o 15 de febreiro de 1933 (nº 81<sup>226</sup>) a propósito dun mitin en defensa do Estatuto celebrado en Ribadeo. O acto tivera lugar o día 12 do mesmo mes, presentara os oradores o boticario ribadense Claudio Pérez Prieto e interviñeran Francisco Fernández del Riego, Ramón Vilar Ponte, Suárez Picallo e Castelao. O artigo de *El aldeano* asínouse co pseudónimo **RhHVXUN**, que Xavier F. Coronado atribúe a **Vicente Loriente Cancio**, peza fundamental en toda a existencia do xornal:

### LA LECCIÓN DE GALICIA

Los políticos de café o de Casino que quisiesen clasificar según sus tópicos favoritos los oradores del meetin celebrado el domingo en Ribadeo en favor del Estatuto de Galicia, seguramente se verían perplejos. “Al labrador gallego le cuesta 4,25 producir un kilo de carne; solo puede venderla a 3 pts.” decía uno de ellos, Suarez Picallo: ¿es esto derecha? ¿es izquierda? Galicia fué un pueblo “atrasado” porque no se dejó arrastrar por el falso progreso industrial; gracias a eso no tiene hoy su economía inflada y puede nadar en la abundancia en el porvenir si consigue revalorizar su tierra” decía con estas o parecidas palabras, Castelao. Ahora bien: ¿será un cavernícola el genial dibujante?, ¿será un jabalí?

Por lo menos, no es un fonógrafo. Ni Suárez Picallo, ni Villar Ponte, ni Fernández del Riego tampoco ni nuestro amigo Claudio Pérez Prieto, que hizo la presentación de todos. Y he aquí, cabalmente, la primera y principal excelencia de la política galleguista: es una política real, de abajo arriba, nacida de las cotidianas realidades de un pueblo que cobra conciencia de sí. Un fresco aroma a tierra gallega emanaba de todos los discursos, en los que los temas recurrentes eran los trabajos de la mujer —“que trabaja como un home e ha de votar como un home”, decía Suárez Picallo—, la vida angustiosa de los pescadores, los dolores de emigración, los caciques, el maíz, el mijo, el ganado. “Lirismos” dirá acaso despectivamente cualquier político profesional mientras “prepara” las elecciones en su despacho. Bueno... “¡lirismos!”, si se quiere. Pero, por ello, bastante mas reales que un traje cortado a la moda de Weimar, a —¡horror! un putrefacto manferland, estilo Derecho Político francés del XIX. Aparte de que ya veremos quien ríe el último.

Por otra parte, se presiente detrás de esta política, nada menos que esto: “una tarea”. Cosa esencial en estos tiempos de Plan Quinquenal, para que una política merezca la pena de ser tomada en serio. En la de Castelao y sus correligionarios, no hace falta ser un lince para ver que las actas, las concejalías etc. son cosa accesoria y que a lo que sobre todo apuntan es a actuar sobre el medio, vitalizándolo en todos los órdenes. Son gentes que no quieren el poder para “hacerse un distrito” a costa del presupuesto, sino para convertir en realidad las arquitecturas ideales que llevan en la cabeza. Se ve que en la política gallega de mañana, mas que los Excelentísimos Señores Don Fulano o Don Mengano de antes o sus traducciones republicanas, pasarán vr. gr. los trabajos de Gallástegui y la Misión Biológica de Pontevedra. Y que si estos hombres alcanzan el poder (que lo alcanzarán) mas o menos pronto, dentro de veinte, treinta, cuarenta años, será muy otra la vida del pueblo gallego y las quejas y lamentos de hoy serán una alegre muiñeira de realidades optimistas “dende Ortegal ó Miño”.

En fin: el nacionalismo gallego encaja admirablemente en el doble sentido que tiene el

---

<sup>226</sup> No orixinal figura, por erro de numeración, como nº 99.

cambio de régimen en España. De una parte, consagración del fracaso del centralismo y libre juego a las regiones; de otra, triunfo del “Cuarto Estado”. Respecto a esto último, nuestra incruenta revolución no ha sido mas que la manifestación local de un fenómeno universal, que en mayor o menos grado se ha dejado sentir desde la Gran Guerra en todas partes: la hegemonía del pueblo, entendiendo por “pueblo” no la totalidad de la nación, sino las clases llamadas “bajas”. De puro sabido conviene repetirlo, para que todos se vayan haciendo a la idea y nuestra revolución no acabe por convertirse en cruenta de verdad: así como el antiguo Régimen favorecía a las clases altas y la democracia del siglo pasado a la burguesía liberal, hoy se gobierna, en primer lugar, para los trabajadores, y cualquier intento de reacción contra ello lleva aparejadas formidables amenazas para los que —por falta de un poco de sentido histórico— hoy se desgañitan excesivamente ante esta realidad, de lleno dentro de esta corriente, los adjetivos mas gruesos en el meeting de Ribadeo eran para los caciques de siempre y para el anacrónico señoritismo de las villas, que —ellas— esperan tras los cristales el paso del Principe Azul, o en interminables chácharas de café y paseos bajo los soportales, estropea una lengua postiza, en la que no sabe pensar. Movimiento éste de gentes de otra clase, cuyos prejuicios han superado, y que con un impulso romántico en el fondo —la historia se repite— va al pueblo no para idealizarlo, sinó conociéndolo sin ilusiones, ponerlo en marcha y... sacar de él energía creadora, agotada en la propia clase.

Todo esto pensábamos el domingo, oyendo a los galleguistas Claudio P. Prieto y Rodríguez<sup>227</sup> del Riego nos hacían pensar en el admirable vivero espiritual que es hoy Santiago de Compostela que mas que Licenciados en serie, con corbata impecable y el último tango en los labios, da hoy generaciones de mozos entusiastas, —sin pizca de espíritu de “Tuna Escolar” ni de “Casa de la Troya” —admirablemente preparados para la tarea de reconstruir a Galicia de nueva planta.

Sí, Villar Ponte podría representar la tenacidad de los luchadores que año tras año, en un ambiente hostil y en medio de una política asquerosa, sembraban lo que ahora comienza a florecer, Suárez Picallo, pequeño, regordete, arrechado, rubio tirando a rojo, podría muy bien —en lo físico y mas que en lo físico— ser un representante Siun Fein, de Kerrri o Limerick en el Dial de Dublín. Este vocero de la media Galicia que vive y sufre del otro lado del mar, formado espiritualmente en la emigración, con todo el ardor que con la distancia se ven las cosas de la tierra, nos pareció una de las mentes mas lúcidas y mejor organizadas de la nueva Galicia, uno de los hombres que indudablemente dejarán su huella en la estructuración de la región. Excelente orador, además es de la madera de los que arrastran tras de sí a las gentes.

Castelao, alto, flaco y enlutado, era en cambio, una especie de ciprés en cuyas ramas — “vas ou cahen tots els vents”, cantó un poema catalán— resuenan y se hacen música entrañable todos los vientos, marinos y de montaña, de su tierra. En un gallego vivo admirable, que se paladeaba con delicia, fué contando como, en su juventud, comenzó a hacer política fundando en su pueblo un periódico que se titulaba “El Barbero Municipal, para afeitar a todos los caciques”. Para hacer política, le dijeron, hay que “ir a los votos”. Y a los votos fué Castelao. Un viejo petrucio, amigo de los suyos, a quien se lo pidió le contestó: “Mira meu fillo, o voto non podo darcho, porque entón mátanme de fame; pero douche vinte pesos pra axuda dun anarquista”. Otro fué peor: “O cacique, le dijo, tá gordo, ben mantido, é rico; tu tas flaco, esnurriado, tes cara de fame; voume con el que tu non sei o que buscas”. Con unos cuantos choques así con la realidad, su generación— profudamente política y compenetrada con el pueblo— acabó por huir de la política y buscar en la cultura el camino de la liberación de Galicia. Y a una labor cultural honda y constante se entregaron aquellos hombres durante mucho tiempo. Hoy sienten haber dejado durante años la política. Pero ¿están seguros de que sin su acción en otras esferas aun faltándoles masas, como les fallan, tendrían el ideal galleguista la resonancia que tiene y tendría tras de sí la

---

<sup>227</sup> Trátase dun erro no orixinal; refírese a Fernández del Riego.

totalidad de los mozos y de los emigrados conscientes? No, ciertamente; y que no hay esfuerzo perdido lo comprobarían sin tardar. No hay espacio para seguir al gran artista — que es además, un gran escritor— en su emocionante peroración. Pero sí nos interesa destacar —porque la tesis se defendió en estas columnas mas de una vez- que insistió mas de una vez, en el pensamiento que copiamos al principio de este artículo: que los pueblos “atrasados” están en mejores condiciones que otros para vivir hoy felices. Comparó la situación de Galicia con la de otras regiones que o se encuentran con su economía inflada por haber seguido la senda del falso progreso industrial —Cataluña, Vasconia— o tienen su problema agrario por resolver —Andalucía, Extremadura— y a pesar de todo no lo resolverán en muchos años, con las consiguientes dificultades. “Sobre el progreso está la felicidad, y sobre la política la moral”; “solo hay verdadera libertad, igualdad y fraternidad en el Camposanto”... de estos y parecidas frases estuvo empedrado su discurso, que para quienes no se dejan guiar por las editoriales de ningún periódico de partido, ha sido toda una experiencia vital.

Hace quince días pedíamos aquí mismo, al hablar de las elecciones, que la política tenga un contenido real y genuino, y no se contente con encubrir con palabras y mas palabras la ambición de mandar. Pues bien; el domingo encontramos una política como la que pedíamos, real y genuina. Pero en Galicia. Aquí en Asturias, también tienen que vender su ganado con pérdida los labradores, también se interceptaron los caminos de la emigración y habrá pronto sobra de brazos, también damos mas que recibimos al Estado; tenemos, encima de todo esto, en crisis nuestra industria. Pero no importa. Aquí luchan “los grandes principios universales”, y como consecuencia de ello, nos preocupa ahora armar el tinglado B frente al tinglado A, para poder nombrar los peones camineros y los jueces municipales... Terminaremos esta crónica gallega, dirigiéndonos en asturiano al mundillo de nuestra política regional: “¡babayos!”


RhHVXUN

O mitin de Ribadeo tivo moita máis repercusión en *El Aldeano* ca en *Las Riberas del Eo*, un dos xornais locais, onde se despachou cunha breve nota. As palabras de Castelao resoan aínda na memoria dos redactores do xornal de Castropol o 15 de xuño (nº 89), cando nun artigo titulado “Desintegración” escriben: “Propónganos Oviedo alguna empresa que valga la pena y le seguiremos con entusiasmo. Pero en lo que alcanza nuestra memoria ninguna voz “asturiana” acordó con nuestro sentir como la voz de Castelao”. No mesmo artigo alúdese á posibilidade de que os asturianos occidentais tendan a achegarse cada vez máis a Galicia, indicando que iso está na propia natureza asturiana, xa que “En Geografía, folklore, idioma, etc., etc. poco o nada

nos diferenciamos de Galicia los asturianos occidentales”, polo tanto, “es posible que el instinto de conservación nos lance hacia Galicia, que parece darse cuenta más clara de las exigencias de nuestro tiempo”. E remata: “Oviedo y Santiago nos invitan a acompañarles, y acabaremos yéndonos con el que nos proponga un programa más seductor”.

Se a presenza de Galicia desde o punto de vista político é maior en *El Aldeano* ca no *Castropol*, as referencias literarias, pola contra, son menores. Con todo, podemos indicar algunhas:

Á marxe do seu labor político, **Castelao** aparece citado dúas veces a propósito de *Cincoenta homes por dez réas*. Co gallo dun sonado mitin en Ribadeo estampou a súa sinatura nun exemplar de *Cincoenta homes por dez réas*, segundo se conta en *El Aldeano* do 15 de febeiro de 1933 (nº 81).



Reseña do mitin de Ribadeo en *Las Riberas del Eo*. (18 de febreiro de 1933)

Esta colección de láminas de Castelao debeu ter gran éxito entre os lectores máis novos, xa que no número 89, do 15 de xuño do mesmo ano, aparece citado de novo, desta vez nunha vez nunha breve nota titulada “Outro home de a perrín”:

Todos los rapaces de Castropol saben de memoria el libro de Castelao *Cincoenta homes por dez reás*, pero no es seguro que sepan que el ministro de Agricultura ha propuesto un nuevo “home” para completar la colección: “O home que firmou máis leises do mundo”.

El nuevo home es pequeño, con larga melena romántica y sombrero de ala ancha. En cuanto a volumen es difícil precisar porque con tantas “leises” como firmou “tá ma grueso”.

#### UN AUTOGRAFO DE CASTELAO

La sección gallega de la Biblioteca, bastante nutrida ya, como lo estarán sin tardar, la portuguesa y la catalana, ha triplicado su valor gracias al gran dibujante, que, con ocasión de su visita a Ribadeo tuvo la amabilidad de dedicarnos su admirable album «Cincoenta Homes por dez reás», obra por cierto, que los chicos se saben casi de memoria.

## EN GALEGO

Ademais dos textos publicados integramente en galego, en *El Aldeano*, igual ca no *Castropol*, atopamos exemplos de usos parciais, formando parte de textos en castelán:

No número 36, do 30 de marzo de 1931, aparece unha breve cita de **Cabanillas** encabezando un artigo en castelán. No número 91 fálase dun acto en Castropol no que actuou o coro Cantigas da Mariña e tamén se representou a comedia galega *O pazo*. Aínda que non se concreta, sabemos que se trata da obra que **Lugrís Freire** publicou en 1916 con ese título. No mesmo acto, cantáronse poemas de **Rosalía** e interpretouse o himno galego, que “fue escuchado de pie, como obligada cortesía a nuestros vecinos (y con más emoción por algunos “irredentos” simpatizantes [...]).

En ningún caso se reproducen integramente textos de autores galegos, coa única salvidade de **Otero Pedrayo**, do cal atopamos dous artigos. Malia os seus valores estéticos, sempre presentes nos escritos de Otero, tampouco podemos consideralos textos propiamente literarios. Nun deles, publicado no número 59 de *El Aldeano*, do 15 de marzo de 1932, co gallo dun especial sobre a Biblioteca Popular Circulante, expresa a súa opinión sobre o papel dos libros e as bibliotecas, especialmente no rural, e gaba o labor da BPC. Pouco despois, no número 66, do 30 de xuño do mesmo ano, reproducíase un artigo seu publicado con anterioridade en *El Pueblo Gallego*, no cal Otero reflexiona sobre os alumnos empollóns, que non son os bos alumnos, e sobre o acomodo que tradicionalmente atopaban na mediocridade madrileña. No número 81 Otero Pedrayo figura tamén nun listado dos autores máis lidos nese ano, pero non indican con que obras súas contaban na biblioteca.

O galego aparece esporadicamente en pequenos fragmentos intercalados en artigos en prosa, aínda que con moita menos asiduidade ca no *Castropol*. No número 4, do 30 de novembro de 1929, o corresponsal en Mántaras envía un artigo redactado en castelán composto por unha serie de breves observacións de ámbito local e introduce en galego unha delas:

Tardan muito en cheirar as cucías a cocho morto. ¡Canto me tarda ulir a morcilla y la nallada na tixela! ¡Non sei conto va que como de vixilia!

A partir de maio de 1930, **Manuel Marinero**, que era un dos redactores, publicou unha serie de artigos sobre o folclore da noite de San Xoán. Neles comenta todo o ritual relacionado con esa data e intercala pequenas copliñas alusivas á celebración, dúas delas en galego:

[...] Ese día baila el sol, y los chicos ahuman un cristal para verlo a su través. Al mismo San Juan le divierte el fenómeno y no duerme para verlo:

San Xuan pideulle a Cristo  
que o sono non o levase  
pra ver baila-lo sol  
o día da súa romaxe.

[...] Las madres llevan los niños para pasarlo sobre la luminaria, y todos, hombres y mujeres, menos los viejos, tienen que saltarla cayéndose a veces y chamuscándose el pelo entre las risas de los demás.

Salto a luminaria de San Xuan  
que non ten cu nin can,  
salto a luminaria de San Pedro  
que non ten can nin medo.

De xeito similar, no número 30, do 30 de decembro de 1930, **Un testigo** asina un artigo en castelán no que dous personaxes recordan unhas estrofas humorísticas que se compuxeran a propósito dunha lancha que varara, para ilas cantando pola vila polo Nadal:

El Coxo puso sobre las rodillas la tabla de cortar, colocó en ella un papel blanco, tomó el lapiz y esperó a que brotase na inspiración. Salió de los labios de Fausto la cuarteta que abría el canto; se celebró; al instante, sacudido por su nerviosismo, exclamó Levita: -“Escribe,

Coxo”- Y escribió el Coxo:

Al verse varado Blas  
meteulle a culpa a Farruco  
e Farruco, enfurecido,  
fóiselle encima del vulto.

Levita, obedeciendo a sus nervios, cerró los puños complacido y miró a Fausto. Éste, conteniendo el pensamiento otra estrofa, ordenó al Coxo: -“Pon”-. Y puso Eustaquio:

E Xan, metido na lancha,  
mirando al tesón decía:  
¡Que fale ahora Blas Nieto  
de su gran sabiduría!

Y de esta suerte, estrofa a estrofa, fue saliendo el canto (...)

Igual que sucedía con moita frecuencia no *Castropol*, tamén en *El Aldeano* atopamos o galego nos diálogos dalgún texto redactado en castelán:

No número 13, do 15 de abril de 1930, **Chis** asina un artigo titulado “Pasatiempos” no que unhas mulleres conversan sobre cuestións de política local:

[...] Asistamos a una reunión. Son las siete y media de la noche, terminó el rosario o la novena, y satisfechos los deberes del cristiano, por una y otra calle, rápido el paso y rebozadas en las mantas, que todavía hace frío, van entrando en el cuartito. Hoy hay pleno, como en los Ayuntamientos; la comedilla debe ser interesante; no falta una, y agazapados, evitando la luz de la bombilla eléctrica de 10 bujías que pende del techo en medio de ellas, escuchémoslas.

— Xa me tardaba qui se acabase el rosario; veño einda con a última avemaria nos labios.

— Osús, muller; debe de ser ben importante lo que traes.

— ¡Sí, que vosoutras non lo sabedes!

— A ver, a ver; fala de prisa. ¿Trais algo del tren?

— En tren quería chegar da iglesia aquí.

— ¡Un sello!— Es la voz de un hombre que alarga una carta, se le pone un sello, paga y marcha.

— ¡Qué vello ta! ¿Non Vos fijastes? —observa una— ¡E einda vos abre os ollos!

— ¡Cala, cala!— advierte otra— Ta bon estreloxo. Lougo ha ter Remerín que faguerlles chorar as campanas, Sigue falando tu.

— Non teño qué.

— E entonces tanto apuro?

— Todas lo sabedes. Que hai Alcalde e tenientes de Alcalde novos.

— Pois ahora que saquen os pes das alforxas. ¡Ta esa ribada! No hai carnada que non tiren por ela. Das calles, non falemos; nalgúas, se as ortigas foran rabas, taban al pé da porta pra faguer el caldo. Este día subín por a Punta, e que pensades que vin? Os espíus del Paseu, donde Venancia da Puvixa danzaba a lo druída as noites de luna, cubertos de paxelos, servindo de tendales. Si é del carreiro da Ribadía, tapemos as narices.

—Naquelos pebetes, como en blando e tierno asiento...

— A lo poeta e todo.

— Ni más ni menos, había de sentar algún. Salse da covacha e alí se vai. Verdá que non é solo. Nin son elos solos; tamén elas. E algunha conozo, e vosoutras tamén, que aveces, einda non apunta el día e xa lo vedes por aló abaxo buscando un rincón donde plantar a flor.

— Non che é ela sola. Conozo outra, a entrada dunha calle, qui abre a ventana e ¡plas! Non preguntes qui aguas tirou; xa cho dirá a nariz.

— Verdaderamente, é unha porquería. Más de un mes, día tras día, vin nel inverno un

montón de cuito nun calellón, al pé dunha calle; chovía, e baxaba el agua por el carreiro, moura como lo que levaba en si. Estrañábame dun home qui hai naquela calle, un Xambalambán que non decía palabra. Ben qui había censura. Un pueblín, limpio, asiado, con as calles decentes, dá gusto de velo e fala ben da xente que vive nel.

— Una caja de cerillas— pide un hombre que llega.

Mientras se le despacha, salgámonos nosotros sin que nos vean. El diálogo seguirá, como ese trozo, lleno de verdad y de interés por el pueblo. Es vergüenza confesarlo, pero digámoslo para acicate nuestro. De esas mujeres, debiéramos aprender los hombres.

O número 32, do 30 de xaneiro de 1931, dedícalle amplo espazo á honra de Franco Vior, co gallo do seu falecemento. **Pedro García Arias** envía desde Madrid un artigo en castelán no que lembra a súa relación co falecido e inclúe este pequeno diálogo entre ambos, que ten lugar en galego:

(...) Franco me aconsejaba:

- Estudia, oh, estudia.

- Amólamme a gramática e a aritmética.

- Tamén a min, pero... ¿A ti que che gusta entonces?

- A fábula.

- ¿E sábesla de memoria? ¿Si? Pois di algúns versos... (...)

Tamén leva título en galego a sección "Faragullas", redactada en castelán, que se incluíu nunha ducia de números. Trátase de anotacións breves pero moi interesantes polo seu contido, ó ir dirixidas con sorna contra opositores ó xornal.

Á marxe destes usos esporádicos ou parciais, a relevancia do galego en *El Aldeano* vennos dada principalmente por dúas ducias de textos redactados integramente neste idioma. Unha vez máis, atopamos diferenzas con respecto ó *Castropol*, xa que naquel o galego estaba presente de xeito íntegro só na poesía, mentres que en *El Aldeano* predomina na prosa, con dezanove artigos, fronte a cinco poemas. Deses dezanove, oito son de Alejandro Sela, que publicou unha serie de textos de contido etnográfico nos que explica con minuciosidade distintos aspectos da cultura popular da zona.



Fragmento da sección "Faragullas"

## Conclusións

Podemos concluír sinalando que *El Aldeano* presenta algúns trazos coincidentes co *Castropol* en canto á presenza de Galicia e do seu idioma, pero tamén observamos diferenzas notables:

O galego segue aparecendo ocasionalmente en fragmentos dialogados de artigos redactados en castelán e en pequenas coplas populares intercaladas noutros. Pero agora é tamén o idioma único en case vinte artigos en prosa pertencentes a varios autores, entre os que destaca Alejandro Sela desde o punto de vista cuantitativo e M<sup>a</sup> Ramona Penzol como única voz feminina. Pola contra, a presenza da poesía é escasa e só atopamos cinco composicións en verso.

Igual que no *Castropol*, segue habendo alusións a escritores galegos, pero fronte á preponderancia dos poetas, agora son narradores coma Castelao e Otero Pedrayo os que teñen protagonismo. No caso do ourensán, ata se inclúe un emotivo artigo redactado ex profeso para este xornal, que seguramente non é moi coñecido entre os estudosos de Otero.

A presenza do galego é máis regular ó longo da existencia do xornal e incluso vai en aumento, mentres que no *Castropol* houbo anos con bastantes textos, sobre todo nos inicios, e outros nos que non se publicou practicamente nada, especialmente contra o final. En calquera caso, cómpre non esquecer que a duración de *El Aldeano* foi bastante máis breve.

## AUTORES

### FRANCISCO F. PRIETO (FRANCO VIOR)

Foi un dos fundadores da Biblioteca Popular Circulante e de *El Aldeano* e tamén un dos seus redactores. A el atribúenselle os tres editoriais que se publicaron nos inicios do xornal co título de “Aldeanadas”, nos cales se xustifica o nome do xornal e se explican as súas intencións, aínda que é probable que na elaboración dos mesmos participasen tamén outros redactores, xa que parece ser que era frecuente que uns retocasen os escritos dos outros. Anteriormente colaborara no *Castropol* e en *La Comarca del Eo*.

Despois de estudar o bacharelato nos Agustinos de Tapia, doutorouse en Dereito en Uviéu e exerceu a súa profesión en Castropol, onde faleceu o 13 de xaneiro de 1931, sendo alcalde do concello. Era moi respectado polo seu esforzo e entrega á vida cultural e política do concello e a súa opinión tíñase moi en conta.



Francisco F. Prieto

### ALEJANDRO SELA “EL TÍO PEPE”

Naceu en Castropol en 1911. Cursou o bacharelato en Ribadeo e Uviéu e despois estudou para perito agrícola en Madrid e dereito de novo en Asturias. Exerceu de avogado en Castropol e posteriormente como xuíz en Navia, onde faleceu en 1982.

Foi redactor de *El Aldeano* e quen máis usou o galego no xornal, xa que é autor de oito dos dezasete artigos que se publicaron integramente en galego. O primeiro asinou como **Fulano de tal** e os seguintes como **El tío Pepe**, nome que corresponde a un personaxe imaxinario que desde a súa vellez vai explicando con detalle determinados labores ou tradicións populares. Isto confírelle ós seus artigos un gran valor etnográfico. No ano 2000 a Secretaría Llingüística del Navia-Eo publicounos conxuntamente, con introdución de Xosé Miguel Suárez<sup>228</sup>.

Tamén colaborou en *Las Riberas del Eo* e noutras publicacións da zona máis esporádicas (libros de festas, folletos, etc.). Algúns dos seus artigos en todas estas publicacións recompiláronse en dous volumes en vida do autor: *Hacia la ría del Eo. Ensayos breves de amor y mas cosas* (1951) e *De vuelta al Eo* (1960).

### PEDRO PENZOL

Pedro Penzol Travieso foi un intelectual de recoñecido prestixio que naceu en Castropol pero residiu boa parte da súa vida coa súa muller, Pilar González González del Río, en Leeds (Inglaterra), onde el conseguiu praza como profesor de español na Universidade. Desde alá remitía interesantes colaboracións para o *Castropol*, moitas delas de política internacional, coas que lle daba ó xornal un nivel destacable. Antes estudara dereito e mostrara interese pola pintura, arte que cultivou con certo éxito. Mantivo amizade con destacados pintores e formou parte de colectivos e institucións relacionadas con este ámbito.

Publicou ensaios sobre arte e literatura, e foi autor de poesía e relato breve, principalmente en castelán. En *El Aldeano*, ademais doutros textos en castelán, publicou en galego un poema elexíaco en honra de Victoriano García de Paredes, falecido en 1931; tratábase dun personaxe moi querido porque desde o seu prestixio e a súa veteranía apoiara con convicción as iniciativas dos máis novos.

<sup>228</sup> Sela, Alejandro: *El tío Pepe. Colaboracións periodísticas en gallego-asturiano (1931-1948)*. Academia de la Llingua Asturiana. Uviéu, 2000.

Tras a súa xubilación, Pedro Penzol regresou a Castropol, onde faleceu en 1965. En 1974 publícase unha recompilación dos seus artigos ensaísticos, que estaban espaxados en numerosas revistas, co título de *Escritos de Pedro Penzol*, e é obxecto doutras homenaxes.


### MARÍA RAMONA PENZOL VIJANDE

É a voz feminina máis destacada dentro da actividade cultural do concello, dominada por personalidades masculinas. Estaba casada con Vicente Loriente Cancio, principal líder das iniciativas xurdidas en torno á Biblioteca Popular Circulante, nas que ela se implicou activamente. Formaba parte da redacción de *El Aldeano* e, segundo indica Xavier F. Coronado, é a autora de tres “cuentíus” publicados co pseudónimo de **El Aldeano da Praza**. Neles trata temas como a república ou o divorcio, con ironía e con humor, pero coa contundencia suficiente como para que dean bastante que falar, segundo se sabe a través dalgún dos seus escritos.

### RAMÓN MARTÍNEZ

Naceu en Piñera (Castropol) en 1912, no lugar de Valín, de aí que tamén fose coñecido con ese nome. Estudou o bacharelato en Ribadeo e medicina en Santiago. Faleceu en 1999 en Vigo, onde exerceu a súa profesión e chegou a ser propietario dunha clínica.

Foi administrador de *El Aldeano* e en agosto de 1932 e febreiro de 1933 asina como **Xuanín de Xonte** os dous últimos artigos publicados en galego en *El Aldeano*: “El libro na aldea”, que é un diálogo entre dous labregos a propósito dos carteis da Biblioteca Popular Circulante, e “El outono”, no que transmite a impresión melancólica que lle produce a paisaxe máis próxima nesta estación. Co mesmo pseudónimo publicou varios artigos en *Las Riberas del Eo* co título de “Laborías”.



### OTERO PEDRAYO<sup>229</sup>

Ramón Otero Pedrayo é autor de dous textos publicados en *El Aldeano* en 1932. O primeiro parécenos especialmente interesante porque foi redactado a propósito para o número 59 do quincenario de Castropol, no que se lle dedicou un amplo espazo á Biblioteca Popular Circulante co gallo do seu décimo aniversario. Nel incluíronse colaboracións de varias personalidades, entre elas, Otero. No seu texto reflexiona, desde a súa propia experiencia, sobre a importancia dos libros e das bibliotecas, especialmente no rural.

Cremos que esta colaboración fai merecente ó polígrafo ourensán de figurar neste apartado, a carón do resto dos autores de textos inéditos en galego, aínda que non afondaremos en detalles da súa intensa vida por consideralo innecesario, ó ser un autor moito máis coñecido ca calquera dos outros.

Á parte do texto antes sinalado, no número 66 de *El Aldeano* incluíuse outro artigo seu titulado “O estudante empollón”, pero desta vez non se trata dun inédito, xa que se publicara con anterioridade en *El Pueblo Gallego*.

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense en marzo de 1888 e faleceu en 1976. Estudou bacharelato na súa cidade natal e despois Filosofía e Letras en Santiago e Madrid. De volta en Ourense, formou parte do cerne do Grupo Nós, xunto con Risco e Cuevillas, e participou activamente na vida cultural da cidade. Despois dunha etapa de formación e profunda reflexión intelectual, acabou recalando no galeguismo, implicándose nas actividades das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, polo que foi Deputado.

En 1919 gañou por oposición a cátedra de ensino medio e axiña foi destinado ó instituto de Ourense. Ó comezar a guerra apartárono do seu traballo e retirouse á casa familiar de Trasalba. En

<sup>229</sup> Incluímos este autor neste apartado e non o fixemos con outros coma Rosalía, Curros ou Alberto Camino, dos que tamén se reproduciron textos na prensa de Castropol, porque no caso de Otero Pedrayo hai un texto inédito, redactado a propósito para *El Aldeano*, mentres que nos outros casos tratábase de textos publicados anteriormente.

1949 foi restituído na súa cátedra de Instituto e pouco despois gañou a cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, que “naturalmente gaña sen facer esforzo ningún, xa que sabía máis ca todos os membros do tribunal xuntos”, en palabras de X. M. Beiras<sup>230</sup>. Vive en Santiago ata 1958, servindo de guía á mocidade galeguista que está a xurdir nos ambientes universitarios e contribuíndo á súa vertebración, e participa na fundación da Editorial Galaxia e noutras iniciativas culturais.

Aínda que cultivou todos os xéneros, destacou sobre todo na narrativa e no ensaio, con obras coma *Os camiños da vida* e *Arredor de si*, nas que reflectiu respectivamente a evolución vital e intelectual dos membros do Grupo Nós e a defensa dos valores da sociedade tradicional, na que desempeña un papel fundamental a fidalguía.

### **TEXTOS DE AUTORÍA DESCOÑECIDA OU POUCO CLARA**

Ademais dos autores mencionados, hai outros que utilizan pseudónimos que permanecen sen esclarecer. En total, atopamos sete textos de autoría descoñecida.

**NAIDE** asina tres textos a finais de 1929 e comezos de 1930. Trátase de poemas de ambientación rural, con certa relixiosidade, escritos en versos de arte maior.

En maio de 1930 publícase outro poema, asinado deste vez só coa letra **X.**; Xavier F. Coronado, na introdución á edición facsimilar anteriormente citada indica que **X.** era o pseudónimo que utilizaba **Francisco Manuel Fueyo**, correspondente de As Campas. Ignoramos se esa é realmente a identidade do autor.

En 1932 **El aldenao de Taves** figura como autor ou autora dun artigo no que se lle retruca a outros anteriores de **El Aldeano da Praza** e **El tío Pepe**, correspondentes a **M<sup>a</sup> Ramona Penzol** e **Alejandro Sela**, respectivamente. Non hai indicios para sinalar quen se agocha detrás deste pseudónimo, aínda que incluso podería ser un destes dous autores, para introducir un debate figurado.

---

<sup>230</sup> X. M. Beiras en FERNÁN VELLO, M.A. e PILLADO MAIOR, F. (2005): *A estrela na palabra*. Ed. Laiovento.

## A LINGUA

A maior parte dos trazos lingüísticos que indicamos para o *Castropol* mantéñense en *El Aldeano*, aínda que con menos homoxeneidade. Pode deberse a que en *El Aldeano* a autoría dos textos está moito máis repartida e non todos os autores se decantan polas mesmas solucións á hora de escribir. Con todo, tamén observamos que un mesmo autor ás veces usa dentro dun mesmo texto dúas variantes para unha mesma forma. Non sabemos se esa variedade estaba xa nos orixinais ou se se debe ó descoído dos caixistas que elaboraban o xornal, que tamén introduciron numerosas erratas, así como equívocos na numeración dos exemplares. En xeral, a edición de *El Aldeano* está menos coidada cá do *Castropol*. Indicamos a continuación os aspectos máis destacables do galego utilizado:

- O uso do **apóstrofo** segue sendo habitual, pero con menos regularidade ca no *Castropol*. Por exemplo, nos poemas asinados por Naide nunca se utiliza, aínda dándose as condicións. Franco Vior en “Aldeanadas” úsao co demostrativo cando vai precedido de preposición (*d’esas, n’esta, d’aquel, ...*) e algunhas veces cando vai con artigo (*dos sentimentos, d’a aldea, da oficina, na desenvoltura, n’as súas lecturas, ...*) e nunca noutros casos nos que unha vogal vai seguida doutra (*que eu, que as, ...*).
- A forma **condo**, que era de uso exclusivo no *Castropol*, aparece agora alternando con *cando* e *cuando*, en varios autores.
- A monotongación en **–e–** do ditongo **–ei–** non é xeral e no mesmo autor atopamos *manera* e *maneira*.
- O uso da grafía **y** non é xeral e nun mesmo texto atopamos **y** e **ll**, como sucede por exemplo con Alejandro Sela, que escribe *ano vello* e *santurrois vellos* e pouco despois *un veyouco* e *unha veyouca*. Tamén Franco Vior usa unhas veces *fillo* e outras *fiyo, probe vella* e unhas liñas máis adiante *un documento veyo*. Do mesmo xeito, atopamos *feirilles comprender* e pouco despois *que yes corresponden*, ou *tíayes cariño* e noutro texto *o que máis lle convén* e *al que lle pide cerillas*.
- O plural das palabras agudas rematadas en **–n** soe ser **–is**, coa perda do **–n** (*razois, generaciois, ...*), pero tamén atopamos *contribuciós* nun texto de Franco Vior, que pouco despois escribe *razois*.
- Como plural das palabras rematadas en **–ín**, atopamos nun mesmo autor unhas veces **–íus** (*camíus*) e outras **–íos** (*vecíos*).
- O uso de **donde**, que é maioritario, convive con *unde*, que aparece nalgúns textos de Alejandro Sela.
- A carón da forma **fer** atopamos *feir* en textos de Franco Vior.
- O mesmo autor usa unhas veces **seña** e outras *sea*.
- A **ausencia de –s final** na segunda persoa do pretérito non se dá no poema de Pedro Penzol, que escribe *fuches*.

Todo isto non debe sorprender se temos en conta que a linguaxe escrita non estaba fixada, e tamén atopamos vacilacións ortográficas do tipo *hoy/oi, é/hé, unha/uha, ha/as, po las/ polas, darvos/darvos*, etc.

Á marxe destes trazos, cómpre salientar que a linguaxe, en liñas xerais, segue sendo abondosa en **expresións enxebres** ou populares do tipo *ir en bolina, bos peixes tan al redor del pote, coruxa*

*papou, andar á tarabela, xa ora, abalarse as linguas, meu dito, meu feito, etc.*, que explicaremos nos textos segundo vaian aparecendo, cando o consideremos necesario para a súa comprensión.

Mención á parte merecen os dous textos de Otero Pedrayo, caracterizados especialmente pola presenza de vulgarismos e hipergaleguismos con intención diferencialista: uso sistemático dos infinitivos rematados en *-e* (*adoitare, discutire, conversare,...*), *esprito, relaceón, fadigado, hounradeza, ordeadas, sistemáteca, cramoroso, maxinaceón, pubricara, románteco, particular, exempro*, etc. Hai que ter en conta que o contexto sociopolítico galego no que vivía Otero era distinto e o compromiso nacionalista levouno a el e a outros autores a buscar este tipo de solucións para afastarse do castelán. Os autores do occidente de Asturias que escribían en galego estaban aínda asentados nunha fase dialectalista, que con anterioridade se dera tamén en Galicia.

## TEXTOS

(*El Aldeano*, nº 2. 31 de outubro de 1929)

#### ALDEANADAS

El primeiro día que me presentei en público, casi toda a xente quedou bastante satisfeita de min, pero non así del meu nome, al que moitos fixeron reparos de consideración. Unhas nenas amigas mías, que por certo me queren ben, dixéronme en confianza: “Non debías chamarte así, por que cuando nunha reunión de señoritas aparece un rapaz con ademanes toscos, todas decimos que e mui aldeano”. Unhos señores que tamén me aprecian, dixéronme, abundando na mesma idea, que el meu nome era pouco poético. Por fin, nunha oficina pública enfadáronse conmigo, por causa del nome, porque, al decir daquela xente, el aldeano, salvo honrosas escepciones, é un ser rutinario, mal ensinado y máis mal intencionado, que pensa que sempre lo van roubar aunque non teña que roubar, e que, pertencendo a unha das clases que hoi vive moi agusto, cree que él solo é el que traballa e el que paga as contribucións, as cuales, por non saber pra que sirven, nin darse cuenta del beneficio que por elas lle devuelve el Estado, considera como un latrocinio que éste lle fai abusando da súa forza... peor aínda: como un latrocinio que lle fai el recaudador amparado por a fuerza del Estado.

A todas estas personas quero contestar, non pretendendo convencelas de que el meu nome seña el mellor que puido poñerse —que pra gustos se fixeron cores e todo é según el del cristal con que se mira— sinón pra que conozan as razóns que tuvo meu padrín pra bautizarme como me bautizou.

A aquelas nenas heilles de decir, tamén en confianza, que si ben eu quero ser cortés e tratable e servicial pra con todo el mundo, non teño sin embargo, por misión a de cortejar con as señoritas, nin pretendo, nin quero, ser elemento indispensable nos bailes de sociedade. Dígolles esto, algo fuerte, porque xa vexo por donde van: xa vexo que dan a palabra aldeano unha significación que non ten, de mal ensinado, poñéndola en contraposición con outra palabra, a palabra señor, a que tamén, non sei por qué, me parece que lle dan unha significación de ben ensinado, na práctica al menos, lamentablemente extensiva. ¡E queren que eu pague as súas faltas de gramática! e eu non quero. Conste que eu non son desas personas que menosprecian a finura dos ademais, dos sentimentos ou dos procederes porque carecendo de talento pra comprender estos valores non lles falta el indispensable pra sentirse molestadas cuando dan con quen los comprende. Nada deso: nun lenguaje de significados correutos, pódese decir que teño afición al señorío. Lo que pasa é que eu creo que as mías amigas non se fijaron nunha cousa en que eu me teño fijado, e é: que hai máis señorío nel ademán sencillo, algo primitivo e algo tosco, pero serio e digno de algún aldeano, que na desenvoltura serva de un porteiro de librea. E nesta outra: que na clase burguesa, a que lles gustaría que eu pertencese, e donde hai de todo como en todas as clases, non falta quen copia máis deste porteiro que daquel aldeano. E non solo nos ademanes. Ser señor é unha cousa mui difícil... e sin embargo pódese ser aldeano e señor al mesmo tempo, aunque esto seña mui corriente por lo mal que estos dous conceptos son entendidos casi sempre por os protagonistas; e é que el señorío sería compatible con todos os estados, incluso con el de probeza, con el de santa probeza máis que con ningún outro, queridas amigas mías, si cada un soupese comprender el sou papel e respetar el del vecín. A os señores que me dixeron que el nome era pouco poético non lles digo nada. Nada... porque ellos saben mellor que eu que desde que el mundo é mundo, os pintores, os músicos e os poetas buscaron —e

atopáronlo— elementos de beleza pra as súas obras maestras na vida del campo, ou, lo que é lo mesmo, na vida da aldea; e elos comprobán esto por si mesmos nas súas leuturas cotidianas, desde Virgilio hasta Gabriel y Galán. Eu de min sei decir que me gustaron tanto, que non puiden menos d'aprender de memoria aqueles versos de Fray Luís de León, parafraseando a Horacio, que lin el inviernito pasado nun libro da Biblioteca, que empezan decindo: “Dichoso el que de pleitos alejado —cual los del tiempo antiguo— cobra sus heredades no entregado al logrero enemigo”... Ten razón. Remítome a estas autoridades.

Y ahora quedame por contestar aos señores da oficina pública.

Si, eu ben sei que hai algunhos aldeanos, bastantes, que tein esos defectos que Vds. dicen; pero bueno, defectos hailos en todas as clases sociales e... ¡claro está! ¿como non los ha de haber tamén nesta que por circunstancias históricas de que non son responsables non ta mui adelantada en cultura? Máis me extraña a min que haya xente entre Vds., ás veces, que los trate a baqueta<sup>231</sup> por pouca cousa, porque el que vive inculto non ve máis aló das súas narices, pero el que se cultivou algo debe saber a distancia que recorreu, lo que subiu na escala humana, si é que non perdeu el tempo, e con esto xa ten unha medida, unha perspectiva que lle debe servir pra saber situarse e pra saber situar a os demás; e el que esto sabe debe evitar toda petulancia, porque debe explicarse a si mesmo el porqué de cada situación. A cultura que non sirve pra esto non é cultura, e el cerebro que la guarda non é máis que unha espendedoría al por maior ou al pormenor —hasta casi sempre al pormenor— de cuatro ideas balorentas<sup>232</sup>, adquiridas pra revender, nel almacén da Universidad. Lo que distingue al home culto dos demás é a reflexión.

Ademais, aunque algúns paisanos meus teñan esos defectos, eu non son así, ou al menos non quero ser así. Eu, xa antes de tar bautizado pra esta empresa, non quixen ser nunca rutinario, nin miserable, nin baxo, nin pasar os domingos bebendo copas e baladronando na taberna de lo que teño ou de lo que non teño. Eu procurei ser sempre honrado e traballador; gústame ser aforrador e, cuando fai falta, espléndido, ambas cousas con prudencia; feir aos vecinos el ben que podoo; cumprir estrictamente os meus deberes e ter, sin embargo, algunha tolerancia, hasta cierto límite, con quen me falta ou non cumple conmigo; tratar con cariño al que é menos, con afabilidad correuta al que é máis, con desprecio al que é soberbio seña máis seña menos; téñome nin por mui listo nin por mui burro, sinón por un home de regalar sentido común capaz de dar un consello nas cousas corrientes da vida e de conocer condo debo pedilo a quen sabe máis que eu. Con esto e con non ser nin mui rico nin mui pobre, voume gobernando. Lávome todos os días, báñome a menudo e ando vestido con bastante decencia. El dafuto máis grande que teño é el de non afeitarme máis que cada oito días, cousa que lle dá muita rabia a mía parenta, non sei por que. Pero é que me leva el tempo algún libro que acostumbro a coller cuando pouso el traballo obligado.

Continuará

El Aldeano.

---

<sup>231</sup> *Tratar a baqueta*: tratar a alguén con desprezo, maltratar.

<sup>232</sup> *Balorentas*: con mofo. Fig. trastempadas, propias doutras épocas.

Aldeanadas  
(Continuación)

Contestados todos os reparos que me fixeron, queda demostrado que nada se oponía a que me chamase como me chamo: agora falta demostrar que hasta cierto punto era forzoso que me chamase así.

En efecto: hai algunhos meses que din en cavilar que cualquier home que se atope na mías circunstancias, non debe ocuparse sólo da súa casa e dos seus fillos, sinón que é necesario que se ocupe de algo máis. Tén de prisa como un home se sente con sentido común e viva algo desahogado, debe ocuparse da cousa pública, porque a máis capacidá máis deberes. A esta ocupación chámase política, ou civismo... al menos eu chámolle das dúas maneiras e pra min as dúas palabras queren decir lo mismo; e, pra min tamén, as luchas dos partidos son incidencias, nada máis, da cuestión principal. (Fago esta aclaración porque pra muitos, política non quer decir máis que lucha de partidos, debido a que esto foi el único aspecto que viron da política, ou almenos el que máis los afecteu; pero a palabra política nese sentido solo queda e sin miolo). Pos ben, al lado del deseo de ocuparme da cousa pública, naceume un temor: tuven medo que si aparecía un día ocupándome desto, xa nun sentido social; xa nun sentido político (ou cívico) me chamasen cacique os meus vecíos, que esto é lo que chaman al que se ocupa destas cousas as xentes algo atrasadas; e cuando taba cavilando nisto, a idea primeira deume argumento pra vencer el temor. ¡Cacique, claro está! ¡pero si todos debíamos de ser caciques! ¡si ese é el único medio pra que non lo sea naide!

Hai nun pueblo unha lucha política... de partidos políticos, e a pasión fai que non quede naide que non pertenezca a algun delos. Pero cesa a fervescencia, un partido queda triunfante e disposto a mandar muitos anos nel pueblo; al principio todas as personas que pertencían a aquel partido lle siguen prestando asistencia; algo é algo; pero pouco a pouco a falta de interés, digo mal, a falta de pasión, vai alejando a os máis delos, hasta que solo queda un: el que ten máis afición, ou máis interés, legítimo ou ilegítimo, por esas cousas, ou, simplemente, máis vanidá. Xa temos al cacique, al cacique odioso. E odioso ¿por que? Pois, porque por mui bueno que seña un home, naide dá gustos a todos; porque por el abandono dos buenos ten él que delegar en subalternos que son peores que el; porque, al fin e al cabo, él mismo chega a abandonarse (y ten el mérito o de ser el último que chega a esto); finalmente, porque a fuerza de mandar él e de obedecer os outros, e posible que él se faga orgulloso e lle pareza que a súa misión non pode ser outra que a de mandar, e os demais se envilezan e piensan que solo veron al mundo a obedecer. Cando chega este caso, el cacique convértese nun perdonavidas; e é porque dixo nun disparate el que calificou de imprescriptibles ciertos derechos: a verdá e que na práctica todo prescribe e que en lei de Dios non prescribe nada. Si pensades un pouco nesto veredes que non falo en broma, e que lo grave digo respeito del cacique de un pueblo sucede, máis en grande, con as monarquías, que empezaren por ser electivas e acabaron por ser hereditarias, e ainda máis, de derecho divino.

E despois de muitos anos de abandono ¿cuanto non custa remover al cacique? Porque como na práctica adquiriu el derecho por prescripción, quitarllo é ir contra él personalmente, ofendelo, desacátalo, e desacátalo a él é desacatar al home en quen vimos a autoridad feita carne durante muchos anos e baxo el mande del cual naceren cinco eu seis generacóis de nenos que aprenderon a respetar as leyes el día que seus padres lles advertirán que a aquel

señor había que sacarlle a gorra na calle; e trastornar el orden social é casi unha herejía.

Pois ben: si todos nos ocupásemos todos os días da causa pública con a mesma naturalidad con que vemos a misma, todos seríamos caciques del bon sentido da palabra; pero nel mal sentido non lo sería ningún e a autoridad non se presentaría pra nosoutros baxo os accidentes deleznales de carne e óso. E acostumbrados ás discusiois políticas (ou dos derechos e os deberes cívicos) non habería nelas pasión, odios, rencores, nin insultos, nin se mezclarían intereses creados: nin derechos adquiridos, con el censiguente desacato a esos derechos e ás consecuencias funestas de dolorosa reivindicación. Á parte deso, habería máis escolas, máis camiús, máis instituciois benéficas, e todo lo que olise a público taría mellor atendido.

Todas estas filosofías me fixeron comprender que si eu había de ocuparme da causa pública, é decir, de ser ciudadano e prestar a asistencia debida a os deberes de tal sin que naide me insultase, debía empezar por feir comprender a os meus vecíos que elos tamén poden e deben ocuparse de estas cousas?

E agora pregunto eu ¿A quen teño que dirixirme? ¿quen son os meus vecíos? Pois os aldeanos. A vila é pequena, a aldea é grande. A pouca xente que hai na vila sabe que sabe tanto como eu ¡ou máis! En cambio vosoutros mesmos, meus amigos, me señalasteis na aldea (con bastante exageración) defeutos que é preciso desterrar. Eu al revés de San Antonio teño quo predicar de espaldas pral mar cara á aldea. Terei que ocuparme del estado, necesidades e aspiración desta xente que hoy non se ocupa máis que de traballar; terei que feirlles comprender que entre el Estado, a Provincia e el Municipio de un lado e elos doutro hai a mesma relación que entre un molín de heredeiros e cada un dos partícipes, porque con esto tein lo suficiente pra explicarse tanto os derechos que lles corresponden en cuanto a administración e disposición da causa común, quanto el deber que tein de respetar os acuerdos da maioría; e porque ademais, comprendéndolo así, muitos decidiránse a intervenir na administración como eu, ou xa que non se decidan, non me tildarán por que eu lo faga, nin chamarei a atención a naide.

E si esto é así, se hei de tar identificado e hei de relacionarme con elos a todas as horas ¿podía eu ter unha natureza intrínseca distinta delos? Non. Por eso fixo ben meu padrín poñerme como me puxo:

El Aldeano.

### Aldeanadas

Al fin a vendabalada del outro día acabou con el único árbol vello que quedaba intacto nel campo; acabou con el Espín.

Tíalles eu cariño a aqueles antigos árboles que parecieron presenciar os meus juegos de neno con esa complacencia con que el avolo cargado de anos e de experiencia mira de soslaio as simplezas inocentes dos sous netos e goza interiormente con ellos. Por eso agora que xa non son neno, solía acollerme a sombra del Espín, con aquel respeto con que el fillo, hoy pouco emancipado, vai á casa paterna en busca de un consello ou ben, a abrazar a súa madre, probe vella que se alegra en cuanto lo ve.

E hasta taba orgulloso del origen daqueles árboles, como lo tan os fillos da honra de sous padres. Eu sabía (por un documento vello que atopei nunha lacena da mía casa) que todos ellos foran plantados de asiento nel campo de Castropol; é decir, que nél xarmolara<sup>233</sup> a semilla de que saliu cada un, nel mesmo sito en que os vecíos del pueblo la habían depositado hai centos de anos. E por eso tía eu sentimientos parecidos, pra con ellos, a os que teño pra os meus antepasos<sup>234</sup>. Porque sendo fruto da mesma terra en que eu nacín, a terra, ellos e eu somos unha mesma cousa.

Ademais, hasta por os feitos eran venerables. Ellos medraron escollendo a forma que por lei natural lles correspondía, según a súa especie e así chegaron a ser grandísimos e a darnos sombra a montón, de unha maneira natural e espontánea. Ben al revés destes de agora que veron oficiosamente a sustituílos; destes arbolius raquíticos, que tein que tomar a forma rara que lles dá el jardinero e estender apuradamente as ramas pra impedir malamente que el sol seque a terra que tein al pé, e nesta postura dan a sensación de tar feíndo unha pirueta impropia de un árbol que se teña por tal.

Os outros, os grandes, os venerables, foron caendo a impulsos do distintos ventos. Solo quedaba el espín, a quen esta soledad faía máis venerable. Cuando el outro día lo vin esmelenado tan sin respeto por el último vendabal, del que eu non me podía vengar, mirando pra os árboles novos que nel sito dos vellos se puxeron, en son de desagravio dixen esta tontería: Arboles novos, árboles forasteiros traídos de viveiros extraños, que vedes por casualidad a botar raíces nel campo del meu pueblo, donde vos admira el vulgo porque medrades ceñíndovos al capricho de quen vos plantou aí: ningún vecío del meu tempo debía sentarse al voso pé, nin querer que lle desedes sombra.

EI ALDEANO

---

<sup>233</sup> *Xarmolara*: xermolara, brotar, desenvolverse a semente para empezar a medrar a planta.

<sup>234</sup> *Antepasos*: antepasados, anteragos.

## ALEJANDRO SELA, “EL TÍO PEPE”

(*El Aldeano*, nº 30. 30 de decembro de 1930)

### Os santurrois

Xa vai chegando unha fecha que me trai moitos recordos, e entre eles, un que me chama máis atención, e hei de chamala, porque non nos esqueice, pois hai outras cousas dos meus buenos tempos que xa van aló, e esta non: son os santurrois. Os santurrois é unha costumbre mirada con moito aprecio por a xente nova de agora, cousa que é de estrañar, porque nestos tempos que corren, toda a xente nova érguese dos couces contra todo lo que noutro tempo foron as nosas mellores diversións. ¡Se me acordo!

Poucos sitios hai en todo por aquí que no los fagan, e xa se sabe cuando son: última noite del ano vello e comenzos del novo. Como se vai vendo son sempre en tempo fijo, cousa que di seguranza al dito que se fala cuando sale un dos santurrois: ¡De hoy nun ano! Esto non se pode decir cuando se guarda inda unha vigilia, ou, anque se poda, pode que pra el ano que vén xa nun haya tal vigilia.

¡Dúas ou tres casas en cada pueblo son abondas pra que se xunten os devotos dos santurrois, que son moitos. Van os novos de cada casa, e unha vez que outra, os santurrois vellos, pra acompañalos. Eu sempre acompaño a os meus fillos porque, se hei decir a verdá, gústanme a min tanto como a eles, e ademais, gústame acompañar as fillas, porque nestos tempos non se poden deixar solas. ¡Haivos cada xilitron por eí! Costa pouco traballo feilos, porque todo el mundo se presta con voluntá pra axudar. Escríbense nun papel os nombres das mozas, e os dos mozos noutro, e recóntanse un por un. Métense os das mozas nun saqueto, enroscados, e noutro saqueto, del mesmo xeito os dos rapaces. Sácase un nombre dun saqueto e, case al mesmo tempo, un del outro, que se len berrando abondo pra que oigan todos. Deste xeito xa temos a primeira parexa de comprometidos, que, como as outras, componse de todos os non casados desde catorce ou quince anos pra arriba e que señan conocidos de todos cuantos hai alí xuntos. Dispois cóllese unha liñada de filo cunha agulla pra coser as parellas unha por unha, deixándolas un pouquín separadas pra que nun se confundan demais, e xa tan os santurrois feitos.

¡Sálevos ás veces cada parexa tan desamañada! Unha cousa é decilo e outra el velo, por que hay algunha —destos novos— que ve a moito desprecio que lle toque pra parexa un vellouco ou unha vellouca. ¿Por que recoirola non quitan entonces ous velloucos anque teñan solteiros? —dirá el que desconozca esto.

¡Ai, meus nenús; porque si non fora así os santurrois perdían toda esa gracia con que naceron!

Decíame unha madre, un destes anos de atrás, nuha casa que taban feindo os santurrois.

Mira, ho; a mía filla pra esto corre moito. ¡Se fora pra surcir<sup>235</sup> unhas medias ou pra lavar un paxelo<sup>236</sup>, nun che había correr tanto, leve el demo!

A mía fai lo mismo —decía outra madre.

Eu crinlles ás dúas, pois era tal a seguranza con que lo decían que convencían al máis pintado. Cada un ten abondo que rascar de sou.

Dispois que tan os santurros feitos hai que levalos, de noite mesmo a deporondalos<sup>237</sup> a

<sup>235</sup> *Surcir*: zurcir, coser a rotura dunha tea mediante puntadas de fío.

<sup>236</sup> *Paxelo*: calquera prenda de roupa.

<sup>237</sup> *Deporondar*: dependurar, colgar.

un árbol calquera, para que al outro día as vellas cuando vaian á fonte ou salan da misa se enteren. Despois vanse tranquilas pra casa a empezar a «gobernar a vida» del ano novo.

Fulano de Tal

## EL ANTROIDO

- ¡Ai tío Pepe!  
— ¿Que ques, rapacía?  
— ¿A que nun sabe quen se foi prá Habana?  
— ¿E quen?  
— ¡El antroido! ¡Lárgala! ¡Lárgala!...

— ¡Ho, mía nenía, que cousas me teis! xa no me acordaba de nada deso, xa parece que todo eso vai en bolina<sup>238</sup>, e ainda me veis con esas argalladas. A xente nova sodes el degorrio<sup>239</sup>: e eso que agora nun é como enantes. Cuando eu era rapacín; aquilo si que era Antroido! Xuntábamonos unha recua<sup>240</sup> delos, todos del meu tempo máis ou menos, e unhos vestidos de muller, e outros de home, armábamos cada rebumbio temible. Pero o máis gracioso, y del que agora nun se fai nada, era el que faguiamos, xa desde ben días antes de antroido, cos cacharros vellos e os calabazois podridos: Colliamos, eí ás nove ou dez da noite, a cacharrada calabazón, e íbamos petar ás portas pra que nos abrisen, e cando taba aberta ¡pumba! tirábamos todo pra dentro, hacia la cucía, e armábase el boureo<sup>241</sup> del demo col ruído das trangalladas e os insultos dos da casa. Unha vez que íbamos eu e outros cuantos feindo das nosas, chegamos á casa de tío Ramón de Carabelo (¡xa hai ben anus!) petamos a porta. ¿Quen ta? dixo tío Ramón.

— Pouca xente.

¡Adelante quien sea! volven a decir.

Einda ben nun dixera esto xa sonaban por el tarreo os cacharros e os calabazois que enfararon<sup>242</sup> todo, deixando aquilo perdido.

Salimos pra fóra feitos raios, detrás todos os da casa. Tío Ramón pillou un fueiro<sup>243</sup> e empezou a berrar: ¡Sinvergüenzas! ¡Heivos alindar eu! É esa a educación que vos dan vosos padres!

Agora nun hai nada daquelo, todo vai esquencendo. Os mozos, en cuanto tein un pouco de entendemento, unhos vanse pra alí e outros pra aculá; as nenas, unhas fain lo mismo e outras nun pensan mas que nos mozos e nas modas: a falda corta! as medias marelas, el taco alto, esas condanaciois, el pelo cortado a lo... ¿como se chama?

— A lo garsón.

— Eso. E máis cousas que eu, xa ora, nun tou al tanto. Ai mía Marica del alma, si tu viras estas cousa, cuanto los habías de arrenegar! Si resucitaras, al ver esto ¿volveríaste a enterrar?

A min paréceme que si.

— ¿Que dice, tío Pepe?

— Nada, nena. Son cousas mías. Pa todo eso ¿este ano hai algo que ver por eí?

---

<sup>238</sup> *Ir en bolina*: andar de bolina, andar ás présas, pasar con rapidez.

<sup>239</sup> *Degorrio*: demo.

<sup>240</sup> *Recua*: grupo

<sup>241</sup> *Boureo*: barullo, ruído feito por un grupo de persoas.

<sup>242</sup> *Enfarnar*: manchar, ensuciar.

<sup>243</sup> *Fueiro*: pau aguzado que se coloca polos lados dos carros para que non caian os ladrais ou a carga; fumeiro, estadullo.

—Pouco e mal amañado. Einda se dixo, al primeiro, que viría por eí el Cego de de Aragón, pero ¡vaiche boa! cualquiera lo pilla. Desde que ten cordión novo nun ten maus pra tocalo. Habera, se acaso, algún bailín, tío Pepe, e nada máis.

—E a ti, nena ¿cuantos antroidos che meteron?

—¿A min? Ningún.

—Arre burro eí che vai un.

El Tío Pepe

## COUSAS DEL TEMPO

—Ola, Pepe ¿como che vai?

—Ben ¿e tú?

—Nun hai novedá; mentres anda un, menos mal.

—¿Veis de pagar a paga?

—Si, veño. Por certo que agora dá gusto, porque en cuanto chega un, paga e ala, vaise correndo prá casa, e ainda se pode aproveitar medio día, que del outro xeito, como antes, eso de tar alí todo el día tía a un empendangado. E ademais, había que comer aló, que tamén é outra contribución.

¡E se fora sólo a xanta<sup>244</sup>! Despois vía lo demais: neto<sup>245</sup> aquí, chiquito alí; cuando chegaba un á casa iba amolado e sin un perrín<sup>246</sup>. Dese xeito faguíamos unha festa dun día desgraciado. Agora, como tá dividido en parroquias, é muita comodidá.

—Si xa! Muita comodidá! Pra estas cousas danos multas facilidades. Sempre foi igual, Pero lo que é desde que pagas, acordarse de ti. ¡Miau! ¡Coruxa papou! E verdá que hai mal e pior, pero bueno. E digo eu, ho ¿baxaron algo?

—¡Tas tolo! Pregunta si subiron, que a min nun sei como me amolaron cuatro pesetas e céntimos desde el outro trimestre. Timbre<sup>247</sup> daquí, móbil del outro lado, en resumen de cuentas, eso que che digo.

—Cálame xa a boca, que a min ben sei ma subiron, pero hasta mañá nun sei el que porque á mía parroquia tócalle maña. E pra que diante cambiou el Gobierno! Cuando parecía que ibamos pra ben, vamos de mal en pior.

—E xa que falas del Gobierno, dicen por eí que hai eleucciós en abril ¿tú sabes algo?

—Eso falan; pero vai crelle tu a esa xente. As eleuciois ¡quen las pillara! Tu nun sabes que estos gobiernos de dictadura nun las fain. E se las fixeran, sería chocolate con arengues. Ademais, se chegaran a feilas e foran de justicia ¿a quen ti che parece que prenderían primeiro?... E eso nun pode ser, e tu ben lo sabes. ¡Bos peixes tan al redor del pote!

—Pois eu, se che hei decir a verdá, creo que las haya. E muito el tempo que leva a xente sin moverse, e esta é unha cousa que, máis ou menos, todo el mundo la quer.

—¡Nun penses en nenadas, Xan! Mira: si os que sodes algo políticos, ou, mellor dito, lo foste, queredes eleuciois faguede unha rogativa a ver se así vos cai algo. Véxovos vir conózovos como se lo fora eu. Desde que vos falta aquel mangoneo parece que nun acongoxades; mais desta vez paréceme que chegastes tarde. E el que máis me amola a min son esas ilusiois, esa esperanza nel que nun ha vir. Tu nun sabes ese dito que hai por eí, que dice:

Ayer dicícheme que hoy,

hoy dícesme que mañá

e mañá hasme decir:

¿Cocéronse xa as patacas?

—Non; pero heilles atizar candela.

El tío Pepe

<sup>244</sup> *Xanta*: xantar, comida de mediodía.

<sup>245</sup> *Neto*: medida de capacidade equivalente a medio litro.

<sup>246</sup> *Perrín*: moeda de cinco céntimos de peseta; por extensión, calquera moeda de pouco valor.

<sup>247</sup> *Timbre*: selo que se estampa en diversos documentos, polo cal hai que pagar.

## OS CALEIROS DE VILAVEDELLE

Tempo foi aló por a segunda mitá del siglo pasado en que Vilavelle tía unha boa axuda económica nos fornos de cal. Naquelos tempes, el ter un caleiro nun era máis que un complemento das labores del caseo. Case todas as casas, por nun decir todas, tían entón el seu forno, onde os vecíos empregaban el tempo que sobra das labores e onde gastaban as poucas enerxías que lles quedaban de pillar os tarros<sup>248</sup> e peliar cos balocos<sup>249</sup>, que había ben delos.

El traballo que daba un caleiro e un traballo dos máis penosos, pra el que era necesario xente de moito arranque e de moito embiste. Xa se sabe que naqueles tempos todos tían estas cualidades cousa que non pasa agora, pois ademais de ser doutra natureza, ta a xente feita a outra vida moi diferente. (A xente de hoy quizabes nun aguantase este traballo).

A cousa que os labradores se dedicasen a este traballo era debido a que, como había moita pedra e moi buena, quixeron aproveitar unha riqueza que a natureza cedeu a este puebo. Esta pedra gozaba tamén de fama pra obrar e pra feir baños de salar<sup>250</sup>, pois aquí saliron todos os baños dunha peza que se conocen en todos los alrededores.

Aunque habrá moitos que tan enterados de como se faguía antiguamente a cal, pode haber algún que nun teña, e pra estos vou decir unha pouca cousa das operacións que había que feir.

A primeira labor que se presenta pra cocer unha fornada, é el saque da pedra. Nun fai falta que diga el traballo que leva el sacar a mandarriazos e con escasa pólvora de treinta e cinco a cincuenta carros de pedra -según a grandura del forno- que se saca vaise arriando pral pé del forno. Vén despois a collida del toxo pra cocer, que vein e feir falta al pé de corente e cinco carros; había que ir a el a Grandallá pois era tanto el que se cocía que os montes de cerca del puebo taban todos rapenados<sup>251</sup>; había que baxalo, e pra elo poñíanse de acuerdo unhos vecíos con outros pra treilo todo en pouco tempo. Deste xeito correspondíanse unhos a outros.

Despois vía a armadura, que é a operación máis difícil, porque un forno ben armado leva ademais de moitas fanegas<sup>252</sup>, a ventaja de cocer ben, cousa pra la cual había sempre xente ben entendida.

En cuanto taban os materiales reunidos había que esperar un bon día pra encender, pois como dura encendido unhas corentas horas, máis ou menos, nun servía andar a tarabela<sup>253</sup>, porque podía chover e malograrse todo el traballo que se fixera. Ben é verdá que tampouco faltaban entendidos na materia, pra eso poñían a pucha al lado mirando as estrelas e as nubes e pronosticaban al seu xeito. Sabido é que algunha vez se equivocan, pero eran as menos, e cuando estos lles pasaba disculpábanse así: "Ta el tempo aturbonado; xa vo lo

---

<sup>248</sup> *Tarrón*: terrón, anaco de terra recuberta de herba que se levanta coa sacha, co arado ou con calquera outro apeiro de labranza.

<sup>249</sup> *Baloco*: masa compacta de terra que se desfai ó darlle golpes.

<sup>250</sup> *Baños de salar*: recipiente que se usa como salgadoiro para a carne dos porcos.

<sup>251</sup> *Rapenados*: rozados, sen vexetación.

<sup>252</sup> *Fanega*: medida de capacidade para áridos; varía segundo as zonas.

<sup>253</sup> *Andar á tarabela*: facer o traballo en balde por non planificalo ben.

decía eu”.

Despois de encendido había que tar, como antes dixen, corenta horas atizándolle<sup>254</sup> sin parar, labor mui agotadora por as grandes temperaturas que hai que aguantar; pero pra eso alternaban os individuos que atizaban cada unha ou dúas horas. A bota del viño era unha ferramenta mui usada en todas as operaciós, pero nesta última máis que en ningunha.

Pasadas estas faenas e desde que enfriaba el forno, ala, sacar a cal e cargala, nos carros pra levala onde fora pedida, ou vender alí ous que vían busca. Medíase como agora, en fanegas, pero ¡que fanegas! Atrévome a decir, e sin medo ningún, que cada unha tía por tres das de agora. Esto en cuanto a cabida, e en lo que toca a coste, tres reales ou unha peseta, sendo agora el precio tres ou cuatro pesetas.

E inda hai hoy nel sito que lle chaman a Tarexe, os fornos que antes funcionaban (trece ou quince) envoltos por as hedras, as silvas e as folgueiras<sup>255</sup>, unde fan os nius os carrizos<sup>256</sup> e as papudas<sup>257</sup>.

Como este sito ta na beira da ría, nun faltaban lanchas e botes prarría a cal, nas que se fixeron grandes patrois. Tengo ougido nombrar, entre muitos máis que agora nun acordo: Cereixeiros, Carabel, Bodegos, Murías, Suabarra, Louguisón, Filipón, etc. etc. Queda destes Manuel da Bodega, que nos cuenta ainda muitas das súas aventuras por a ría del Eo, tan chías de tradiciois gloriosas. El ayudante deste Amador de Suabarra, tamén nos cuenta cousas deste pasado tan esclavo e tan pouco lucido. Einda se ven hoy as ribeiras de Vilavedelle esqueletos de lanchas célebres, chantados na lama, que naquel tempo foron el verdadero orgullo dos seus patrois. Un desos, Carabel cuando vía a súa lancha cortar as olas decía: Como las cortas, Copria! dito que quedou na memoria dos vecíus como símbolo de gloria e de recuerdo daqueles tempos.

El tío Pepe

---

<sup>254</sup> *Atizar*: meter leña ó lume para que non se apague.

<sup>255</sup> *Folgueira*: fento ou lugar onde abunda este vexetal.

<sup>256</sup> *Carrizo*: paxaro de cor parda, de pequeno tamaño, que fai o niño con carriza.

<sup>257</sup> *Papuda*: paxaro de cor agrisada e cola ergueita.

## CUENTO

Poucas había que lle competisen en vestidos e en medias de seda, lo mesmo que en cualquera outra cousa que fora de novedá e que chamase a atención. Cando veu a moda de cortar el pelo, ela foi a primeira que, nel sou pueblo, cortou a trenza, cousa que lle valiu a crítica e el díxome díxome<sup>258</sup> das vecías e de case todas as súas amigas; pero bueno, esto nun tía importancia, muito máis sabendo que as que antes falaban máis pouco tempo tardaron en cortalo. Nel vrau, sobre todo, taba sempre pendiente da modista, pois poucas festas había en que nun houbera estrena dun crespón, cando menos. Esta era Josefa Méndez, máis conocida por el nombre de Pepía del Peneireiro.

Todo esto se explica sabendo que Pepía era filla única del labrador máis fuerte del lugar, Manuel del Peneireiro e da muller, Perpetua, muller con a que casara porque lla encamiñara un parente que tía en Taramunde, pueblo nativo del. Estos, mais dous criados que tían, criado e criada, eran os que ocupaban a casa dos Peneireiros, antes mui conocida en todos os contornos por a muita influencia política que tía, e que seguiría tendo hoy se nun cambiaran as circunstancias. El caserío era todo propio, e ainda cobraban algunha renta, de foros máis que nada.

Como a labranza era grande, ademais dos dous criados que tían, nun faltaban muitas veces xornaleiros pra traballos que, na casa dun labrador, nunca faltan. Feir comida nestas condiciois, era traballo abondo pra unha sola persona; pero nun teñades medo que esta persona fora Pepía. Nada deso. Faguía, si, algunha cousa que se lle antoxaba e que aprendía nos libros: franes, moñoelos e destas cousias así; algún día, cando había muito apuro, tamén lles levaba a merenda al eiro<sup>259</sup>; e el resto del tempo pasábalo vendo revistas de modas e cuidando os vestidos pra que nun llos picara a polilla. Veinte e dous días de aradura a cada mau e unhos miles de rales nel banco, permitían estos lujos e comodidades.

Con estos procedentes nun tía nada de particular que cuando se presentaba nunha festa chamara a atención dunhos e doutros; e, xa ora, como eran muitos os rapaces que lles gustaba, víase mui favorecida por tanto devoto, con avellanas, refrescos e mil zarapalladas<sup>260</sup> máis; pero, pasáballe como con os vestidos, gustáballe variar.

Por fin houbo un que, por razois que nun sei explicar e todo el mundo comprende, enreizou máis ca os outros. Era dun pueblo de non mui lonxe, dunha boa casa, que é tanto como decir rico e de buena familia, e reunía todas as condiciois que fain falta pra decir “igualan ben”.

Antes que elos, os pueblos dun e doutro encargáronse de dar a noticia da voda, pois destas cousas entéranse antes os vecíus que os interesados; chegouse a falar da dote dela, de que xa houbera regalos, e nun faltou quen se anoxase porque nun lo invitaran prá voda, cuando ben é que, si houbo algo, nun pasou da porta pra fóra. Pero a xente e así. Todo el que se case ten que pasar por estas ou sinón nun casarse.

Mui ben. Pasou el tempo, e con el nun pararon de abalarse as linguas<sup>261</sup>, as linguas que fain culto a si mismas. José Zarrado —que así era el nombre del rapaz— seguía indo e vindo

---

<sup>258</sup> *Díxome díxome*: comentario que se fai repetidamente con respecto a alguén, rumor.

<sup>259</sup> *Eiro*: terreo dedicado ó cultivo.

<sup>260</sup> *Zarapallada*: mestura de cousas sen importancia.

<sup>261</sup> *Abalarse as linguas*: falar.

na súa besta<sup>262</sup>, que comprara en Mondañedo, fai tres anos pra San Lucas, que nun tía máis defeutos que el darse dun pé.

El demo nun dorme. Cuando taba el pueblo calmado del bule bule que os amores de Pepía motivaran, chega da Habana don Apapucio Méndez Carvajales, tío de Pepía, por parte del padre, quen, despois de pasar una temporada al lado dos sous, emprende un viaje por algunas poblaciones de España.

Pouco tempo despois, el cura da parroquia lee “primera y última”.

Algún tempo máis tarde lemos del periódico local: “Han salido para la Habana el rico propietario D. Apapucio Méndez Carvajales y su distinguida y bella esposa D<sup>a</sup> Josefa Méndez. Lleven buen viaje”.

El tío Pepe

---

<sup>262</sup> *Besta*: cabalo ou égua usado habitualmente como animal de carga.

### EL MONDONGO<sup>263</sup>

Acabouse de labrar el trigo. As labores del campo páranse por pouco tempo nestos días de Ano Novo, porque tampouco ha ser todo andar entre os tarrois. Pero veu outra faena, outra cosecha se pode decir, que quizais é a que el labrador aprovecha en máis sustanza. Si algo sale da casa, voluntariamente é pra untar<sup>264</sup> al curial, pra agradecer un favor...: A matanza, el mondongo...

Bueno pois, as mulleres andarán mui ocupadas estos días por custión del dichoso mondongo. Xa hai días qu se ven vir da vila con alforxas inchadas con as especias pra él: a canela, as pasas e outras cousas, prás morcillas; el pimento, a cordilla, el breimante<sup>265</sup>, pra ous chourizos; el sal, que quizais vén de matute<sup>266</sup>, pra salar xamón, lacois e toucius, xa hai días que lo tein na casa. Con todos estos preparativos e a Luna nel menguante, esperan as mulleres un bon día, querse decir, un día frio, pra matar el sou coreno. Nun é de estrañar que teñan tantas precauciois, porque hai que ter en cuenta unha cousa; que por andar a tarabela poden perderse os xamois, ou, polo menos, salarse mal, e unha cousa que costa tantos traballos en todo el año, si se malogra unha parte jounde imos parar!. Ademais, hai que ter tamén en cuenta que el cocho solo é a dispensa del labrador en todo el ano, pois nas aldeas nun hai obrigas, e aunque las houbera, pode que nun se acudise a elas condo fixera falta, senón condo se podese; e el que ta na casa, xa ta.

Esta labor fáiselles pesada ás mulleres, que nun sirve deixala dun día pra outro, nin tampouco queren que lles axuden os homes pois as mulleres —esto sábelo todo el mundo— tein crido que sólo elas poden fair as cousas con limpeza, e esto nun e verdá de todo. Nas Américas e todo por aló, sin chegar máis lonxe, según me dicen todos os que de aló se volveron, en hoteles, fondas e que sei eu qué, os que rigen as cucías cousas así delicadas, nun son máis que homes. Pero así e todo eu vexo ben que fagan todas estas cousas, porque al fin e al cabo, aquí como aquí e alo como aló. Eso é.

Unha das cousas en que máis se esmeran as mulleres e nas morcillas, pois en muitas casas, eu téñolo visto, danlas as amistades, pra que en cuanto estas maten lles dían a proba das súas. “¡Saíronche boas! ¡Botáchelles ben almendras! ¡Nun che saliron tan ben as del ano pasado! ¿Estoupáronse muitas? —Non, que las pinchei cun alfiler de monxa” Esto, máis ou menos, é el que se lles oí decir todos os anos.

Einda poin máis esmero, si máis pode poñerse, nos chourizos. Como duran todo el ano e van al pote diariamente, a responsabilidadá é inda máis grande que nas morcillas. Condo chega unha visita, un parente, un qualquera, bótase máis axina mau dun chourizo que de cosa alguna. E xaora, hai que ter tino al feilos. Hai quen lle gusta máis picar a carne á mau que con máquina; hai quen lle bota agua a enallada<sup>267</sup>; hai quen bota el pimento picante e quen dulce; hai quen pica os xamois, porque lle parece que funde a carne en chourizos; hai quen proba a enallada (eu son un) antes de embutir, e en fin. Eso vai en gustos.

---

<sup>263</sup> *Mondongo*: proceso de elaboración de distintos embutidos.

<sup>264</sup> *Untar*: dar algo para conseguir un favor, subornar.

<sup>265</sup> *Breimante*: bremante, cordel delgado de cáñamo.

<sup>266</sup> *Matute*: contrabando.

<sup>267</sup> *Enallada*: carne de embutidos que se deixa sazonar durante dous días despois de picala e adubala con allo.

Como remate del mondongo tan os roxois<sup>268</sup>. Os roxois son pretexto pra feir unha rumba<sup>269</sup> entros amigos da casa, como se dixéramos el ramo del mondongo. Cómesese de todas partes del cocho muito máis que roxois. A min pasoume: ir invitado algunha casa, vir sin fame, e sin probalos.

El tío PEPE

---

<sup>268</sup> *Roxón*: residuo dos anacos de touciño despois de expremelos para quitarlles toda a graxa.

<sup>269</sup> *Rumba*: festa.

### ¿COMO SE LLE HA POÑER AL NENO?

Señores: a cousa pode que nun teña máis interés que el que ustedes quiran darlle. Por pouco que seña e abondo, quizais sobre. Pasa con esto como con outras cousas del mundo: unhos conceden importancia a ciertos asuntos, outros, al revés. Esto, dentro da súa relatividad, pilla a este e al de más allá. Porque vamos a ver ¿quen nun presenciou, condo nace un neno nunha casa, esos líos tan terribles pra acontrarlle un nombre guapo? Anque teñan el repertorio zaragozano e el galego<sup>270</sup> sempre ha haber dificultá: Que si se lle ha poñer Xan porque lle chamaba así sou avolo; que si Pedro porque ten un tío en Buenes Aires deste nombre; que si sou padrín que apegarlle el sou pra que se acorde dél toda vida. En fin, que si seguimos así pode que el neno teña cen nombres deseando poñerse nél, e que casualidá, todos ou case todos xa se poñeron a algún antepasado sou. Cada un que faga el experimento na súa casa, si é que no lo fixo einda, engarabitando<sup>271</sup> por el árbol genealógico da súa familia, e verá, tarde ou cedo, como ha topar nalgún cañón del dichoso árbol, el sou nombre. E a costumbre, dice a xente. Será. ¿Buena ou mala? Aló cada un con os sentimientos e afeutos que poda ter. Neso no me meto. Agora que si, nel que me meto eu, e con aqueles que queren perpetuar el sou nombre na cabeza dun ageno, querse decir, doutra persona, seña ou non parente, chegando a anoxarse condo nun pode salir con a súa. ¿Que si hai quen se encabrita por eso? Xa lo creo. Esto pode ser motivo pra parar de falarse, por pouco tempo si, pero deixar de falarse al fin, personas de familias achegadas. E pra isto, señores, nun hai razón.

Ás veces a cousa nun chega a complicarse condo hai personas que saben razonar a su debido tiempo. (Nun podon pasar sin contarvos esto que ouguín eu, condo andaba husmiando por as cucías, xa hai ben anos). Cheguei eu a unha casa unde había de pouco un home máis. Topeime na cucía con el amo peliando con os avolos del recién, tíos e parentes máis achegados, que a toda costa querían apadrinar. El patrón, con a voz que el caso requería, dixo: “calai a boca, que si nun morredes, heivos dar a todos el gusto que queredes”. Meu dito meu feito<sup>272</sup>. Nun pasaron muitos anos sin que todos quedaran complacidos. Xa se sabe personas como ésta nun se topan en todos os sitios nin en todos os tempos.

Si se disculparan así muitas personas nun se vería, como se ve nel Registro civil, unha recua<sup>273</sup> de nombres pra cada persona, que, as máis das veces, nun sirven máis que pra dar lugar a equivocaciois. Cada individuo quer poñerlle el sou nombre e pra dar gusto a unhos e outros póinselle todos.

Tein vido a min aguaciles e xente así que preguntan por individuos, preguntarme si conocía a un fulano cualquiera, que mui ben podía nombrarse así ou de outra manera: José Antonio Ramón Pérez González; constestarlle que nun lo conocía e ser, se a mano viene, dos meus mellores amigos. Ben por chamarse Antón de Cancieiro, ben por Antonio Pérez, a

<sup>270</sup> O “reportorio zaragozano” e o “gallego” eran dous pequenos boletíns anuais con predición meteorolóxica para todo o ano e outros aspectos de interese para os labregos. Tiñan gran aceptación entre os labregos, que adoitaban mercalos nas feiras a comezos do ano.

<sup>271</sup> *Engarabitar*: agatuñar, subir a un lugar alto. Neste caso refírese ó feito de ir avanzando polas distintas pólas da árbore xenealóxica.

<sup>272</sup> *Meu dito, meu feito*: expresión que se utiliza para indicar que se cumpriu con rapidez algo que se anunciara previamente.

<sup>273</sup> *Recua*: despectivamente, conxunto de persoas. Neste caso, de nomes.

custión e que si al propio interesado lle pregunta por el individuo de tal nombre, pode que lle contestase, despois de rascar el curuto<sup>274</sup>; ese por quen pregunta débelle de ir na América, porque, que eu sepa, nun hai ningún neste lugar que se chame así. Hasta a esto podemos chegar, a nun saber como nos chamamos nosoutros mesmos. E todo por culpa de cuatro parentes que se precian, destimarnos, estimación que el día de mañá no nos trae máis que dolores de cabeza e calenturas.

El tío Pepe

---

<sup>274</sup> *Curuto*: parte máis alta da cabeza.

### POR ESOS ESFOLLOIS<sup>275</sup>

Estiaño veron as cosechas con ben retraso. Todas; e que nun queden unha: lo mesmo el trigo que a fruta e el meiz. Por eso os esfollois nun veron dentro del cuadro del tempo doutros anos. Nun me atrevo a botarlle a culpa a este retraso de que nun fosen hogano<sup>276</sup> mui boiantes, muito máis, sabendo que hai unhos anos que se vai conociendo unha cierta decadencia nelos. Quizais esta falta dentusiasmo seña a mesma que se vai vendo noutras costumbres tradicionales. Nun sei si a xente se dá cuenta desto; a lo menos nun fai nada pra que a cousa nun siga así. Tampouco sei de cierto os motivos principais de todo esto; algunha culpa tein a baraxa e a taberna, porque arredran al home, pero nun é ainda eso lo que máis contribuíe. Algo é. ¿Será el tempo que nos vai enrolando, feíndonos perder lo noso, pra acoller eso de fóra que muda cada bocadín? Todo elo é el noso arte, pero muito noso, que nun debemos deixar perderse así como así; el perdelo é renunciar a toda a nosa ascendencia. Bien venido seña el cine e todas as cousas que nos enseñen el mundo, pero nun esqueizamos lo noso. Unha cousa nun ten razón pra quitar outra.

Acordarse da animación que antes se vía en todo el personal que esfolloba, del afán con que se espían as espigas pra atopar a mazá escondida por el montón abaxo e pra que el gaitero botase unha pecía a acabar, son cousas, pral que naceu nesto, que tein que dolerlle sin remedio.

Ta mui en uso agora esfollar cada un el sou, anque se tarde máis, non como antes que ora se esfolloba hoy aquí e mañá nel outro lado.

A cosecha desti año nun é como as que houbo desde hai unhos anos; é mellor. Hogano naide ten derecho a queixarse, a lo menos con razón. A min paréceme que por decir esto en voz alta no nos han subir a contribución. Hai quen lo pensa, por eso.

Sin embargo, hai algunha casa que anque desmerecen el ánimo de esfollar, nun lo perdeu todo. Einda atopamos algo, buscándoo, claro. Condo íbamos de noite por el camín vimos luz nunha casa por a gateira<sup>277</sup>; pareceunos encontrar algo del que buscábamos.

—¿Quen tá? ¡Oi! nun esperábamos xa esta visita. Pase.

—Buenas noites.

—Buenas.

Personal de troia einda había del, rapazas e rapaces. Había tamén el personal da casa e unhas cuantas mulleres desas que lles esqueiceu casarse. A xente nova nun se apercibiu da nosa entrada; taban entretenidos falando del baile del Cornallo. Nosotros quedamos cos nosos falando del frio, del gado e de que si sigue choven do así non podemos labrar el trigo hasta pasar a Conceución.

—E bueno nía. Que tal de cosecha. ¿Rinde?

—Home, mire; nun lle hai queixa; hai un regalín. Tamén é verdá que el tempo presentouse a pedir de boca; nun lle veu vento nin agua a destempo e así foise logrando mui

---

<sup>275</sup> *Esfollón*: labor do campo consistente en sacar os follatos das espigas, deixando o gran ó descuberto para gardalas no hórreo, de xeito que sequen mellor ata que se debullen ou se consuman. Neste, coma noutros traballos, soían participar varios veciños, axudándose uns ós outros.

<sup>276</sup> *Hogano*: este ano.

<sup>277</sup> *Gateira*: burato de pequeno tamaño que tiñan tradicionalmente as portas de entrada ás casas para que puidese entrar e saír libremente o gato.

ben. Na curtía<sup>278</sup>, alo al primeiro parecía que follaba muito, pero por fin foi granando, si, señor. Condo menos como agora. E por a súa casa, ¿Que tal?

—Tampouco hai queixa, vaia. Na Senra non foi muito el que se colleu, pero hai que ter en cuenta que se labrou pra alcacel<sup>279</sup>, e desque vimos que se presentaba el ano bon deixámolo espigar.

—Mui ben.

¡Reinei, reinei<sup>280</sup>! —empezou a berrar unha rapaza que taba pra aquela esquina, entre toda a cuadrilla—. Armouse unha juerga e un barullo col dichoso reinei que tivemos varios minutos sin saber si aquilo era un esfolión ou outra cousa sin parecido. Xente nova e leña verde todo é fume —dice el refrán e ben dito—. El Aldeano de Taves que taba al meu lado, desque foi calmando aquilo algo, dixo con muita serenidad:

—Nin reinei nin reinache; agora hai república hasta nos esfollois.

—Nun nos riamos deso —dicen os rapaces; pero xa que el Aldeano de Taves lle deu ese color nun hai inconveniente en que haya república hasta nos carozos<sup>281</sup>. El noso “reinei” nun ten pizca que ver con outros.

—Ai eso bueno -dice el de Taves.

Por motivo desto tivemos un bon pedazo falando del partido novo e del vello e dos cambios de chaquetas que desde hai unhas anos ven os ollos que nun tan cegos. E milagroso. As mulleres, vendo que falábamos de política, póñense tamén a falar das súas cousas. Hasta que chegou a hora da maquila<sup>282</sup>. Nestos encomios<sup>283</sup> el ama topou unha espiga fillada<sup>284</sup>, “Hai que poñela na fumieira por si se pon unha vaca mala” —dixo. E vén a maquila.

—¿Quer mellor anís ou caña<sup>285</sup>?

—Ai Dios del alma; en nun lle tomo nada. Anque correra.

—Pois unha copia a tómala. Voulla botar de caña.

—Bueno lougo, xa que se empeña.

—Faguede el favor de pasar pra aquí el pan e as noces, si vos servisteis. ¿Unhas nocías?

—Non, mía filla; as molas non me deixan.

E ainda tivemos alí un pedacín máis en cuentos, mentras comían un bocado os que fían voluntá ¡Como as noites dan pra tanto!

El tío Pepe

---

<sup>278</sup> *Curtía*: cortiña, terreo de labradío de pequena extensión próximo á casa.

<sup>279</sup> *Alcacel*: alcacén, cereal que se consome en verde como forraxe; ferraia.

<sup>280</sup> *Reinar*: atopar unha espiga con gran vermello cando se está esfollando. Non era moi frecuente, por iso se celebraba dicindo “reinei, reinei”.

<sup>281</sup> *Carozo*: parte interior das espigas de millo, á que están unidos os grans.

<sup>282</sup> *Maquila*: maquia, parte de cereal que lle corresponde ó muileiro por moer. Aquí parece que se refire ó aperitivo que se lle levaba habitualmente ós traballadores cando estaban faceno unha faena agrícola.

<sup>283</sup> *Encomio*: gabanza pública de alguén ou de algo.

<sup>284</sup> *Espiga fillada*: separada en dúas metades.

<sup>285</sup> *Caña*: augardente.

**PEDRO PENZOL**

(*El Aldeano*, nº 45. 15 de agosto de 1931)

IN MEMORIAM  
(VICTORIANO GARCÍA DE PAREDES)

E tu es el primeiro que te fuches  
inda novo e galán, inda lutando  
por a sorte dos nosos intereses,  
a República, el ponte, os vellos usos  
toda a alma deste gran penedo  
en que tamos vivindo emporondados<sup>286</sup>:  
tu te fuches e fáltanos agora  
como falta un espello en que mirarse:  
tías a gracia e aquelas virtudes  
que dicen que son nosas ¡mal pecado!  
e sempre me chegabas con un libro,  
un libro novo que tías que leerme  
—porque foron os libros teus amores—  
e leías tan mole, tan seguido,  
que eu botabache os ollos aló enriba  
e Máximo quitaba as antiparras  
e el mar na Fonte íbase durmindo  
escuitando a lectura ¡Quen olvida  
el que todos ouguimos ¡Dende agora  
xa formas grupo cos homes gloriosos  
de Castropol: gloriosos como el río,  
coma os loureiros da nosa ribada<sup>287</sup>.

Pedro Penzol

---

<sup>286</sup> *Emporondar*: subir a un alto, encaramarse. Refírese á ubicación da vila de Castropol.

<sup>287</sup> *Ribada*: terreo alto e encostado.

## MARÍA RAMONA PENZOL

(*El Aldeano*, nº 39. 15 de maio de 1931)

### CUENTÍUS

Taba el outro día sentado neste meu penedo<sup>288</sup> leendo como tou el periódico, cando ouguín unhas cantas señoritas na acera xunta da mía ventá falar desta República que nos vén agora. Tantas cousas decían dela que creín que estaba de risa ¡Que non me erga aquí si non foi verdá! pero pra deixarlles falar el que quixesen fixen canto puiden por calar. ¡Demo de rapazas, que cousas se lles ocurren! E todo é el non tar enterado das cousas. Vou contar algo de lo que me acorde que lles ouguín.

Decía unha delas: “A mi es una cosa que no me gusta nada la República; la encuentro ordinaria, es mucho mas distinguida la Monarquía”.

Decía outra que como a primeira que falou e as demás, tía algo de acento de por aló e que non sei de donde lles vén: “A mi, además de eso, es porque no sé que podremos hacer ahora con unos papeles viejos que encontraron el otro día papá y mamá en el desván y que estaban buscando. No recuerdo el nombre que les dieron, pero creo que dijeron que eran pergaminos, y también un escudo o dos. Y claro, eso dicen que ahora no se va a llevar”. Pensei eu pra min se einda había escudos e pergaminos nestos tempos, pero debía de habelos, agora que eu non tou enterado.

Despois de ouguir esto, creín que xa se foran, pero non; einda faltaba el mellor. Outra señorita decía mui apurada: “Lo malo es que con todas estas cosas los labradores y todos los aldeanos —aquí botoume unha mirada que temblou el penedo. ¡Como si eu que tou aquí tan tranquilo tuvese a culpa de todo esto que pasa!— se están poniendo tremendos ¡como si ellos fuesen los amos!” ¡Que señoritas estas! ¿como se fairán pra discurrir axino? ¡Cata que xente! Pero inda non acaban, outra dice: “ Y luego a gente que metieron, fijaros que está de ministro Nicolau el que mató a Dato y es un anarquista tremendo”. Aquí dicen todas xuntas: “¡Que horror!” ¡Que tolas tan! elas que queren saber tanto ¿como non saberán que hai un señor dese mesmo apellido que é catedrático e unha persona tan honrada como a que mais? Ei ta el que lles enseñan. Non entenden, e despós xa se ve el que dicen. Eu que ouguira tanta tolura seguida, non quixen escuitar mas e púxenme a leer. Pero taba de Dios que non había de poder, porque al pouco tempo, pasou un rapacín berrando unha cántiga. Pero esto ¡mi alma si que me gustou! Tanto foi que lo copieí. Decia:

“¿Ya te vas Alfonso XIII  
ya te vas triste de ti?  
— No me voy es que me echaron  
del palacio de Madrid”.

Despós desto non puiden seguir escoitando porque sentín cohetes, música e berros e baxar muita xente por aquí embaxo cunhas bandeiras e pendois mui guapíus e el rapacín que cantaba se foi con elos berrando. Dios lle dé salú pra que poda cantar muitos anos como hoy.

“Escuchad —dice unha das mas señoritas— van tocando el Himno de Riego ¡que barbaridad!”. Pos claro señorita ¿non sabe que hai República e é lo que se toca en vez da

---

<sup>288</sup> *Penedo*: pedra grande que sobresa sobre a superficie do terreo.

Marcha Real? e esa bandeira será a que poñan agora pra todo e terán que aguantalo vostedes quiran que non.

Ha de perdonarme, señor director, a molestia e que lle mande esto tan mal amañado, pero é a primeira vez que escribo. Agora que xa lle irei contando mas cuentús e quezabes me saian mellor.

El aldeano da Praza

## CUENTÍUS

Fai muito tempo que non conto nada. Non porque non tuvese que decirlles, que sempre houbo abondo, gracias a Dios, senón porque desde unhas zarapalladas que escribín condo veu a República, tou mui mal mirado nel pueblo e todos se puxeron en contra de min.

As nenas non volveron falar xunto a mía ventá e condo pasaban a mía beira, calaban. Despós as vellas, por outro lado (imías probes!), unhas poñíanme a figa<sup>289</sup>, como si fose cousa de bruxas, e outras faguían a seña da cruz, como si se tratase del demo.

Mal saben as vellas e as novas que nin con separarse da mía ventá, nin con poñerme a figa ou faguer a cruz deixo de ouguir, porque vein unhas rachías de vento, lo mismo señan de vendaval<sup>290</sup> que de nordés, que me entran polas regandixas dos cristales e entocias oigolo todo.

Pero xa cansei de tar calado e vou contar algo de por eí. Agora trae tola a muita xente eso del divorcio. Primeiro foi da República, porque non lles convía; despois eso del comunismo que decían que iba vir e, al fin non veu; agora estoutro que... ¡mi alma se non é ben guapo! ¡Ai ho! ¡Eso de que poda un descasarse, non me pinta miga mal! e que hasta ven mui a xeito, porque hai una escasez de homes que pasma. Deben ser con esas guerras que houbo, que acabaron con todo.

El outro día tocume ver unha cousa que me fixo rir la mar. Xunto mismo da mía ventá pasaba pra enriba unha nena que daba gusto vela; guapa, gordía e con unha maneira de andar que se vía ben claro que non taba coxa. A beira dela pasou un home xa vello, ¡e tan vello! que al vela relambeuse de gusto e dixolle al pasar: “¡Si vise esto del divorcio siquera fai dez anos!”. El probe devecía<sup>291</sup>.

Pero despós pasaron outras (que xa naide debecía por elas) botando sabe Dios cuanto en contra del divorcio; que era unha vergonza; que parecía mentira que España chegase a esto... en fin, todo eso que dicen sempre que por cualquier motivo unha cousa non lles gusta ou non lles convén.

Eu penso que pra algunhos casados non debe ser tanta a vergonza nin tar tan mal condo, según dicen por eí, xa empezaron a vir al juzgado pra se divorciar. Ademais, esas nenas sin esperanzas non se daban conta del que falaban ou non dicían el que pensaban. Porque einda ¿quen sabe? poden esperar a que algún desos que se divorcien se case con algúa e quezabes non lle fixesen ningún remilgo<sup>292</sup>, aunque fose vello e escrequeñado<sup>293</sup> como son eu. ¡Einda tanme dando retentos<sup>294</sup> de casarme pra divorciarme despós e facer a proba!

Pero non. Por min podedes tar tranquilas, vellas solteiras ou solteiras vellas, que tanto dá. Nin eu nin naide vos ha fer caso como non volo fixeron hasta agora. Si eu probase de casarme, aunque fose pra divorciarme si salía mal, sería cunha nena como a que antes dixen, nova, gordía, dura, e que vala pral traballo... unque non se encha a cara de pinturas. Vosoutras podedes seguir como hasta agora rezando el rosario. E si non lo empezachedes a

<sup>289</sup> *Poñer a figa*: pechar a man poñendo o dedo polgar debaixo do índice para evitar o mal de ollo.

<sup>290</sup> *Vendaval*: vento forte que sopra do sur.

<sup>291</sup> *Devecer*: teer moitas ganas de algo.

<sup>292</sup> *Facer remilgo*: poñer impedimentos para tratar de evitar que algo se leve a cabo.

<sup>293</sup> *Escrequeñado*: derrengado polos anos ou por deficiencias físicas.

<sup>294</sup> *Retentos*: ganas, desexos.

rezar, empezade e vivide tranquilas, porque non vos veredes nesos apuros. Con divorcio ou sin él naide se vai acordar de vosoutras.

E agora, con todo esto que contei, toi vendo que vou ser inda peor mirado. ¿Non dicen xa de min por eí que eu revolvo aos aldeanos? Eu, probe de min, que ton aquí tan tranquilo sin meterme con naide, botando un pito de vez en cuando, e lendo este meu periódico que non deixo das maus. ¡El que fai el medo!

Pero desta si que non se contentan con queimar ou romper el periódico; así Dios me salve se non van querer queimarme a min tamén.

El aldeano da praza

## CUENTÍUS

A ese Aldeano de Taves<sup>295</sup> daríalle de mui búa gana un consello. Pero pasa que eu non lo conozo e que nunca me gustou dar consellos a naide.

Por lo demás, vese que non ta enterado de muitas cousas que pasan por aquí.

Seguramente viviu toda vida en Taves, sin vir á vila, e si veu sería unhos momentíus prá paga da contribución, renta ou cualquera outra cousa e ¡claro! non ta enterado de nada del que se estila.

Había de vir siquiera oito días e xa vería cousas entoncias si que había de levar que contar!

E el que lles pasa; non salen da súa casa casi nunca e tan como toupos, non se enteran de nada e condo chegan a leer algo pásmanse del todo. A min tamén pasoume algo deso.

Pra que vexa el de Taves que equivocado ta, voulle contar unha cousa que ainda lo vai a pasmar más. Desde dixen que era solteiro (non sei si sería por eso ou por el que falei del divorcio) as nenas, e outras que xa non lo son, al pasar xunto a min regálanme<sup>296</sup> unhos ollos... ¡Ai que ollos! de veras que dá gusto velos. E creo que si lles pidise un chucho, de seguro que todas, sin deixar ningunha, daríanmo de mui búa gana. E inda chegou a decir algunha que non era del todo feo aunque era mouro. Outra, hasta el que fose mouro tanto lle daba; decía que me favorecía porque agora taba de moda ser mouro (al parecer, tamén ponse de moda el coor da cara).

Eu doume muito pisto<sup>297</sup> e mirolas un pouco asina de resfilón e as fatas<sup>298</sup> dicen que ainda lles gusto más, que teño unha mirada mui interesante e distinguida.

Conque ¿que lle parece desto al Aldeano de Taves? Debe ir baxando prá vila pra avezarse<sup>299</sup> mellor a todo, porque seguramente que os días que ven falou nada mas que con algunhos señores mui listos que hai por aquí; e por eso pasmouse de que eu me puxese acontar todas aquelas cousas sin medo a naide. Pero e que tamén teño el costume de decir todo el que penso aun que pinte mal por eí. Claro que el decir as cousas como se sinten, si un non ta avezado a decilas, na vila non se deprende, porque eso parece a min que ten que nacer coa persona.

Otra cousa tamén teño que decirlle, e é que non son eu solo a falar del divorcio e da República, que hai tamén outros muitos periódicos que falan dela sin que a xente se meta coelos porque tamén, métanse ou non, tanto dá.

E agora, señor direutor, non se me meta a mañar as mías Zarapalladas, que se non vou a pensar que é un señor desos listos, que pensan que lo saben todo. E voume rir de usted, como se ri delos todo el mundo.

El Aldeano da Praza

---

<sup>295</sup> Trátase da resposta a un texto publicado por “El aldeano de Tabes”, que incluímos no apartado final correspondente a “textos de autoría descoñecida ou pouco clara”.

<sup>296</sup> *Regalar os ollos*: abrir os ollos máis do normal.

<sup>297</sup> *Darse pisto*: darse importancia, amosar desinterese por algo.

<sup>298</sup> *Fatas*: parvas, de escasa intelixencia.

<sup>299</sup> *Avezarse*: acostumarse.

## RAMÓN MARTÍNEZ

(*El Aldeano*, nº 71. 15 de setembro de 1932)

### El libro na aldea

Antes de empezardes a cuntar cousa algunha, vou a pedirvos un un favor; que me perdonedes el atrevemento de poñerme a falar sin máis coñecementos cós que eu teño. Pero non podo pasar por menos que espricarvos un precance que me pasou fai ainda mui pouquín tempo.

Baxando del noso pueblín de Xonte eu e outro vecín, con intencións de ir a Castripol, al pasar por el puente de Berbesa, vimos naquela casa de Cándido del Cosco, que hai desde se pasa el puente, unhas tablas chantadas na fachada que mira prá carretera cunhos letreiros que decían: ¡Fixarvos señores! «Leez» e un pouco máis embaxo «Biblioteca de Castropol»; enseguida díxome el compañeiro ¿que queren decir esos tres homes que tan ei? e eu contesteinlle: pois que che hei decir, ou quer darnos a entender, que ese aldeano que ta coel libro aberto fíxolle calar al del medio, que por cierto paréceme a simple vista, ser un avogado e al outro americano de sombrerín branco, advertindo que ese paisano noso sabía tan pouco como nosoutros, pero a fuerza de ler e volver a ler, chegan, a facerlle calar a esos señores que ten al sou lado.

El cuento é que meu amigo non debeu caer en razón porque me contestou: e, ¿cábeche na cabeza que un traballador da terra como somos nosoutros vamos facerlle calar a D. Tiadoro Campón —poño por caso— ou a outro desos señoritos que andan pasiando por as aceras da vila.

Dígolle eu: si, home si, a cousa ten a súa explicación. Nosoutros non, porque xa lougo non podemos cos calzois de vellos que tamos, pero os nosos netos como se poñan a ler e sigan, cando cheguen a ser grandes han de faguerlle calar sin apurarse muito como lles fixo esoutro que ta eí na parede.

Lo que nos falta a nosoutros é ter libros e libros como hai por outros sitios; porque según decía fai unhas quantos días un escritor mejicano<sup>300</sup> nuha conferencia que deu nel Casino de Castripol, aló por a súa terra os verdaderos traballadores del campo que apenas tein que calzar, tein unha grandísima Biblioteca e ás nove e media da noite xa tan todos lendo, esto é lo que necesitamos nosoutros, que nos estragallen<sup>301</sup> os libros por aldea e despois saber aproveitarnos delos, sobre todo, nesas noites largas de inverno, porque, se condo nos poñemos a xogar na baraxa dispoñésemos dunha Biblioteca, anque fose pequena, e nos poñésemos a ler, sacaríamos algo máis resultado, que el que sacamos coas cartas.

Mira vecín: non te podes dar unha idea de lo que fai a difusión del libro por as aldeas, cousa que empezan a feir algunhos homes de muita concencia de Castripol creando as Bibliotecas que tein e outras que fundarán lougo na nosa parroquia e pueblos pegados. Con el tempo chegarán abrílle os ollos al pobre labrador.

Lougo el meu compañeiro, convencido xa del todo, comenzou a falar con estas palabras: teis razón, meu amigo, que somos unhas atrasados, porque unde quera que vaiamos non sabemos entendernos coa xente algo estudiada, e eu tamén che creo que se lésemos todos

---

<sup>300</sup> Refírese a José Vasconcelos, escritor mexicano que viviu en Asturias entre 1932 e 1933 e que pronunciou unha conferencia en Castropol, da que dá conta no seu libro *Proconsulado*: “Nos transportaron al salón de la conferencia, que estaba lleno de público interesado en libros y en ideas. Les hablé de las bibliotecas que vi funcionar en Colombia y Ecuador”.

<sup>301</sup> *Estragallen*: espallen, repartan.

os días, anque fose alindando as vacas, chegaríamos a saber moitas cousas que preguntamos al médico, al avogado, al maestro e a toda esa xente que sabe.

Xuanín de Xonte

## EL OUTONO

Anque se empezan a poñer os didos un pouco enguruñados<sup>302</sup> cos condajeros “gabuñois<sup>303</sup>”, vou a ver se calentádoslos na lareira del lume, me diexan coller a pruma pra escribir unhos contos rengroncíos, referentes a este resprandecente outono.

Eo, Xuanín de Xonte, como todos ben me conocedes e como el meu nome xa indica, vivo aquí neste pequeno lugarín escondido por as escarpadas montañas del “Campo dos ventos”, de “Polaio e das pedras brancas da Tomentosa”; os bocados de tempo que me sobran empréolos en subirme ás montañas que citein agora mesmo, e poñerme a contemplar toda esa marina tan bonita e tan alegre de que desfrutais os daló embaxo.

Condo fai bon tempo, poño pés al camín e súbome al pico del Polaio, busco unha pedría pra semolir algo as cachas, séntome tranquilo e lo máis depresía que podo, comenzo a escoitar el ronquido tan agradable que fain as augas del río de Seixas, mezcrándose coas pedras longuieras<sup>304</sup> e alisadas que, arrastrándose por el regueiro abaxo, dan pracer ous meus ouguidos. E condo se vai metendo el sol aló por cerca del Mondigo, solta unhas raiolas por entre medio dos pinos que hai alrededor de min que lles parece ous meus ollos ver un xardín tan ameno, nunca na vida por elos aculumbado; son estos, momentos de muita emoción pral adentro dun home que aprecia todas estas xirigonzas<sup>305</sup>.

Diredes vosoutros queridos leutores: e condo chove e fai vento? ¡Ai! condo chove e venta voume pral “Campo dos ventos” e alí me paso un cacho da tarde, agáchapado detrás dun noiro<sup>306</sup>, ouservando tamén el soprido e silbido que fain el vento e el augua refolgando por entre os robres e os abellanos. Bueno, e con estas panxolías<sup>307</sup> acabo este pequeno parzamique<sup>308</sup>, decíndovos que as noites de lúa, aló pasiando por “As pedras brancas da Tomentosa”, e pra acabar de poñer un espírito atolandrado de melancolía.

Xuanín de Xonte

---

<sup>302</sup> *Enguruñados*: encollidos.

<sup>303</sup> *Gabuñón*: sabañón, inflamación da pel producida polo frío.

<sup>304</sup> *Longuieras*: alongadas.

<sup>305</sup> *Xirigonza*: asunto ou anécdota que, aparentemente, carece de importancia.

<sup>306</sup> *Noiro*: pequena elevación do terreo que soe separar distintas propiedades; valo, ribada.

<sup>307</sup> *Panxoliña*: palabras cariñosas, expresadas con afecto ou sentimento.

<sup>308</sup> *Parzamique*: parrafada, conversa.

## OTERO PEDRAYO

(*El Aldeano*, nº 59. 15 de marzo de 1932)

O amor dos libros pode adoitare moitas formas, desemellantes, paralelas, conxuntas, ás veces nemigas na aparencia, mais todas elas flamas<sup>309</sup> ergueitas no fogar do Espírito inmorrante. Pois o libro de cabeceira dun illado pensador, o compañeiro con quen conversare, con quen discutire, non figura ter moita relaceon co libro debullado con fe polo mozo estudante ou co procurado, como se procura un paisaxe novo, de bosque ou de ría, polo fadigado das xornaleiras angústicas e trafegos a vida. O biblófilo persegue o fermoso códice en cuio albo pergameo, coor de abedoeira<sup>310</sup>, pintou o sabeo e sinxelo pincel dun monxe símbolos de cosmos e das xeiras de alén-cova. Outros homes acollen a predica dun folleto como ras guiadora das aitividades de toda unha vida. Pra outros son os libros ferramenta, ou consolo, ou remordimento, ou evasión. Máis cada folla escrita e lida con hounradeza móvese co mesmo vento do Espírito e alma do mundo.

Eu teño lido moito na aldea. Millor e con máis merado<sup>311</sup> froito que nas grandes bibliotecas ordeadas, onde as tribus de filósofos, puetas, ensaístas, novelistas, locen ca sistemáteca das afinidades eleitivas. Na aldea o paisaxe, as nubens, o madurar maino<sup>312</sup> das colleitas, a sinxeleza interrogadora dos penedos, o louxano correr dos lombos azules das serras, ou o coral cramoroso das ondas acompasan o vivir esperto dos libros e ás veces siñalan a escolma das leuturas. Unha serán de vento autonizo no flamexante fondo do bosque invita a recollerse no andante e no scherzo dos puetas románticos, como a Odisea demanda, e graza levián da Primaveira e o mundo novelesco vive e alenta millor nas noites longas a beira do lar.

Por iso desque soupen fai tempo a eisistencia e a vida da Biblioteca de Castropol, moitas veces téñoa saudado ca maxinaceón, evocando a sorte dos libros que de man en man de labregos, de mariñeiros, de artistas e homes de estudos das vilas, van, sementando, animando, evocando, asegún os casos e os tempos. Castropol foi quen pode dar unha certa leuceón sobre a verdadeira realidade ó que poden ser as terras da Hespaña, onde non hai grandes vilas e nin xiquer fan falla pra criar un superior tipo de vida.

Da mesma maneira que eu son personalmente nemigo de moitas formas da chamada cultura xeneral, teño fé no libro bo, no libro hounrado, que leva a cada fogar de ialma algo millor —mas ergueito— o que lle ofrecere á vida. Grazas a isa admirabile istituceón —os homes que saben guiala non precisan máis eloxios que a concenza da propia xustificaceón— a terra de Castropol, está einguida co vivir do mundo como está xeograficamente dentro da Hespaña verde, europea, de raíz étnica anellada cas millores estirpes criadoras da cultura occidental. Eu maxino a novela de Balzac levando cadros de vida intensa, de paixón de cidade a un lonxano fogar. Ou o mariñeiro, na serán de domingo, acompasando as súas lembranzas ca evocaceón dos libros dos grande viaxeiros de ollos marabillados. Ou un sinxelo libro de botánica que axuda a comprendere o misterio das amadas herbiñas do campo, ou o de xeografía que leva da man pra establecer un aire de familia entre as montañas a que

<sup>309</sup> *Flama*: chama. Fig., inicio de algo.

<sup>310</sup> *Abedoeira*: árbore de folla caduca e madeira branquecina que se usaba tradicionalmente para facer zocos. Bidueira, bido.

<sup>311</sup> *Merar*: este verbo significa propiamente “botar a perder, danar, por causa da mera ou néboa”; non obstante, parece que Otero aquí o utiliza en sentido positivo.

<sup>312</sup> *Maino*: suave, que sucede pouco a pouco, sen présas.

miran os ollos tódolos días e as doutras terras ilustres do mundo. Maxinare o xermolar de preguntas ledas, ansiosas, ás veces angustiosas, provocadas por as páxinas dos filósofos que saben falar, e evocar. Un latexo de vida engadese o vivir poderoso da terra de Castropol, co ise custante viaxar dos libros de man en man, de concenza en concenza.

No mapa das simpatías figura isa terra tinxida cunha nova coor de esperanza, e con todo o curazón mándolle a Bibrioteca de Castropol o saludo admirativo, sincero e leal dun amigo que non serve pra grandes cousas mais garda a capacidade pra sentir as belidas obras feitas baixo o signo da verdadeira cultura redentora.

Ramón Otero Pedrayo  
Director del Instituto de Orense.  
Diputado a Cortes.

## PROSAS GALEGAS

### O ESTUDIANTE EMPOLLÓN

*Por ser siempre de actualidad reproducimos el siguiente artículo del gran escritor gallego, publicado bajo la Dictadura en "El Pueblo Gallego"*<sup>313</sup>.

Si se publicara outra galería dos “Españoles pintados por si mesmos” coma aquela do bo tempo románteco, non faltaría un tipo necesario e agora hastra mandarinesco: o rapaz ou mozo “empollón”.

Non hai outra palabra pra sinalalo. Un acerto do léxico eispresivo dos cráustros — coma aquila de *cate* que substituíu na universidade de Estado do século dazanove o latín macarróneo dos colexiales antergos. O empollón non se pode confundir co rapaz listo —o “chico listo” das certas categorías de D. Xacobo Gil— anque dispoña dunha particular listeza nin moito menos co verdadeiro estudante inda que debulle os libros a cotío. O empollón comenza a vida cun censo de crase médeca, garda os consellos prácticos das tertulias familiares de braseiro, chiculture, pai de zapatillas de funcionareo e nai que alterna na boa sociedade, tradicións de orden e bo parecer, e desexo de entrar aixina nun escalafón proveitoso. O the, o sport, o auto, os viaxes, non amoleceron, polo contrario, en grande parte axudan a iste sentimento do deber da mocidade, prágmateco e dirixido, sin gastar día, a un fin craro e proveitoso.

O rapaz “empollón” non sofre dúbidas, nin crisis do esprito, nin traza esquemas de poemas, nin leva nos ollos o locir vagoroso das vixilias apaixoadas, pois saíndo da fortaleza familiar armado con tódalas armas non perde pé nin deixando o camiño se aventura no bosque inquietante. Hasta administra a súa fisioloxía asegún os dictados dunha prudencia segura. Suprime o bosque da bohemia, da filosofía, da poesía, de ceibe especialidade centífica coma os cas suprimen o ceo en vista que non ten nada comestibre. Disfroita dun agudo senso do límite, e ten resoltos tódolos problemas. Acompasa a súa ambiceón cun ritmo de vello. E isa ambiceón é ben diste mundo: boa notaría, boa consulta, consello de Estado, ministerio. Desacógase en toda relación que no sea de xente ben, pra ó rematar a carreira ser casado por un Bispo dise que no “Blanco e Negro” bendicen amores socialmente escalafónecos con acompañamento de señoras de mantilla restauraceon e cabaleiros condecorados.

Hai rapaces distes que figuran terse destetado ca lei do Timbre ou co Procedimento Contencioso. Ás veces saben cousas de afora sempre serias e útiles. Van á misa, aprecian o ensino do Escorial e de Deusto, máis non perderán istante a cabeza sobre o fondo abismo de Pascal e estranaranse de que a Eirexa teña canonizado a un mal fillo e mal patriota como Francisco de Asís. Nin saben rir, nin chorar. Discreto sorrir de coello e bágoas de enterro de primeira crase. A concencea da propia importancia e do propio destino non admite créteca e ás veces prodúcelles indinación. Lémbrome a frase dun ouvido gabar a obra wagneriana: “Después de todo, Wagner, que ¡significa mucho menos que un Presidente de un Tribunal Supremo!”. Algús son admirables; hainos que remataron as novelas de D. Ricardo León; hainos que estudaron tódalas constitucións españolas.

A peixeira onde colea ritualmente iste locido peixe empollón é naturalmente Madrí, e tódalas cibdades que teiman medir seu tempo polo reló de Gobernaceón. Diñantes

---

<sup>313</sup> Publicárase o 5 de maio de 1929.

deseguida desaparecían na adeministración das dehesas da súa muller, no consello de Estado na carreira xudicial, na avogacía dos pobos de latifundios, nas Empresas mineiras, na adeministración da xente ben. Dempois foi outra cousa e chegaron a encher as follas do xornal oficial. ¿Que pensarán dos compañeiros que atopan na rúa, dos non crasificados, dos eternos estudantes, dos que máis ou menos sintan a presenza do espírito? Eles están seguros de todo un procedemento de eliminación seguido ca axuda da millor estratexia social.

Gracias a Deus hai outra mocidade que sinte tódalas chamadas do espírito e se non deixa guiar polo exempro dos empollones. Na nosa Galiza houbo e hai bos exemprares daquil tipo. Máis xa nace subalterno, e a mocidade galega somentes quer ser guiada polo propio esforzo redentor.

R. Otero Pedrayo

## TEXTOS DE AUTORÍA DESCOÑECIDA OU POUCO CLARA

### EL ALDEANO DE TABES

(*El Aldeano*, nº 56. 30 de xaneiro de 1932)

#### PRAL ALDEANO DA PRAZA e PRAL TÍO PEPE

Meos amigos, teño que darvos un consello, tanto a un coma ó outro. Primeiro dareillo al paisano da vila. Non te metas a falar de divorcio nin doutras cousas da República se ques. ¡Mira que che vai pesar! Xa sabes que en Castripol hai unha chía de Yarias (chámolles eu así ás que non tiveron siquera quen lles pedise un chucho condo eran novas) que te van a volver tolo.

Acordóme condo eu era un rapacín, que había na mía parroquia tres matrimonios separados e había un cura vello mui delicado e perdicaba algúas veces e decía “matrimonio separado, matrimonio condenado”. E esas como non saben el traballo que costa aturar algúas mulleres, parécelles que os homes somos mui ruíos<sup>314</sup>. E non é así, tu ben lo sabes. Condo son novas e tein familia, menos mal, que aunque parten ainda algúas veces son algo cariñosas. Pero desque van envellecendo, nin el demo (¡que eu arrenego!) se entende con elas. Así que eu dígoche que non te ocupes máis deso porque pode darche mal resultado, ben sabes quen son.

Agora voulle decir al tío Pepe, que non me parece mal lo que nos dice del mondongo. Pero eso todos lo sabemos. Debera falarnos algo del deventre<sup>315</sup>, que sou padre ben se acordará condo lo facía súa vola. Dios lle perdone. ¡E ben que lle gustaba condo picaba el pan que lle daba a él os cortellos! El deventre facíase así: sacábaselle el miolo de dúas libras de pan da praza, ou sea del forno das de Marinacia; esfaragullábase ben; batíase unha docena de ovos, dúas culloradas de pingo, dúas cebolas coloradas, perexil e cravo e metíase dentro da vixiga dun cocho. Desde que se amasaba ben coas mans, cocíase ben cocido nun pote. E ¡se viras que bon é! dígoche que consolaba!

Conócese, tío Pepe, que tu ainda non es tío; debes ser un rapacín, porque se non, habíaste acordar desto.

El aldeano de Taves

---

<sup>314</sup> *Ruíos*: plural de “ruín”; malos.

<sup>315</sup> *Deventre*: buchello, estómago do cocho cheo de cebola, pan esfaragullado, perexil, ovo, etc. que se comía polo entroido.

## NAIDE

(*El Aldeano*, nº 4. 30 de novembro de 1929)

### GRITO

Bufaba el vendaval, bufaba tolo,  
azoutaba na terra sin parar,  
aus bosques arrancáballes queixidos  
e al mar espumas e gruñir de cais.

Un chubasco pasara había pouco;  
colgara as súas gotas de cristal  
das ramas, e pingaban sin apuro,  
con esa pausa que congosa dá.

Era nel mes dos mortos: en novembro;  
empuxadas as nubes, con afán  
corrían por el cielo, e sobre el monte,  
nun cacho craro, tras de un peñascal,  
escondíase el sol... tan encollido,  
tan axelado, que houben de gritar:

Sol dos mortos ¡que morto te recolles  
y que friaxe, madécaras<sup>316</sup>, me dás!

NAIDE

---

<sup>316</sup> *Madécaras*: Interx. Como hai Deus, en verdade.

(*El Aldeano*, nº 6. 30 de decembro de 1929)

¡DONDE!

Busquei a Dios; busqueilo por os campos,  
na serra, de montañas como mundos;  
nel chan que morre alá del horizonte;  
nel mar bramando su calado en calma;  
busqueilo hasta nas flores, si quezabes  
lle gustaba vivir aos seus olores;  
busqueilo a laparada<sup>317</sup> del sol viva,  
que rexistra os rincois máis escondidos,  
¡e donde fun toparlo! Pois na noite,  
aus reflexos que baxan das estrelas.  
Alí o vin; rodiado de silencio,  
tal que na igrexa dun respecto fondo;  
nel medio del espacio, entre das sombras,  
con el dedo marcándolles aus astros  
el sou camín, e todos, obedientes,  
baxo el manto de luz, chíus de alborozo,  
como inmenso rebaño de cordeiros,  
botados a rodar, sin tropezarse,  
decindo quiera un Dios que los rexía.  
¡Na noite! Si; na noite e cando el home  
topa mellor a Dios. As sombras queren  
luz; luz qui alume, luz que las aclare.  
¡E calemos a noite das angustias!  
El dolor é gran luz; é luz de luces.

NAIDE

---

<sup>317</sup> *Laparada*: labarada, chama grande.

A VELLA

Nel sequeiro<sup>318</sup>, alindando<sup>319</sup> a súa vaca,  
acaba a vida ou espera a morte;  
entrambas cousas al sou ver iguales,  
unha mesma mellor, qui al fin se encentra  
del camín da vellez e dos traballos.  
¡Os anos e os traballos! Dúas limas  
que roin a carne máis robusta e sana.  
¡E ela fora forte! Revolve, espile<sup>320</sup>,  
fíxolle a terra rebentar de fruto:  
patacas, chichos<sup>321</sup>, meiz e el pan dos ricos,  
¡el pan branco!, que comen ben folgados,  
fillos da sorte, que entre os homes busca  
como escolle el labrego na semilla.

Cumpín a lei, a lei del Paraíso,  
e as xeiras<sup>322</sup> e a vellez, comendo nela,  
un tendal la deixaron de pelellos<sup>323</sup>.  
¡E bendito sea Dios! Agora folga<sup>324</sup>,  
si é folgar estoupar de pesadumbres;  
alinda na vaquía, e esto é todo  
el sou traballo. Mentras paze a vaca,  
pensa nas penas qui acarrex a vida,  
nos fillos, nos netús, nas apreturas  
e en lo que queda das frescotas mozas:  
os ósos, os pelellos e el desgano<sup>325</sup>.

E condo el sol se vai, mira pra os montes:  
alí se esconde, e al meterse sinte  
non sabe que; como algo que la anubra,  
unha tristeza, e correlle a mirada  
pral camposanto. Alí, cabo dos<sup>326</sup> pinos,  
branquéanlle as paredes; sous probes padres  
dormen alí; tamén, dentro de pouco,  
dormirá ela; e en tanto que a luz fuxe,  
sonando as oracióis, recolle a vaca,

---

<sup>318</sup> *Sequeiro*: terreo falto de auga.

<sup>319</sup> *Alindar*: apastar os animais sen que saian dos lindes dunha propiedade.

<sup>320</sup> *Espelir*: moverse con decisión para avivar algo.

<sup>321</sup> *Chicho*: faba grande de cores.

<sup>322</sup> *Xeira*: xornada de traballo.

<sup>323</sup> *Pelello*: pel dos animais. Por extensión, pel das persoas que colga debido á delgadez.

<sup>324</sup> *Folgar*: desfrutar do descanso.

<sup>325</sup> *Desgano*: desánimo.

<sup>326</sup> *Cabo de*: cerca de.

e de volta prá casa, atenta al toque,  
por elos e por si devota reza.

Naide

X.

(*El Aldeano*, nº 15. 15 de maio de 1930)

#### BROMAS EN VERSO

O estanquiño da praza  
Mansión se debe chamar,  
Porque canto alí se fala  
A todos gusta escoitar.

Falan de asuntos do día  
Tratados con discreción  
Se non que lo diga Sofía,  
Don Arturo ou Don Ramón.

“¿Sóupose algo de Madrid,  
sobre o asunto do tren?”  
Eso pregunta Beatriz,  
Que é o que máis lle convén,

“Vou perdendo as esperanzas  
E hasta toda a fe que eu tiña”  
“Non perdas nada Servanda”,  
Dice Esperanza de Viña.

“Dicen que nesta semana  
Ou a máis tardar na que vén,  
Queda todo eso aprobado  
Pra sempre jamás Amén”.

“Dios te oiga”, dice María.  
Que acurrucada na silla  
Lo mesmo atende á que fala  
Que al que lle pide cerillas.

“Eu non descanso hasta que oiga  
O que ofrecen Don Ramón:  
Os seis tiros de escopeta  
Tirados desde o balcón.

X.

## ÍNDICE DE TEXTOS

Castropol:

**Ramón García González:**

Co pseudónimo **ORMAN:**

- *Al amor de la lumbre.*
- *Nel rego.*
- *Una visita.*

Co pseudónimo **FARRUCO:**

- *¡Pensen!*
- *¡Coraxudos!*
- *A silla.*
- *¿Queren?*
- *El primeiro*
- *¡Non revolvan!*
- *¡Negra envidia!*
- *Recuerdos*
- *¡Quen pasa!*
- *Entre vecías*
- *Aleluia*
- *Unha pregunta*
- *¡Que fin!*
- *Á memoria de Menéndez Pelayo*
- *A Silvallá*
- *Un orador novo*
- *El vello*
- *Un voto.*
- *As cartas.*
- *Un dito.*
- *Hacendistas.*
- *Moro.*
- *Destas, cento.*
- *A pulga.*
- *Por difuntos.*
- *¡Mirándola!*
- *Dúas edades.*
- *Os dous avolos.*
- *A morcilla.*
- *A compota.*
- *Os dous anos.*
- *Bon ano.*
- *¡Poder de vicio!*
- *Perderás.*
- *Un sono.*
- *Boa intención.*
- *Augurio.*
- *Na primavera.*
- *¡Pum!*

- *Baila.*
- *Como ayer.*

Co pseudónimo **F.**

- *El trasno.*

**Conrado Villar Loza:**

Co pseudónimo **Hipólito**

- *Quen é aquel... adivíelo.*

Co pseudónimo **Pepe de Mingo.**

- *Non topou nin topa ovos.*

Como **Condado Villar / Pepe de Mingo**

- *Lonxe de aquí.*

**Claudio Luanco:**

- *Tarde piache, Benitín*

**José Antonio Pérez:**

- *Recordos.*

**Marcelino Vior:**

- *Al noso Don José Ramón.*

**De autoría descoñecida ou pouco clara:**

Co pseudónimo **Cantaclaro:**

- *Cousas de mulleres.*

Co pseudónimo **T.**

- *Chis!*
- *Xa saben.*
- *Aleluia.*

**Anónimos:**

- *Neste concello da serra.*
- *De caza*

*El aldeano:*

**Franco Vior** (atribuídos):

- *Aldeanadas*
- *Aldeanadas (continuación).*
- *Aldeanadas.*

**Alejandro Sela, “El tío Pepe”:**

- *Os santurrois.*
- *El antroido.*
- *Cousas del tempo.*
- *Os caleiros de Vilavedelle.*
- *Cuento.*

- *El mondongo.*
- *¿Como se lle ha poñer al neno?*
- *Por esos esfollois.*

**Pedro Penzol:**

- *In memoriam (Victoriano García de Paredes).*

**María Ramona Penzol:**

Co pseudónimo **El aldeano da praza.**

- *Cuentíus.*
- *Cuentíus.*
- *Cuentíus.*

**Ramón Martínez:**

Co pseudónimo **Xuanín de Xonte:**

- *El libro na aldea.*
- *El outono.*

**Ramón Otero Pedrayo:**

- *O amor dos libros...*
- *Prosas galegas: O estudante empollón.*

**De autoría descoñecida ou pouco clara:**

Co pseudónimo **El aldeano de Tabes:**

- *Pral aldeano da praza e pral Tío Pepe.*

Co pseudónimo **NAIDE:**

- *Grito.*
- *¡Donde!*
- *A vella.*

Coa inicial **X.:**

- *Bromas en verso.*

GALICIA E O GALEGO NA PRENSA DE CASTROPOL ANTERIOR A 1936

- INTRODUCCIÓN
- *CASTROPOL* (1905-1925)
  - O xornal. Datos xerais.
  - Sobre Galicia e a lingua galega: estraña calma.
  - En galego.
  - Autores:
    - Ramón García González.
    - Conrado Villar Loza, “Pepe de Mingo”.
    - Claudio Luanco.
    - José Antonio Pérez.
    - Autoría descoñecida ou pouco clara.
  - Características da lingua.
  - A nosa transcripción dos textos.
  - Textos.
- *EL ALDEANO* (1929-1933).
  - O xornal. Datos xerais.
  - Sobre Galicia e o galego.
  - En galego.
  - Autores.
    - Francisco F. Prieto (Franco Vior).
    - Alejandro Sela, “El tío Pepe”.
    - Pedro Penzol.
    - María Ramona Penzol.
    - Ramón Martínez.
    - Otero Pedrayo.
    - Autoría descoñecida ou pouco clara.
  - A lingua.
  - Textos.
- Índice de textos.
- Índice xeral.